

Nº 175-176 • 20 €
Xullo 2016-Xuño 2017

**TERRA
E
TEMPO**

Revista galega de
pensamento nacionalista

Ronaldo Carmona
Belén Castellanos Rodríguez
Rubén Cela Díaz
Duarte Correa Piñeiro
Xosé Ramón Ermida Meilán
Xoán Carlos Garrido Couceiro
Néstor Rego Candamil
Manuel Rei Romeu
Francisco Sampedro
Megan Trudell



A Revolución Soviética e a cuestión nacional

1917-2017

COMERCIO E HOSTALERÍA
DE CARBALLO

a un paso!



Oficina de Promoción Económica e Emprego

CARBALLO A UN PASO
COSTA DA MORTE



**Carballo
Compromiso
Calidade**



DEPUTACIÓN DA CORUÑA, COMPROMETIDA COA NOSA LINGUA

Financiamos máis de 50 servizos de normalización lingüística nos concellos da provincia

Reforzamos na Rede Cultural o apoio á programación artística en lingua galega

Desenvolvemos programacións como Coa lingua fóra ou Cousas de Castelao

Participamos, xunto coa Mesa pola Normalización Lingüística, no proxecto europeo TOSTA de linguas minorizadas

Aprobamos a Ordenanza de Usos da Lingua Galega

Introducimos criterios lingüísticos nas liñas de apoio a concellos e entidades

Convocamos os premios Rosalía de Castro ás mellores iniciativas sociais normalizadoras

Creamos o concurso musical Quero Cantar, único infantil e xuvenil en galego





Na memoria de Bautista Álvarez

Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º
15703 - Compostela - Galiza
Teléfono 981 57 02 65
fundacion@terraetempo.gal
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Documentación gráfica

Xoán Carlos Garrido

Texto de contraportada

Millán Picouto

Cadro de contraportada

Perfecto A. Estévez

Corrección lingüística

Robert Neal Baxter

Deseño da cabeceira

Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación

Diego Núñez

Fecha de edición

25 de outubro de 2017

Tiraxe: 1 000 exemplares

Impreso na Galiza



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)

Alberte Mera García (Secretario)

Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)

Xosé Manuel Casal Sabín

Rubén Cela Díaz

Xoán Xosé Costa Casas

Marta Dacosta Alonso

María do Carme García Negro

María Pilar García Negro

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Montserrat Nóvoa Gómez

Mónica Pazos Martínez

Néstor Rego Candamil

Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. M.^a do Carme García Negro
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. M.^a Pilar García Negro
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Robert Neal Baxter
(Universidade de Vigo)

Prof. Dou. M.^a Antonia Pérez Rodríguez
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez
(I.E.S. Canido)

Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira
(Universidade da Coruña)

Prof. Bernardo Valdés Paços
(Universidade de Santiago de Compostela)

Presentación

A Revolución de Outubro, o socialismo e a liberdade dos povos

A Fundación Terra e Tempo quere estar presente no ano en que conmemoramos o centenario da revolución rusa cun número da súa revista dedicado a un feito transcendental na historia contemporánea. A revolución de 1917 supón o primeiro intento da humanidade de construír unha sociedade nova e sen explotación.

Nun ano en que son múltiples as publicacións en todo o mundo relacionadas co centenario de 1917, a revista *Terra e Tempo* ofrece aos seus lectores e ás súas lectoras un volume que aborda a revolución de outubro desde un punto de vista propio dunha nación sometida que loita pola súa soberanía. O eixo central deste volume é o feito nacional como un dos elementos fundamentais de todo proceso revolucionario, feito nacional a que Lenin dedicou moito tempo de estudo, consciente de que, na etapa imperialista do capitalismo, o tratamento axeitado das cuestións nacional e colonial eran fundamentais para a construción do socialismo.

Integran o volume artigos referidos á análise da cuestión nacional por parte de Marx e Lenin, outros que estudan a teorización do feito

nacional por parte de dirixentes do nacionalismo galego e as influencias que sobre eles tiveron o marxismo e a teoría de Lenin a respecto do dereito de autodeterminación. Finalmente, inclúense un traballo que nos descubre o papel protagonista das mulleres na revolución rusa, e outros referidos aos movementos de liberación nacional e partidos comunistas do chamado 'Terceiro Mundo' que, a partir da segunda década do século xx, son quen de conxugar maxistralmente marxismo e nacionalismo na loita anticolonial e nas distintas experiencias que se propoñen como obxectivo construír o socialismo.

As lecturas acartonadas do marxismo, sabendo que o propio Marx incluíra moitas referencias á cuestión nacional non sistematizadas e por veces contraditorias, levaron sobre todo en Europa a unha desvalorización da súa importancia como un dos eixos centrais na loita polo socialismo. Con este volume, buscamos deitar luz tanto a quen poida ter interese en coñecer un elemento pouco estudado da teoría marxista e leninista, como a aqueles militantes comprometidos e comprometidas na loita pola liberación nacional e social do noso povo.

Duarte Correa Piñeiro
Coordinador deste monográfico

A Revolución Soviética e a cuestión nacional

Sumario

- 6 Duarte Correa Piñeiro**
As ensinanzas da revolución rusa cen anos despois de 1917
- 14 Rubén Cela Díaz**
Nación: a materia pendente do marxismo
- 24 Francisco Sampedro**
Lenin: 1914. A creba da II Internacional e a liberación das nacións oprimidas
- 32 Megan Trudell**
As mulleres de 1917. As mulleres foron o motor para o avance da Revolución rusa
- 44 Manuel Rei Romeu**
Castelao e a revolución soviética. Vangarda política e vangarda artística: do povo á nación
- 56 Xosé Ramón Ermida Meilán**
Ramón Suárez Picallo. Un precursor do marxismo galego
- 64 Belén Castellanos Rodríguez**
Catro preguntas sobre autodeterminación, leninismo e revolución
- 70 Ronaldo Carmona**
Marxismo e Questão Nacional: uma visão latino-americana
- 78 Xoán Carlos Garrido Couceiro**
Leninismo e movementos de liberación nacional da segunda metade do século XX
- 88 Néstor Rego Candamil**
1964, a fásca que acendeu a chama da nosa liberdade



DUARTE CORREA PIÑEIRO

Profesor de Historia e analista internacional

► VI Lenin dá un discurso ante os rexementos de Vsevoluch na Praza Vermella. Moscova, 25 de maio de 1919

As ensinanzas da revolución rusa cen anos despois de 1917

Resumo

A Revolución Rusa que fai cen anos abriu unha nova etapa na loita da clase traballadora e dos povos pola súa liberdade, sendo a análise concreta da Rusia tsarista de 1917 a que leva Lenin a considerar as reivindicacións dun campesiñado que era a inmensa maioría da poboación, a fin da primeira guerra mundial e a defensa do dereito de autodeterminación, xunto coa aposta por unha práctica revolucionaria fronte ás propostas reformistas, os catro eixos básicos da acción dos bolxeviques no seu camiño cara á construción do socialismo.

Será a Revolución de 1917 a que favoreza a eclosión das loitas de liberación nacional e doutros procesos revolucionarios en que a chamada cuestión nacional e o patriotismo son fundamentais.

Palabras chave: Lenin, Rusia, nación, revolución, socialismo, marxismo.

Abstract

This year marks the 100th anniversary of the Russian Revolution which ushered in a new phase in the struggle of the working class and the peoples for their freedom, underpinned by a concrete analysis of czarist Russia in 1917 which led Lenin to take into consideration the demands of the peasantry which accounted for the vast majority of the population at the time, the end of the First World War and the defence of the right to self-determination whilst adopting a revolutionary praxis opposed to reformist proposals, viz. the four basic pillars of the action undertaken by the Bolsheviks on the path towards the construction of Socialism.

It was the Revolution of 1917 that led to the emergence of national liberation struggles and other revolutionary processes where the so-called national question and patriotism were of key importance.

Keywords: Lenin, Russia, nation, revolution, Socialism, Marxism.



Nun artigo conmemorativo dos 70 anos da revolución de Outubro publicado en *Terra e Tempo* sinalábase:

A loita pola Liberación Nacional travou-se durante séculos, mais foi apenas coa Revolución de Outubro que se proclamou o dereito das nacións a seren libres e dispor de si propias, propiciando así os movementos de liberación nacional que se estenderon a todo o mundo.¹

Trinta anos despois da publicación dese texto, unha parte do chamado «bloque socialista» desapareceu, e son moitos quen negan a vixencia dos principios enarborados por Lenin e os bolxeviques e a importancia histórica da Revolución Rusa, e non poucos deses que se dedican entusiasticamente a atacala eran hai trinta anos os máis entusiastas propagandistas e seguidores acrícticos de toda opinión e directriz que chegara da Unión Soviética.

¹ «A Grande Revolución de Outubro, 70 anos dempois...», en Revista *Terra e Tempo*, núm. 101, (decembro de 1987), 12.

Neste ano, en que conmemoramos o centenario da Revolución Rusa de 1917, quen nunca fomos confesionais de ortodoxias importadas e tentamos na nosa práctica militante aplicar as ferramentas do marxismo e do leninismo na análise concreta da realidade concreta, consideramos que o proceso revolucionario de 1917 (febreiro e outubro) foi unha demostración maxistral da aplicación creativa dos principios do Materialismo Histórico e da Dialéctica á realidade concreta do imperio ruso a inicios do século xx. De ter asumido Lenin e os bolxeviques o marxismo como dogma ou verdade rebelada, a revolución tería rematado moi probablemente coa implantación dun goberno liberal semellante aos existentes na época noutros países europeos, pois as condicións que se daban en Rusia en 1917 estaban moi lonxe do que dicía o manual.

O marco histórico

Podemos considerar a Revolución Rusa un grande salto cara adiante na historia, dado que os acontecementos producidos nun imperio, que mantiña aínda unha estrutura social e económica propia



Lenin en 1918

do antigo réxime, racharon todos os esquemas de onde e como tiña que producirse o proceso revolucionario que, recollendo a bandeira dos heroes e das heroínas da Comuna de París, implantara o socialismo.

A Rusia Tsarista tiña unha economía atrasada de base agraria, estaba entrando no capitalismo pero moi lentamente, pois o proceso de industrialización producíase fundamentalmente ao esforzo do propio estado, sufragándoo ademais con capital foráneo ao contar cunha escasa burguesía que apenas tiña iniciativa. O proletariado, se ben era numeroso en cidades como Petrogrado e Moscova, sumaba pouco máis de 9 millóns de persoas dunha poboación en todo o imperio de 125 millóns segundo o censo de 1897. E as organizacións chamadas a dirixir unha revolución non pasaban de ser grupos de «conspiradores», xuntando escasos milleiros de membros si as sumamos todas. Eran organizacións ilegais e a meirande parte dos seus dirixentes estaban no exilio, na cadea ou desterrados en Siberia.

Pero a falida revolución de 1905 xa dera un aviso, pese a ser afogada brutalmente pola policía política

tsarista e por un exército en que naquel momento as protestas eran illadas aínda que pasara á historia a revolta dos mariñeiros do acoirazado Potemkin. Sería a participación na Primeira Guerra Mundial a que desbordara o aguante das masas campesiñas da inmensa Rusia rural e do proletariado dos centros urbanos, dado que as penalidades da súa existencia cotiá se multiplicaron. A vida debía organizarse en función das necesidades da fronte de guerra, agravándose a situación de miseria do pobo, e Rusia na guerra tiña cuantiosas perdas fronte a Alemaña con millóns de mortos e feridos. Isto aumentou o malestar existente e ás protestas na retagarda pola suba de prezos uníronse as desercións:

(...) a explosão era esperada, embora ninguém pudes- se prever o momento e ocasião da detonação. Poucas semanas antes da revolução de Fevereiro, Lenine ainda se perguntava, no seu exílio suízo, se viveria para a ver (...).²

² HOBBSBAWM, E. (1998): *A Era dos Extremos. História breve do século XX*. Lisboa: Editorial Presença, 68.



Monumento aos traballadores. Moscova. Chamado formalmente «Obreiro e kolkhosiana», foi realizado en aceiro pola escultora Vera Múkhina, e concebido orixinariamente coma a peza central do pavillón soviético na Exposición Internacional de París de 1937.

«Podemos considerar a Revolución Rusa un grande salto cara adiante na historia, dado que os acontecementos producidos racharon todos os esquemas de onde e como tiña que producirse o proceso revolucionario»

O 23 Febreiro (8 de marzo no noso calendario) abriu a porta, coas protestas nas colas do pan, a folga das mulleres das fábricas de tecidos de Petrogrado, seguida dunha folga xeral, a organización de novos soviets dando continuidade aos de 1905, a chegada de Lenin desde Suíza nun tren posto á súa disposición polos alemáns (que buscaban ao facilitaren a volta dos revolucionarios dirixidos por Lenin crear problemas ao Tsar que puidesen apartar Rusia da Primeira Guerra Mundial), as Teses de Abril e a consigna «Paz, Terra e todo o Poder aos Soviets...», e 25 de outubro (7 de novembro no noso calendario) os e as bolxeviques inician o proceso para crear un estado que se marcará como obxectivo a construción do socialismo.

A Situación na II Internacional

Os anos anteriores á Revolución Rusa foron de grande debate e toma de posicións na organización internacional que agrupaba os partidos e sindicatos que loitaban polo socialismo. O que estaba enriba da mesa era se o camiño debía ser o das reformas

ou o da revolución. Teoricamente, a II Internacional, despois da ruptura entre socialistas e anarquistas, era forte e estaba unificada en base aos seus obxectivos programáticos. No Congreso celebrado en Basilea en 1912 foi unánime o rexeitamento a unha posíbel guerra e o chamamento: «(...) aos traballadores de todos os países a opoñer o poder da solidariedade internacional do proletariado ao imperialismo capitalista(...)»³. Pero esa declaración unánime e a fraseoloxía radical empregada polos partidos máis importantes, pertencentes aos países máis industrializados de Europa, non correspondían coa práctica diaria.

Dous anos escasos despois, en agosto de 1914, demóstrase que ese criterio unánime fronte á guerra era falso: socialistas alemáns e franceses aproban nos seus respectivos parlamentos a declaración de guerra e os créditos precisos. Esta decisión é parte dun proceso polo que, pouco a pouco, nos países en que existía unha democracia

³ FONTANA, J. (2017): *El siglo de la Revolución. Una historia del mundo desde 1914*. Barcelona: Editorial Crítica, 58.

«Lenin foi quen de converter en elementos centrais da acción e do programa bolxevique a necesidade de rematar coa guerra, as necesidades do campesiñado e o dereito das nacións á súa autodeterminación»

liberal, os grandes partidos socialistas eran cada vez máis partidarios do reformismo, caendo así na trampa dos gobernos conservadores europeos que, xa desde a Alemaña de Bismarck, practicaban «(...) o reformismo do medo, adoptando medidas favorábeis á clase obreira co fin de impedir que o descontento a empuxe cara a revolución(...)»⁴. Deste xeito, a burguesía rematou por integrar no sistema político uns partidos que se moderaron cada vez máis, rematando por considerar a acción parlamentar como o seu cometido fundamental, e practicando unha política reformista que os levaba cara á conciliación de clases e os afastaba cada vez máis da revolución e do hipotético obxectivo socialista⁵.

Esta dinámica rexeitana os partidos que defenden unha práctica revolucionaria e contrarios á colaboración de clases como o ruso, e tamén sectores revolucionarios que son minoritarios dentro dos seus propios partidos pero que, conforme avanza a Primeira Guerra mundial e se van coñecendo os seus devastadores efectos, conseguen maior apoio e crear un forte movemento anti-guerra, sendo moitos deles base para a creación posterior dos Partidos Comunistas. Na Conferencia de Zimmerwald en 1915 xa se fala da necesidade dunha Terceira Internacional.⁶

4 Ibidem, 57

5 Sáese desa liña reformista o PSD da Finlandia (pertencente ao Imperio Ruso, pero cun funcionamento autónomo homologábel ao das democracias liberais da época) que, conforme pasa o tempo e medra, vai mudando e radicalizándose o seu posicionamento.

6 RODRÍGUEZ ARAÚJO, O. (2006): *Esquerdas e esquerdismo*. Porto: Editorial Campo das Letras, 94-95.

Leccións da Revolución

A revolucións fainas o povo, pero ningunha revolución xurde por xeración espontánea. Teñen que darse unhas condicións determinadas e precísase sempre un destacamento dirixente que, sen substituír o povo, sexa quen de exercer de vangarda. Na Revolución Rusa, serán os diversos estalidos previos entre os que destaca a revolución falida de 1905 os que favorezan a revolución de febreiro de 1917 e sen febreiro non se tería chegado ao vitorioso outubro de 1917. Pero para chegar até aí foi crucial a capacidade de Lenin para comprender que:

(...) a subxectividade revolucionaria que logo abandonaría a tradición marxista xa estaba non só nos Manuscritos do xoven Marx, senón que resulta inerente á propia praxe teórica dos seus fundadores (...).⁷

Queremos dicir con isto que Lenin era consciente de que as condicións obxectivas e subxectivas manteñen unha relación dialéctica. El sabía que na Rusia de 1917 as condicións obxectivas iniciais non eran as que se supoñía que se debían dar nun estado que estivese ás portas dunha revolución: Rusia era un vasto imperio integrado por preto de 150 povos e nacións, cunha inmensa maioría de campesiñado pobre e escasa industrialización. Pero, froito do seu estudo sobre a evolución histórica, sobre a estrutura de clases, sobre a variedade de povos existentes no Imperio tsarista... Lenin foi quen de converter en elementos centrais da acción e do programa bolxevique a necesidade de rematar

7 GARRIDO COUCEIRO, X. C. (1996): «O Anti-Dühring e o Materialismo Dialéctico», en *Revista Terra e Tempo* núm. 3, 2.ª época, 21.



VI Lenin no desfile das tropas Vsevobuch. Moscova, 25 de maio de 1919

coa guerra, as necesidades do campesiñado e o dereito das nacións á súa autodeterminación.

A Revolución Rusa, en concreto Outubro, serviu de inspiración e guía para moitos movementos revolucionarios posteriores, pero ao longo do século xx:

(...) atopamos abondosos exemplos de como a non comprensión da realidade levou a actuacións con consecuencias contrárias aos obxectivos desexados (...) o caso máis paradigmático, as fotocópias da Revolución Rusa que se espallaron en toda Europa a partir de 1917 (...).⁸

A meirande parte deses procesos revolucionarios foron derrotados ou dexeneraron, afastándose dos seus obxectivos iniciais.

A Unión Soviética vai haber 26 anos que desapareceu, e outros estados que se marcaban como obxectivo construír o socialismo tamén⁹. Está claro

⁸ Ibidem, 22.

⁹ Sobre a caída da URSS e do chamado Bloque Socialista poden consultarse os documentos aprobados no VII e no VIII Congresos da UPC, 1991 e 1994 respectivamente.

que o inimigo actuou para derrubar esas experiencias, iso debemos telo sempre en conta, pero, sendo autocríticos, debemos asumir que se non houbo unha grande resistencia por parte do pobo fronte á restauración do capitalismo, debeuse a que o burocratismo, o control e a enorme distancia existente entre a teoría e a práctica diaria substituíron o debate e a participación das masas na construción do socialismo. E na maioría das chamadas democracias populares o fracaso debeuse á tentativa de querer trasladar de xeito anti-dialéctico propostas, tácticas e métodos de actuación dunha realidade a outra que non tiña nada a ver, empregando o marxismo e o leninismo como un receitario de fórmulas maxistras e non como un instrumento de análise para a acción.

Mais esas derrotas, sendo moi duras, foron só parciais; os principios polos cales se mobilizaron en 1917 seguen sendo actuais e permitiron conquistas para a humanidade que hoxe aínda desfrutamos pese aos intentos por arrebatárnolas.

E quen militamos nun partido que se define como comunista patriótico debemos estar

«Aqueles estados que proclaman que están construíndo o socialismo, con todas as contradicións e con todas as críticas que poidamos facerlles, teñen a cuestión nacional, o patriotismo e a defensa da soberanía como unha das súas principais bandeiras»

orgullosos e orgullosas da nosa traxectoria pois, se nos paramos a analizar as vicisitudes da loita dos povos e das clases traballadoras a partir de 1917, foron e son fundamentalmente os partidos considerados heterodoxos como o noso os que conseguiron enraizarse no povo e facer avanzar os seus procesos de liberación. Partidos capaces de analizaren a súa propia estrutura de clases e actuaren en base á mesma, sendo a compoñente nacional básica en todos eles, pois:


(...) a actualización do marxismo, aplicado á realidade do capitalismo imperialista ou global, conclúe que nacionalismo e patriotismo son completamente compatíbeis co socialismo, ou mellor gardan, en moitos contextos unha relación dialéctica de necesidade (...).¹⁰

Hoxe mesmo, aqueles estados que proclaman que están construíndo o socialismo, con todas as contradicións e con todas as críticas que poidamos facerlles, todos sen excepción teñen a cuestión nacional, o patriotismo e a defensa da soberanía como unha das súas principais bandeiras. E non acontece unicamente nos procesos que se marcan como obxectivo o socialismo; nesta etapa coñecida como da globalización en que nos atopamos tamén procesos políticos non revolucionarios, pero que podemos considerar aliados polo seu posicionamento progresista e anti-imperialista, teñen a defensa da soberanía nacional como principio. ●

Bibliografía

- BLAC, E. (07/06/2017) *A revolução na Finlândia*. Fundação Grabois [en liña]. Disponível en: <http://www.grabois.com.br/portal/especiais/153622-44737/2017-06-07/a-revolucao-na-finlandia>.
- CASTRO, M. (2016): «A revolução bolchevique e a cuestión nacional», en *Bolcheviques*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- FONTANA, J. (2017): *El siglo de la Revolución. Una historia del mundo desde 1914*. Barcelona: Editorial Crítica.
- GARRIDO COUCEIRO, X. C. (1996): «O Anti-Dühring e o Materialismo Dialéctico», en *Terra e Tempo* núm. 3, 2.^a época.
- HOBBSAWM, E. (1998): *A Era dos Extremos. História breve do século XX*. Lisboa: Editorial Presença.
- LEWIN, M. (2004): *O século soviético*. Lisboa: Campo da Comunicação.
- RODRÍGUEZ ARAUJO, O. (2006): *Esquerdas e esquerdismo*. Porto: Editorial Campo das Letras.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (xullo-décembro de 2014): «É Galiza unha nación?», en *Terra e Tempo* núm. 171.
- S. A. (décembro de 1987): «A Grande Revolución de Outubro, 70 anos dempois...», en *Terra e Tempo* núm. 101.
- VV. AA. (2017): «Cien años de la Revolución Bolchevique». en *Paradigmas y Utopías* núm. 12, Cidade de México.
- VILAR, P. (2017): *Iniciación al vocabulario del análisis histórico*. Barcelona: Editorial Crítica.

¹⁰ RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (xullo-décembro de 2014): «É Galiza unha nación?», en *Revista Terra e Tempo* núm. 171, 65.



A autoridade suprema da República Soviética russa. Conselho de Comissarios do Povo (Sovnarkom), 1918



RUBÉN CELA DÍAZ

Economista

► Monumento a Marx en Chemnitz erixido en 1971. Realizado por Lev Kerbel é o busto máis grande do mundo. Despois da caída do socialismo nos países do Leste quíxose retiralo numerosas veces, mais a poboación local logrou impedilo até a data.

Nación: a materia pendente do marxismo

Resumo

Este artigo ofrece unha visión alternativa á maioría de estudosas e estudosos do marxismo a respecto da posición de Marx sobre as nacións e o nacionalismo. Parte de que o pensamento de Marx non foi estático, senón que, ao longo da súa vida e obra, evolucionou notabelmente. Analízase sucintamente como se concretou esa evolución e, a partir das súas últimas consideracións sobre o tema, desenvólvense cinco principios que todo movemento marxista contemporáneo debería ter presentes a respecto do dereito de autodeterminación dos povos e o seu exercicio práctico.

Palabras chave: Marx, marxismo, Engels, nación, nacionalismo, autodeterminación.

Abstract

This article provides an alternative vision to that espoused by the majority of specialists in Marxism regarding Marx's stance on nations and nationalism. It takes as its basis the fact that Marx's position was not static, altering considerably throughout his lifetime and his works, briefly discussing what this evolution involved. By way of a conclusion, based on Marx's final position on the question, the author lists five principles which any latter-day Marxist movement should adhere to regarding the right of peoples to self-determination and to exercise that right in practice.

Keywords: Marx, Marxism, Engels, nation, nationalism, self-determination



Existen múltiples referencias á cuestión nacional na obra de Marx e Engels, mais non están sistematizadas. Podemos extraer unha teoría implícita do estudo da súa obra, mais non existe un desenvolvemento individualizado nin exhaustivo do tema. Nese sentido, non podemos falar, como tal, dunha teoría marxista da nación porque, salvo honrosas excepcións, o estudo da nación, na historia do pensamento marxista, foi secundario e tanxencial. Marxistas de diferentes tempos e latitudes teorizaron sobre a cuestión nacional. Porén, o feito de que existen importantes contribucións ao respecto –a comezar pola do propio Marx– non quita que a cuestión nacional sexa unha das grandes materias pendentes do marxismo.

Reler Marx. A necesaria contextualización do seu pensamento

Analizar o pensamento de Marx en torno á cuestión nacional sen contextualizar, nin co seu tempo histórico, nin coa súa propia evolución persoal, intelectual e ideolóxica, ademais dun erro analítico, é algo fundamentalmente antimarxista. Por desgraza, non é esta a excepción, senón a norma.

Unha das grandes achegas do marxismo é o seu método de análise da realidade. Nada máis contrario a este son esquemas atemporais que non teñan en conta as relacións dialécticas na análise das relacións económicas e os procesos políticos e sociais. Nese sentido, é curioso que a maioría das persoas que estudaron o pensamento de Marx eluden a evolución do seu pensamento a respecto das nacións e os seus dereitos e dan o mesmo valor aos seus primeiros escritos que aos últimos, cando non omiten a súa existencia directamente.

Unha lectura simplista e esquemática da obra de Marx, o recitado acrítico de pasaxes da súa obra e a descontextualización da mesma, provocaron un grave dano ao marxismo como referencia ideolóxica, defensora da liberdade e do progreso social. Ese tipo de visións dogmáticas e esquemáticas levou a que moitas persoas que entregaron as súas vidas á nobre causa de loitar pola construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria se ignoran ou relegan a un segundo plano unha das maiores inxustizas e desigualdades do noso tempo: a opresión nacional.



Friedrich Engels, nado en Barmen (Prusia) o 28 de novembro de 1820 e finado en Londres o 5 de agosto de 1895, foi un economista e pensador alemán, principal colaborador e coautor da maioría das obras de Karl Marx.


A realidade é que o pensamento de Marx a respecto da cuestión nacional non foi estático, senón que evolucionou co tempo. Se ben é certo que Marx e Engels atravesaron unha etapa inicial de *case apoloxía* do expansionismo colonial, posteriormente adoptaron unha posición clara a favor da loita anticolonial. Igualmente, diferentes loitas de emancipación nacional que, nun primeiro momento, foron ignoradas, miradas con distancia ou mesmo cuestionadas por Marx e Engels, acabaron sendo defendidas con entusiasmo como parte da loita revolucionaria.

O primeiro que hai que ter presente é que, no pensamento de Marx, o carácter da nación estaba intimamente relacionado co carácter da clase gobernante. Tampouco é un elemento menor á hora de analizar os seus primeiros escritos, pois, tanto Marx como Engels (ao igual que a práctica totalidade dos seus coetáneos) partían da superioridade da civilización europea. Para eles, Europa era a vangarda da humanidade e, polo tanto, o proletariado europeo era a «vangarda da vangarda». Así mesmo, amosáronse moi entusiastas das amplas unidades políticas, ao entenderen que os pequenos Estados eran un obstáculo no camiño cara ao progreso. Confiaban en que as nacións máis grandes e máis avanzadas, en especial Inglaterra, instaurarían o socialismo e despois emanciparían politicamente as nacións máis pequenas e atrasadas e conduciríanas polo camiño do progreso económico e social. Así mesmo, Marx e Engels defendían a primacía da clase obreira sobre calquera outra categoría histórica. Consideraban a nación coma unha categoría transitoria que correspondía coa necesidade do desenvolvemento do capitalismo. Nesta primeira

etapa, Marx acepta a nación como unha entidade histórica substancial, mais subordina o dereito de autodeterminación á loita de clases e mantén unha posición eminentemente taticista a respecto da cuestión nacional. Apoiarían ou non movementos de liberación nacional na medida en que, desde o seu punto de vista, podían retrasar ou acelerar o proceso revolucionario nese país e o avance global da humanidade cara á democracia e o socialismo.

Así, por exemplo, en 1848 Engels defendeu a anexión da metade de México polos Estados Unidos. Nese mesmo ano, Marx mantiña unha opinión desfavorábel á liberdade de Alxeria, por entender que a dominación francesa desa nación era un paso preciso para rachar cos vellos moldes da economía alxeriana. En diferentes escritos desa época, plasmou tamén a desconfianza e menosprezo que lle merecían as nacións eslavas. No transcurso da crise de 1848, Marx manifestouse en contra do movemento dos checos e dos croatas, porque entendía que este movemento podía ser manipulado por Rusia. En 1853, expresou a súa convicción de que a colonización inglesa da India, a pesar de ser

«En 1870, Marx xa acreditaba en que non habería ningunha liberación nas metrópoles se non a había antes nas colonias, o que supuña unha evolución moi considerábel do seu pensamento a respecto da etapa anterior»



Karl Heinrich Marx, nado en Tréveris o 5 de maio de 1818 e falecido en Londres o 14 de marzo de 1883, foi un filósofo, economista, politicólogo, sociólogo, xornalista e socialista revolucionario prusiano.

«porca», tiña carácter «revolucionario», ao sacala do seu letargo secular e levala a «participar na historia contemporánea» porque, naquela altura, pensaba que o capitalismo británico realizaría unha función útil na India, ao sacar ese país do conservadorismo e dun atraso secular a través do impulso capitalista que lle permitiría superar o feudalismo.

En definitiva, nesta primeira etapa, Marx basicamente apoiaba aqueles procesos de liberación nacional que se deran nun «momento oportuno» para os intereses globais da loita polo socialismo, que foran contra os grandes baluartes da contrarrevolución a nivel mundial e que tivesen un tamaño mínimo e unha base social burguesa, obreira ou labrega que garantise a viabilidade dun novo estado industrial que puidese loitar polo socialismo.

Con todo, a pesar de que, naquela altura, se avalían os movementos nacionalistas en función dos intereses tácticos e estratéxicos da causa do socialismo a nivel internacional, o que non farían nunca nin Marx nin Engels é atacar a existencia das nacións como tales, xa que as entendían como necesarias e desexábeis.

Anos despois, tanto Marx como Engels, rectificaron e, intelectualmente, superaron esa primeira fase do seu pensamento a respecto da cuestión nacional defendendo, por exemplo, o dereito á independencia de Alxeria, Hungría ou Polonia (fundamentalmente, porque entendían que iso debilitaba o zarismo). En 1853, Marx e Engels xa recoñecían que os serbios e outros eslavos do sul podían eventualmente constituír unha nación válida e significativa. Valoraron positivamente o levantamento de 1857 na India, que Marx analizou como unha revolta en termos positivos para a causa global da loita democrática, anticapitalista e socialista no mundo. Parecido criterio mantiveron con respecto á guerra de liberación de Persia contra a dominación semicolonial británica. En 1870, Marx xa acreditaba en que non habería ningunha liberación nas metrópoles se non a había antes nas colonias, o que supuña unha evolución moi considerábel do seu pensamento a respecto da etapa anterior.

O caso paradigmático de Irlanda

Mais, sen lugar a dúbidas, se houbo un caso en que a viraxe ideolóxica de Marx e Engels foi evidente foi o de Irlanda. De feito, foi posibelmente, un dos que mellor coñecían e o que máis influiría na súa evolución ideolóxica ao respecto da cuestión nacional.

Nos anos corenta, Marx, a pesar de sempre admirar o povo irlandés pola súa resistencia e heroísmo, consideraba imposíbel que Irlanda se separase de Inglaterra, debido ao seu pequeno tamaño, o seu atraso económico e á grande vantaxe competitiva que lle proporcionaba a súa asociación coa maior economía industrial da época.



Retratos de pensadores marxistas que inspiraron a revolución cubana co logo de Labiofam, entidade cubana dedicada ao desenvolvemento e produción de medicamentos, autorizada polo Ministerio de Saúde Pública de Cuba, o CITMA, o Centro Estatal de Control de Medicamentos e pola Oficina Cubana da Propiedade Industrial (OCPI)

Marx e Engels pensaban que Irlanda, no caso de ser liberada, non o sería desde Dublín, senón desde Londres, onde o proletariado inglés, coa axuda do proletariado irlandés, faría triunfar unha revolución que acabaría co capitalismo en ambas as illas e a consecución da independencia de Irlanda. Algo que era congruente coa súa posición global: non acreditaban na capacidade das nacións sometidas de se liberaren politicamente antes de que a clase traballadora do conxunto do estado o fixese socialmente.

Como nos casos comentados anteriormente, con Irlanda a posición de Marx tampouco foi estática. Así, nas décadas dos cincuenta e sesenta deu unha brusca viraxe en que Marx chegou a entender que a liberdade de Irlanda debía preceder o socialismo inglés. Ese foi un salto de xigante no pensamento marxista, pois agora a solución do problema nacional dun país pequeno e atrasado se convertía en requisito da solución do problema social do país, naquela altura, máis avanzado do mundo. Xa non sería o triunfo do socialismo na metrópole o que liberaría Irlanda, senón a conquista da

independencia nacional irlandesa a que permitiría ao socialismo triunfar en Inglaterra.

Do estudo a fondo do caso irlandés, Marx extraeu varias conclusións que, seguindo a metodoloxía de Boersner, podemos sintetizar en cinco: En primeiro lugar, que a dominación colonial inglesa constituíu a causa esencial do mantemento e do afondamento do subdesenvolvemento irlandés. En segundo lugar, que a liberación nacional da colonia irlandesa non dependía dunha previa revolución obreira en Inglaterra. En terceiro lugar, que o que precisaba Irlanda era a súa independencia, unha revolución agraria e aranceis proteccionistas contra Inglaterra (por esa orde). En cuarto lugar que, mentres Irlanda non alcanzase a súa liberación nacional, a clase traballadora da metrópole inglesa non sería capaz de se emancipar socialmente. E, en quinto lugar, que para dirixir a liberación nacional, Irlanda precisaba dun partido nacional-revolucionario e popular irlandés.

En definitiva, podemos afirmar que, da súa experiencia con Irlanda, Marx extrae unha dupla conclusión que será fundamental para o desenvolvemento posterior do marxismo: Por unha banda,

«Marx chegou a entender que a liberdade de Irlanda debía preceder o socialismo inglés. (...) pois agora a solución do problema nacional dun país pequeno e atrasado se convertía en requisito da solución do problema social do país, naquela altura, máis avanzado do mundo»

que o asoballamento doutra nación contribúe ao reforzamento da hexemonía ideolóxica da burguesía sobre os obreiros no seo da nación dominante. Por outra banda, que a emancipación do povo asoballado debilita as bases económicas, políticas, militares e ideolóxicas das clases dominantes na nación dominante e contribúe, dese xeito, á loita revolucionaria da clase obreira desa nación.

Aquí e agora: algunhas consideracións sobre o nacionalismo desde unha perspectiva marxista

En definitiva, como acabamos de ver, a posición de Marx sobre a nación non foi estática. Todo o contrario. Porén, en todas as fases da evolución do seu pensamento, entendeu a nación como unha entidade histórica substancial, admitindo a existencia do amor do país como un sentimento digno, sempre que non estivese ao servizo da clase explotadora. Rematou comprendendo que, moitas veces, a revolución nacionalista anticolonial dos povos dependentes debe ser anterior á revolución dos povos traballadores no centro dominante, e que pode constituír unha condición previa para que tal revolución obreira puidese acontecer.

Estas últimas ideas de Marx a respecto da nación e do nacionalismo foron desenvolvidas posteriormente por diferentes pensadores, desde os austromarxistas até Lenin. Foi este último quen elaborou un desenvolvemento teórico máis avanzado sobre a cuestión mais, por cuestións de espazo, iso terá que ser obxecto doutro artigo específico, pois a pretensión deste non é o de facer unha análise en termos históricos da evolución do pensamento marxista sobre a cuestión nacional, senón de extraer

algunhas conclusións de como se debería analizar o dereito de autodeterminación dos povos desde unha perspectiva marxista no presente momento histórico, tomando como base os principios políticos emanados do propio Marx.

Desde unha óptica marxista, só unha versión corrixida e actualizada da concepción leninista do dereito á autodeterminación dos povos será capaz de dar unha acaída resposta á actual fase do capitalismo. Nese sentido, hai cinco principios que, desde o meu punto de vista, deberían ser asumidos con naturalidade e incorporados ao ideario de todos os movementos revolucionarios e progresistas do planeta:

—*O nacionalismo é, per se, un movemento revolucionario. O nacionalismo nunha nación oprimida ten, de por si, unha base fundamente revolucionaria e de esquerdas. Revolucionaria no sentido de se enfrontar aos principais poderes económicos, políticos, militares e mediáticos do planeta ao servizo dunha globalización uniformadora e negadora das nacións fronte aos estados sen soberanía real e dirixidos desde outras instancias. De esquerdas, porque (queréndoo ou non), un proceso de liberación nacional favorece o conxunto da poboación e, polo tanto, as súas maiorías sociais, as súas clases populares, con independencia de que ese proceso puidese ser beneficioso tamén para outras clases sociais. A ninguén se ocorre falar dun feminismo ou dun comunismo de dereitas, mais inventouse a idea dun nacionalismo de dereitas que, na práctica (aínda que defenda no económico e social para o seu país posicións económicas e sociais de corte liberal), é incompatíbel co papel que xoga un*



Represión colonial francesa
no norte de África

proceso de liberación nacional no marco da globalización capitalista. Certamente, non todo movemento nacionalista ten porque defender unhas posicións ideolóxico-políticas que se poden encadrar no ámbito da esquerda política. Porén, si toda esquerda (verdadeira) ten que ser nacionalista. Se entendemos por esquerda, democracia, igualdade, liberdade, xustiza, solidariedade, internacionalismo, fraternidade entre os povos..., non se pode apoiar todo o anterior sen apoiar o dereito de autodeterminación dos povos. Se entendemos que, para o marxismo, o valor máis importante é a liberación dos seres humanos de toda forma de opresión, dominación, alienación e degradación, non se pode defender coherentemente eses principios e non combater a opresión nacional.

—*Nunha nación oprimida, a contradición fundamental é a nacional.* A concreción da loita de clases na fase actual do capitalismo non é a da burguesía contra proletariado nunha sociedade industrial, senón a loita dos povos oprimidos contra os povos que os oprimen. Nese sentido, a formulación de alianza de clases unidas baixo o mínimo común denominador da defensa do dereito de autodeterminación é o ámbito natural de calquera esquerda real nunha nación que non é libre. En termos marxistas, habería que dicir que o nacionalismo constitúe un dos elementos máis determinantes dos cambios políticos e sociais hoxe en día no planeta, ao ser a antítese da globalización neoliberal. De Cuba a Irlanda, do Timor ao Curdistán, de Escocia a Catalunya, de Palestina ao Quebec, do Sáhara a Porto Rico, do Uruguai a Flandres, de Venezuela a Galiza... o nacionalismo é hoxe o único movemento

sociopolítico que realmente está a pór en xaque o statu quo imposto polo imperialismo.

—*O nacionalismo é condición necesaria (non suficiente, mais si necesaria) para o socialismo.* Ningún povo estará en condicións obxectivas nin subxectivas para iniciar a súa loita polo socialismo, mentres non teña satisfeitas as súas aspiracións nacionais e, polo tanto, a capacidade de decidir por si propio sobre todo o que lle competa. Por ese motivo, en contextos de opresión nacional, a loita de clases concrétese a través da loita de liberación nacional. Nese sentido, nacionalismo e marxismo, lonxe de seren antagónicos forman parte da mesma moeda: a liberdade da humanidade. Non é posíbel oporse á opresión dunha clase por outra e non se opor á opresión dun povo por outro, porque tanto o povo como a clase que oprimen a outra nunca serán realmente libres.

Por desgraza, moitos e moitas marxistas educáronse politicamente baixo a consigna de que nacionalismo e marxismo eran antagónicos. Como auga e aceite, sen posibilidade de encontro. Para

«A propia concepción internacionalista de Marx presupón a existencia das nacións e, polo tanto, a superación dun falso "cosmopolitismo" (que busca pasar do individuo á humanidade sen escalas intermedias)»



Frantz Fanon, nado en Fort-de-France o 20 de xullo de 1925 e finado en Bethesda (Maryland) o 6 de decembro de 1961, foi un psicólogo e autor da illa de Martinica. Teórico da descolonización, centrou a súa análise nas consecuencias psicolóxicas da colonización sobre o colonizado. Os seus traballos inspiraron os movementos de liberación dos últimos corenta anos.

moitos deles, o feito de que avanzase unha das dúas ideoloxías, necesariamente tería que implicar o retroceso da outra. Para eles, o nacionalismo era una ideoloxía burguesa, contraria ao internacionalismo proletario e un freo obxectivo para alcanzar o fin último dunha revolución socialista a nivel planetario. A idea de nación era un artefacto cultural, un subproduto ideolóxico, desenvolvido pola burguesía para agochar os seus intereses económicos, dando por sentado que o nacionalismo era a ideoloxía empregada polos capitalistas para protexer un mercado nacional propio ao manter fóra, polo proteccionismo, os capitalistas estranxeiros. Ao tempo, a ideoloxía nacionalista era vista coma un instrumento do dominio de clase que a burguesía exercía sobre o proletariado, como unha especie de desviación cultural para ocultar unha explotación económica.

O marxismo contemporáneo ten a obriga de superar formulacións teóricas que xa foron desmontadas tanto no plano teórico (por múltiples pensadores marxistas e non marxistas) como no terreo práctico pola propia historia.

—*Non é compatíbel unha correcta interpretación do marxismo e unha práctica congruente coa negación do principio de autoorganización.* O marxismo chegou a unha conclusión fundamental: a liberación da clase obreira só pode ser levada a cabo pola propia clase obreira. O mesmo razoamento é aplicábel ás nacións oprimidas. A súa liberación nacional terá que partir delas mesmas, e iso só é posíbel a través de forzas propias. Por desgraza, a teoría non sempre acompaña a práctica dos movementos marxistas.

Só desde a autoorganización un povo oprimido será capaz de se liberar. Consecuentemente, quen

diga defender o dereito desde povo a súa autoterminación deberá defender, no terreo práctico, a formación de estruturas de autodefensa e avance na liberación nacional en clave nacional (políticas, sindicais, culturais e sociais).

As solucións aos problemas de falta de soberanía dun povo necesariamente teñen que partir dese propio povo, con independencia de que poida contar co apoio e solidariedade doutros. Só desde a autoorganización é posíbel dar resposta á opresión e exercer o dereito á rebelión. Ningún demócrata se pode opor ao elemental dereito (e deber) de resistencia á opresión. Para un marxista, o dereito á desobediencia, á insubmisión, á resistencia e á rebelión teñen que formar parte do seu ideario. Cando as cadeas dun povo se concretan no marco legal dunha democracia burguesa, ese povo ten o dereito e a obriga de desbordar ese marco normativo e represivo. Cando a opresión é un feito, a resistencia é un dereito e, desde unha perspectiva marxista, unha obriga.

—*Non se pode ser verdadeiramente internacionalista sen defender activamente o dereito á autoterminación dos povos.* Internacional non significa antinacional, como internacionalismo non é sinónimo de antinacionalismo, como tanto se ten inculcado. Todo o contrario. A existencia das nacións é un requisito do internacionalismo. O verdadeiro internacionalismo está baseado na razón de ser do nacionalismo: as relacións en paz, sen inxerencias, fraternais e en pé de igualdade entre as todas as nacións do planeta. O recoñecemento dos dereitos nacionais é unha condición fundamental para a solidariedade internacional. Un san patriotismo non é en absoluto incompatíbel cun necesario

► Cartaz da Xornada Internacional de Solidariedade co Congo coa imaxe de Patrice Lumumba, deseñado por Alfredo Juan González Rostgaard. 1972

internacionalismo, porque o verdadeiro patriota debe loitar polo avanza de países particulares como base do progreso mundial.

A propia concepción internacionalista de Marx presupón a existencia das nacións e, polo tanto, a superación dun falso «cosmopolitismo» (que busca pasar do individuo á humanidade sen escalas intermedias) que tanto se ten defendido en nome do propio Marx.

(R)evolucionar o concepto de nación

A teoría marxista evolucionou moito no que á análise da cuestión nacional se refire. Porén, ten aínda moito camiño por percorrer. O problema non está en se os marxistas cometeron erros, senón en se dispoñen dos medios e, sobre todo, da vontade política para os corrixiren, porque, tal e como apuntaba Horace B. Davis ao respecto, un sistema teórico mantense ou cae, non sobre a base de dogmas pasados, senón pola súa capacidade de captar novos problemas a medida que se presentan e en darlles solucións viábeis.

O movemento comunista internacional non pode defender o dereito de autodeterminación «a medias». Ou se defende ou non se defende. Nese sentido, a esquerda mundial ten pendente unha autocrítica honesta a respecto da súa posición práctica en relación ás nacións sen estado, especialmente nas dos seus respectivos estados. Para a maioría da esquerda occidental, o nacionalismo era (é) revolucionario en África, Asia ou América Latina, pero retrogrado *dentro da casa*. Nese sentido, o movemento comunista internacional precisa de incorporar no seu discurso e, sobre todo na súa práctica, os fundamentos do nacionalismo. ●

Bibliografía

- B. DAVIS, Horace (1972): *Nacionalismo y socialismo. Teorías marxistas y laboristas sobre el nacionalismo hasta 1917*, núm. 88 da colección «Historia, ciencia, sociedad». Barcelona: Ediciones Península. Traducción de Jem Cabanes. Título orixinal: «Nationalism & Socialism. Marxist and Labor Theories of Nationalism to 1917». Publicado por Monthly Review Press en 1967 en Nova York.
- BOERSNER, Demetrio (1983): «Marx, el colonialismo y la liberación nacional», en *Nueva Sociedad* núm. 66 (maio-xuño), 80-89.
- CARPANI, Ricardo: *Nacionalismo revolucionario y nacionalismo burgués*. Colección «Lee y discute». Madrid: Editorial ZYX.
- CONNOLLY, James (1993): *Nacionalismo e Imperialismo*. Santiago de Compostela: Laiovento. Traducción e notas de Abel López do orixinal *Selected Writings* da Editorial Pelikan (1973).
- F. BLOOM, Salomón (1975): *El mundo de las naciones. El problema nacional en Marx*. Buenos Aires: Siglo XXI Argentina. Traducción de Roberto Bixio. Título orixinal: *The world of nations*, editado por Columbia University Press, New York, (1941).
- HOBBSBAWN, Eric J. (1977): «Marxismo, nacionalismo e independentismo», en *New Left Review*, núm. 105. Traducción de E. Blanco Medio e J. Díaz Malledo. Tomado de *Zona abierta*, núm. 19 (1979).
- LEVRERO, Renato (1975): *Nación, metrópoli y colonias en Marx y Engels*. Barcelona: Anagrama. Título orixinal: *Marx, Engels e la questione nazionale* (1972).
- LÖWY, Michael (1999): *Patria ou Terra Nai? Ensaíos sobre a Cuestión Nacional*. Santiago de Compostela: Laiovento.





FRANCISCO SAMPEDRO

Filósofo

Lenin: 1914

A creba da II Internacional e a liberación das nacións oprimidas

Resumo

A lectura da Lóxica de Hegel efectuada por Lenin en 1914 será decisiva no que atinxe á superación do colapso da II Internacional. Amais dunha innovación teórica indiscutíbel para o marxismo, rachando coa perspectiva dogmática e inmovilista de Kautsky e Plekhanov, terá uns efectos prácticos decisivos, entre os que se atopan, salientabelmente, a consideración da importancia dos movementos nacionais de liberación, particularmente o de Irlanda, así como a defensa do dereito de autodeterminación como unha reclamación radicalmente democrática.

Palabras chave: II Internacional. Lenin lector de Hegel. Rosa Luxemburgo e Polonia. James Connolly. Imperialismo. Partido e nova política.

Abstract

Lenin's reading of Hegelian Logic in 1914 was to be decisive in overcoming the collapse of the Second International. Apart from an unquestionably Marxist theoretical innovation, rejecting the dogmatic and immovable perspective of Kautsky and Plekhanov, it had decisive practical effects, notably including giving importance to the national liberation movements, especially in Ireland, as well as the defence of the right of self-determination as a radically democratic demand.

Keywords: *II International. Lenin reading Hegel. Rosa Luxemburg and Poland. James Connolly. Imperialism. Party and new politics.*



A ruptura que Lenin leva a cabo en 1914 coa Segunda Internacional, determinada fundamentalmente pola guerra, traerá unhas consecuencias teóricas e prácticas que incidirán estruturalmente na revolución de outubro. Entre as primeiras, a súa lectura da *Ciencia da lóxica* de Hegel operará como elemento decisivo para rachar co marxismo dominante en Rusia –e coa súa consciencia filosófica anterior (mormente *Materialismo* e *Empiriocriticismo* (1908)– e o comezo da súa elaboración da análise do imperialismo e da cuestión nacional, reflectida en numerosas obras e opúsculos redactadas durante os anos 1914 e 1917. A importancia desta ruptura é enorme, sobre todo tendo en conta que as grandes posicións teóricas de Lenin son intervencións políticas que transforman normas teóricas recibidas. A lectura de Hegel, ao comezo da guerra, forneceralle de grandes instrumentos para impulsar a súa gran capacidade analítica e clarificar a súa visión programática. Obviamente, sería inxenuo pensar que a organización estratéxica e táctica da revolución rusa é resultado desa lectura, pero esta supuxo unha caste de conmoción á hora de

▲ A historia desta bandeira do sindicato dos mineiros de Durham é unha metáfora do acontecido co movemento obreiro europeo. Progresivamente irán mudando as imaxes iniciais de Lenin e de James Connolly, que desaparecerán da súa simboloxía a medida que este obreirismo se domesticou

enfrentar os acontecementos que se estaban a dar nesa encrucillada. O desenvolvemento do modo de produción capitalista que conduce ao imperialismo perturba calquera concepción sociolóxicamente positivista do conflito de clases e abre o campo para pensar unha nova dinámica que supera a anterior concepción parasitaria dun inmovilismo filosófico herdado dun hegelianismo deturpado do papel nuclear da negación. Deste xeito, Lenin afirma con lucidez: «O negativo é en igual grado positivo. A negación posúe un contido definido, as



Retrato de Hegel realizado en 1831 por Jakob Schlesinger. A lectura da *Lóxica* deste filósofo axudou a pensar a revolución ao propio Lenin, partindo da análise da súa propia realidade.

contradicións internas convocan á substitución do vello contido por outro novo, superior» (*Cadernos filosóficos*, 1915). Do mesmo xeito que en Marx se dá unha ruptura epistemolóxica a partir das *Teses sobre Feuerbach*, podemos afirmar que en Lenin se dá algo análogo a partir de 1914. De aí a súa célebre proposición: «para entender *O Capital* faise necesario coñecer a *Lóxica* de Hegel», engadindo –quizais por imperativo do tempo convulso en que se movía e batendo contra o que se convertera a II Internacional– que «ningún marxista comprendera cabalmente a citada *Lóxica*».

A lectura leninista de Hegel impúlsao a condenar xa definitivamente o marxismo vulgar representado basicamente por Kautsky e Plekhanov, caracterizado polo materialismo mecanicista, a indiferenza verbo dos fundamentos dialécticos na obra de Marx e Engels, o economicismo e o evolucionismo e, máis concretamente, na dirección política oportunista burocrática e gradualista. Contra a II Internacional, Lenin afirma que a loita política debe ter prioridade sobre o historicismo e a estratexia sobre a táctica, e debe ser concibida como algo máis extenso e complexo que a simple loita económica dos traballadores, concepción que xa bosquexara en *Que facer* (1902). A «ortodoxia» esborrállase xunto co voto a favor dos cretos de guerra. E para pensar nese desastre teórico e práctico, para destruír a cerna da II Internacional, era necesario comezar por destruír a metafísica que a presidía por medio da intervención da *lóxica* hegeliana como *lóxica* da contradición, o que implica a unidade real e non ficticia da teoría coa praxe. A práctica humana non só reflicte o mundo, senón que o crea transformándoo. A unidade da idea

teórica coa práctica consiste xustamente na única teoría do coñecemento materialista, para continuar co ronsel do Marx post-humanista. A relación teoría-práctica deixa de ser, así, unha mera aplicación da primeira sobre a segunda, para devir nunha formación dialéctica en si mesma. Neste preciso sentido é como Althusser identifica a Lenin, en tanto correcta descrición da conxuntura: unha liña teórica que alimenta e, á súa vez, é alimentada por liñas directivas de acción política. É tamén neste sentido como debemos comprender a definición leninista do marxismo como «guía para a acción». E é neste contexto, a partir da lectura da *Lóxica* hegeliana, cando a actividade teórica, rachando tanto no ton como no contido coa perspectiva rixida e reflexivista anterior, se vencella coa liña práctica que preside os escritos de 1914-17: loita contra a guerra, e as sucesivas teses arredor do dereito das nacións á autodeterminación, importancia dos movementos de liberación nacional, entre outros Irlanda, China, Irán e a India. Insisto: a guerra, a bancarrota, o colapso da II Internacional, constitúe o cadro a partir do cal a xenialidade de Lenin se ve impelida a pensar aspectos e problemáticas inéditas, e entre estas particularmente o problema das nacionalidades oprimidas.

Os acontecementos revolucionarios atópanse onde non se agardan, así, prototipicamente en Irlanda en lugar de na Inglaterra colonial. Isto fai que Lenin teorice con acerto a relación continxencia-necesidade nos procesos históricos. En 1917, ante a «sorpresa» da Revolución de Febreiro, afirma que non existen milagres nin na natureza, nin tampouco na Historia; cada volta en calquera proceso revolucionario presenta unha serie de



Rosa Luxemburg en 1906 na ficha policial de Varsovia, presa na Cidadela por participar na revolución de 1905

contidos que despregan combinacións insospeitadas de formas de loita, producindo resultados que, para as mentes profanas, poden parecer absolutamente misteriosos, pero que, a fin de contas e nunha ollada retrospectiva, amosan as súas razóns de aparición no medio do azar. O feito, en esencia, é que a guerra imperialista fai agromar os movementos nacionalistas. Verbo de Irlanda, cómpre entender a defensa da independencia a partir da consideración do país colonizador como o núcleo portador de condicións óptimas cara ao desenvolvemento dunha revolución proletaria con capacidade de irradiación mundial. Deste xeito, é preciso reter polo menos tres presupostos: 1) O principio da unidade obreira dos dous países contra o inimigo común; 2) A constatación de que a opresión nacional contribúe ao reforzamento da hexemonía ideolóxica da burguesía sobre o proletariado da propia metrópole, no seo da nación opresora («un povo que oprime a outro non pode ser libre»); 3) A convicción de que a emancipación da nación oprimida debilita as bases económicas, políticas, militares e ideolóxicas da clase dominante na

metrópole, contribuíndo así á loita revolucionaria da clase obreira na mesma.

Ante todo, a proposición leninista consiste na defensa do dereito á autodeterminación, rexeitando que o nacionalismo sexa un fenómeno estritamente burgués. De feito, foi o propio Lenin quen situou a revolución colonial no primeiro plano da política no novo goberno soviético, até o punto que, en 1922, chega a denunciar o chauvinismo gran-ruso como unha ameaza presente no aparato estatal soviético. A coherencia é total, e máis aínda tendo en conta que na revolución de outubro se pon de manifesto a mobilización dos povos colonizados no conflito. É de salientar que o comunismo foi o primeiro programa político en recoñecer a interdependencia entre as diferentes formas de dominio e explotación, o que leva a pensar como necesaria a liberación de cada unha delas co fin da liberación exitosa de todas. Porén, para Lenin, o conflito colonial ten un fundamento de clase, non só de diferenzas culturais. Deste xeito, a dialéctica da historia sucede de tal modo que as nacións oprimidas xogan un papel decisivo en canto fan



Karl e Luise Kautsky, 1902

entrar o proletariado socialista na escena real á forza antiimperialista real. Sendo así, a revolución social só pode provir da combinación da guerra civil do proletariado contra a burguesía (no capitalismo desenvolvido), xunto aos movementos de liberación nacional (nos países colonizados).

Comprender que haxa un nacionalismo reaccionario e outro emancipador é simple. O interese de Lenin, e un dos pasos adiante que ofrece sobre a cuestión nacional, estriba en que, ao diferenciar claramente entre o nacionalismo chauvinista da nación dominante e os movementos nacionalistas no interior das nacións oprimidas, conclúe que a liberación nacional é o contrario dialéctico ao imperialismo global.

O primeiro punto de inflexión na consideración da cuestión nacional vai ser o que enfrente Kautsky con Rosa Luxemburgo, polémica que determina a necesidade dunha teorización xenérica, tal e como a podemos observar en Lenin. Segundo Kautsky, a clase obreira debe loitar polos seus intereses futuros, xa que carece de intereses inmediatos (no capitalismo desenvolvido, enténdese). Xa que logo, debe aspirar á independencia completa da nación. Sen esta a loita de clases non poderá acadar a súa potencialidade específica. O posicionamento contrario podemos atopalo en Rosa Luxemburgo, que mesmo se opón ao dereito de autodeterminación na URSS. Onde podemos ver a opción extrema dela é no caso de Polonia. Ela fala de «social-patriotismo», ao acusar os defensores da independencia do seu país de pregarse á instrumentalización burguesa do chauvinismo.

Quen responderá á vez a Kautsky e ao «internacionalismo intransixente» será Lenin, discernindo

–reiteramos– entre nacionalismo opresor e nacionalismo oprimido, momento en que aproveita para reprochar a Rosa Luxemburgo que, na súa obsesión polos perigos do nacionalismo polaco, esquecía o nacionalismo máis terrível, o da nación opresora. N’*O Estado e a revolución* (agosto, 1917) Lenin recorda que na obra de Marx e Engels non hai nin rastro da tendencia a eludir a cuestión nacional, e –en contra de Kautsky e dos «intransixentes»– caracterizou o marxismo como antagónico á crenza de que o dereito á autodeterminación é imposible baixo o capitalismo e superfluo no socialismo. Lenin afirmou sen cesar que, debido a que o socialismo é imposible sen a democracia completa, pensar que a autodeterminación «está de máis» no socialismo equivale a dicir que é a democracia a que «está de máis», simplemente.

O posicionamento leninista convoca a loitar contra a opresión nacional, mais sen soste o nacionalismo burgués. Isto vén expresado con claridade absoluta: se a burguesía dunha nación oprimida loita contra a opresora, os comunistas estarán sempre, en todos os casos e con máis decisión que ninguén, a favor dela, xa que os comunistas son os inimigos máis audaces e consecuentes da opresión. Mais, se a burguesía da nación oprimida está polo seu nacionalismo burgués, os comunistas estarán en contra. Loita contra os privilexios e violencias da nación opresora, e ningunha tolerancia con respecto á tendencia da burguesía da nación oprimida cara aos seus privilexios.

Existe un artigo modélico verbo do seguimento desta doutrina leninista. Titúlase «O mito das liberacións nacionais», e atópase no número 2 de *Terra e Tempo* (1965). Cito:



Sigmund Freud en 1926 fotografiado por Ferdinand Schmutzer. Despois de Lenin, o século XX vai ser pensado polo marxismo con ou contra outros autores. Quizais Freud sexa un dos que máis relevancia vai ter á hora de analizar a realidade persoal, mais tamén a social.

De que lle valen a independencia á India, a Exipto ou ao Congo? A elite estranxeira cede, no mellor dos casos, o seu posto á elite nacional (...). Non se pode, entón, falar de liberación (...). Antes explotábase en inglés, agora en árabe (...). Liberación nacional significa, na meirande parte dos casos, ascensión ao poder da elite nacional (...). Para evitar unha liberación nacional deste tipo fíxose o punto 2 do programa da UPC. O pobo galego exercerá o poder na Galiza.

Isto é o que tamén comprendera James Connolly paralelamente a Lenin, quen o admiraba, combatendo todos aqueles que supuñan o levantamento irlandés como unha revolución burguesa. A independencia política non posúe significación se non vai acompañada da independencia económica. Cómpre abolir a dominación do capitalismo ao mesmo tempo que a dominación de Inglaterra. A medida do avance da militancia de Connolly no marxismo producírase na problemática nacional un deslocamento na acentuación: a liberación nacional concibida como apropiación dos obreiros

e campesiños irlandeses do produto do seu traballo ocupará un lugar central nos seus escritos.

Para Galiza, o axioma é claro: sen aspirar á liquidación da opresión de clase e sen afirmar, á vez, a idea de nación e responsabilidade nacional, non se pode coller o relevo da herdanza leninista. O nihilismo nacional, sob a forma de cosmopolitismo (ou *cosmopaletismo*, máis ben) non só é un erro, é unha interpretación interesada do imperialismo que sufrimos. Afastar o contido do internacionalismo da súa forma nacional é a praxe daqueles que non entenden nada da solidariedade entre as nacións. Esta amósase vencellada por enteiro á resolta disposición pola soberanía nacional. Unha política hostil ao nacionalismo galego de esquerda sería un puro suicidio por parte do proletariado. No libro *Comunidades imaxinadas*, Benedict Anderson resume perfectamente unha directiva que é de xustiza asumir: «os comunistas son os verdadeiros patriotas». O capital é o que non ten patria.

Por outra parte, cómpre reflexionar sobre o suxeito político revolucionario. Lenin continúa no legado de Marx e Engels ao diferenciar entre clase

«Para Galiza, o axioma é claro: sen aspirar á liquidación da opresión de clase e sen afirmar, á vez, a idea de nación e responsabilidade nacional, non se pode coller o relevo da herdanza leninista»



Slavoj Žižek, nado en Liubliana, é un sociólogo, filósofo, psicanalista e filólogo esloveno. A súa obra integra o pensamento de Jacques Lacan co de Marx e Hegel.


obreira (unha simple categoría do ser social) e proletariado (o suxeito revolucionario propiamente dito). A clase traballadora é un grupo social concreto, mentres que o proletariado alude a unha constitución subxectiva. E corresponde ao Partido edificarse como máquina de produción desa subxectividade (subversiva). Non hai revolución sen organización; «a revolución non se fai, organízase». É necesario pensar na forma «Partido» como aínda non esgotada. O que sucede é que o Partido non pode converterse nun «fetich», nin en algo que supoña un fin en si mesmo. O Partido, segundo Lenin, é só un medio de transformación (tarefa nada doada). Os marxistas debemos estar convencidos de que o Partido pode ter unha data de caducidade, pero, por desgraza, esa data aínda non chegou. Fronte a movementos que comezaron con moito entusiasmo (a chamada «nova política»), e que desembocan na desmoralización efectiva das masas, cómpre concluir que a política democrática e de esquerda sen Partido acaba ben nun seguidismo verbo da presunta espontaneidade das masas, ben nun xeito do peor elitismo pretendidamente de vangarda.

«A clase traballadora é un grupo social concreto, mentres que o proletariado alude a unha constitución subxectiva. E corresponde ao Partido edificarse como máquina de produción desa subxectividade (subversiva)»

Permítase rematar cun fragmento, ao meu ver totalmente esclarecedor, a respecto do populismo, isto é, da forma actual da pretensión de neutralizar a concepción do Partido en Lenin. E fágoo deixando a palabra a un pensador abofé controvertido, que, no entanto, leva dedicando boa parte da súa última obra á figura de Lenin. Trátase do esloveno Slavoj Žižek. Cito:

(...) para un populista, a causa dos problemas nunca é, en definitiva, o sistema como tal, senón o intruso que o corrompe (os especuladores financeiros, por exemplo, non os capitalistas como tales): a causa non é un defecto inscrito fatalmente na estrutura como tal, senón un elemento que non desempeña correctamente o seu papel dentro da mesma. Para un marxista, polo contrario, (como para un freudiano) o patolóxico (o comportamento desviado de determinados elementos) é síntoma do normal, un indicador do que precisamente vai mal nesa estrutura ameazada por accesos patolóxicos. Para Marx, as crises económicas son a chave para entender o funcionamento «normal» do capitalismo (...). Fronte ao populismo, deberíamos permanecer fieis á concepción leninista da política como a arte de intervir nas situacións conxunturais que, en si mesmas, están aí como modos específicos de concentración da contradición (antagonismo) principal. É esta referencia permanente á contradición «principal» o que distingue as auténticas políticas radicais de todos os populismos.¹ ●

¹ ŽIŽEK, S. (2006): «Against the Populist Temptation», en *Critical Enquiry*. Spring. Chicago:W Chicago University Press.



Tribuna de Lenin. Debuxo de El Lisitzky, 1920. Galería Tretyakov. Moscova



MEGAN TRUDELL

Historiadora

► Oficiais da Forza Aérea Soviética, Rufina Gasheva e Nataly Meklin condecoradas como 'Heroes da Unión Soviética' polo seu servizo coa famosa unidade 'Bruxas Nocturnas' durante a Segunda Guerra Mundial

As mulleres de 1917

As mulleres foron o motor para o avance da Revolución rusa*

Resumo

As mulleres das fábricas do sector téxtil de Petrogrado que se declaran en folga o 8 de marzo (23 de febreiro no calendario ruso) son quen de dar inicio á revolución de 1917. O papel das mulleres no proceso revolucionario, os debates a respecto da igualdade de sexos..., prodúcense nun mundo en que a muller asumira novos postos na estrutura produtiva, pero seguía tendo un papel secundario nos postos de responsabilidade, non só na estrutura administrativa tsarista, senón tamén na dirección das organizacións revolucionarias. A Revolución Rusa supuxo un importante avance cara á igualdade, aínda que non conseguiu abolir totalmente a dominación masculina.

Palabras chave: muller, revolución, traballadoras, feminista, igualdade, folga.

Abstract

It was the women workers employed in the textile mills in Petrograd who went on strike on 8 March (23 February according to the Russian calendar) who sparked the Revolution of 1917. The place of women in the development of the revolution, the debates regarding sexual equality, etc., occurred in a context where women had risen to new positions in the productive structure but continued to play a secondary role not only within the Czarist administration but also in the leadership of the revolutionary organisations. While not completely putting an end to male domination, the Russian Revolution nevertheless marked a significant step forwards towards equality.

Keywords: women, revolution, women workers, feminist, equality, strike.

* Tradución de Robert Neal Baxter do orixinal en inglés aparecido en www.jacobinmag.com co permiso do editor.



No Día Internacional da Muller de 1917, as traballadoras do téxtil do distrito de Vyborg de Petrogrado declaráronse en folga, abandonaron as fábricas e centos delas ían de fábrica en fábrica chamando por máis traballadores e traballadoras para se uniren á folga e mantendo violentos enfrontamentos coa policía e co exército.

Non cualificadas, mal pagadas, con xornadas laborais de 12 ou 13 horas, traballando en condicións sucias e insalubres, estas mulleres reclamaban a solidariedade dos homes, insistindo que actuasen, especialmente os enxeñeiros cualificados nas fábricas metalúrxicas que se consideraban como os máis politicamente conscientes e os máis poderosos socialmente da cidade. As mulleres tiraban paus, pedras e bólas de neve contra as xanelas das fábricas e irrompían nos talleres, exixindo a fin da Guerra e a volta dos seus homes da fronte.

Segundo moitas persoas da época e historiadores/as, estas mulleres que se revoltaron polo pan –utilizando tradicionais e ‘primitivos’ métodos de protesta en defensa dunhas demandas exclusivamente económicas, partindo das emocións en

vez dunha formación teórica– inadvertidamente desataron a tormenta que ía varrer o tsarismo, antes de desapareceren detrás dos grandes batallóns de traballadores masculinos e dos partidos políticos dominados polos homes.

De facto, desde o principio das folgas de febreiro, as consignas políticas en contra da guerra estaban presentes nas protestas. A audacia, a determinación e os métodos das mulleres deixaron claro que entendían a raíz dos seus problemas, a necesidade da unidade da clase traballadora e de gañar os soldados para que pasasen de protexer o estado tsarista a apoiaren a revolución. Máis tarde Trotski constatou:

As traballadoras desempeñan un papel importante na relación entre os traballadores e os soldados. Achéganse aos cordóns con máis afouteza que os homes, agarran os rifles e suplican, por non dicir case ordenan: «Baixade as vosas baionetas e unídevos a nós!». Os soldados reaccionan con nerviosismo e vergoña, intercambian miradas ansiosas, vacilan; hai un que se decide primeiro e as baionetas levántanse compunxidas por riba dos ombros da multitude que avanza.

Na chamada Gran Guerra Patria, moitas mulleres foron protagonistas de moitos actos heroicos. Roza Shanina, na fotografía, foi unha das famosas francotiradoras soviéticas que aterrorizaran aos invasores nazis. A máis coñecida é Lyudmila Pavlichenko, quen inspirou a película «A batalla de Sebastopol».

Ao final do 23 de febreiro, os soldados encargados de gardaren as estacións de tranvía xa foran convencidos polas mulleres que traballaban nos tranvías para se uniren a elas no interior; os tranvías foron envorcados e utilizados como barricadas contra a policía. Gañar os soldados non foi simplemente o resultado da carga da guerra que pesaba cada vez máis sobre as tropas, nin da ‘espontaneidade’ contagiosa das protestas. As mulleres que traballaban nas fábricas do téxtil identificábanse co grande número dos soldados maioritariamente de orixe labrega afincados en Petrogrado desde 1914. Os homes nos cuarteis e as mulleres nas fábricas, chegados á cidade das mesmas rexións, falaban entre si e estreitaron relacións, desdebuxando as divisións que separaban os traballadores e os soldados e proporcionando ás traballadoras unha comprensión clara da necesidade dun apoio armado.

As mulleres participaban con tesón na vangarda da Revolución de febreiro que levou á derrota do tsarismo. Non eran só a ‘faísca’ que a prendeu; eran o motor que a facía avanzar, moi a pesar das reticencias iniciais de moitos dos traballadores e revolucionarios masculinos.

Habitualmente, descríbese a Revolución de Febreiro como ‘espontánea’, e en certo sentido é verdade, en canto que non foi pensada e levada a cabo por revolucionarias/os. Mais esta espontaneidade non era sinónimo dunha falta de conciencia política, pois a experiencia das mulleres que asaltaron as fábricas de Petrogrado na súa dupla capacidade de traballadoras e cabezas de familia obrigadas a aguantaren colas durante horas para alimentaren as súas familias puxo fin á distinción entre a demanda ‘económica’ de pan e a demanda



política da fin da guerra. As circunstancias materiais fixeron que se apuntara xustamente á verdadeira causa da fame e da pobreza, nomeadamente a guerra e os políticos que a libraban. Tales demandas non se podían chegar a satisfacer sen que se producise unha mudanza política radical.

Alén diso, as mulleres bolxeviques desempeñaban un papel central na folga, traballando arduamente durante anos para organizaren as traballadoras non cualificadas, a pesar da actitude dos homes dentro do seu propio Partido. Estes consideraban que organizar as mulleres era cando menos unha distracción da loita contra o tsarismo e, no peor dos casos, facer o xogo das feministas burguesas que desviarían as mulleres da loita de clases.

Para moitos homes no movemento revolucionario, as protestas do Día Internacional da Muller foron precipitadas e opinaban que se debería frear as traballadoras até que os traballadores cualificados estivesen preparados para pasaren á acción de xeito decisivo. Foron os membros femininos, unha minoría dentro do Partido, que defendían a reunión no distrito de Vyborg para que as

Atletas soviéticas
desfilando en
Moscova en 1937



traballadoras puidesen debater sobre a guerra e a inflación e foron activistas femininas as que convocaron unha manifestación en contra da guerra con motivo do Día Internacional da Muller. Unha delas foi Anastasia Deviatkina, unha bolxevique e obreira que fundou un sindicato para as esposas dos soldados tras a Revolución de Febreiro.

No entanto, na maioría dos relatos, despois do mes de febreiro, as mulleres desaparecen do desenvolvemento da revolución ao longo de 1917, con contadas excepcións de revolucionarias sobranceiras, como Alexandra Kollontai, Nadezhda Krupskaya ou Inessa Armand, que a miúdo son mencionadas máis pola súa vida privada como esposas e amantes que pola súa actividade práctica e achegas teóricas.

As mulleres eran basicamente ausentes dos órganos administrativos que xurdiron das cinzas do réxime tsarista. A representación de mulleres nos consellos das aldeas era escasa e había poucas delegadas na Asemblea Constituínte e nos Soviets. Predominaban os homes nas eleccións para os comités de fábrica, a tal punto que mesmo

«As mulleres eran basicamente ausentes dos órganos administrativos que xurdiron das cinzas do réxime tsarista. A representación de mulleres nos consellos das aldeas era escasa e había poucas delegadas na Asemblea Constituínte e nos Soviets»

chegaban a ser delegados en industrias onde as mulleres formaban a maioría. Había dúas razóns interrelacionadas: as mulleres seguían a desempeñar a tarefa de alimentar as súas familias en circunstancias moi difíciles e faltáballes a confianza e a educación, por non falar do tempo, para se proporen ou para manteren un alto nivel de actividade política. O xeito de vida das mulleres da Rusia desde había séculos condicionaba a súa capacidade de facer corresponder a súa incuestionábel tomada de consciencia política cun compromiso político na práctica.

Antes de 1917, Rusia era sobre todo unha sociedade labrega onde a autoridade absoluta do tsar estaba consagrada e reforzada pola Igrexa e reflectida na institución que representaba a familia. O casamento e o divorcio estaban baixo control relixioso; as mulleres estaban legalmente subordinadas aos homes, consideradas propiedade e inferiores ao humano. Proverbios rusos habituais inclúen sentimentos como «Pensei que vira dúas persoas, mais só era un home e a súa muller».

O poder dos homes no fogar era total e as mulleres tiñan que se manteren pasivas en condicións brutais ao pasaren das mans do pai ao esposo e a miúdo padecían violencia autorizada. As labregas e as obreiras estaban sometidas a un traballo esgotador e arduo nos campos e nas fábricas e encargábanse ademais do coidado das crianzas e as tarefas domésticas nunha época en que o parto era difícil e perigoso, sen métodos contraceptivos e altas taxas de mortalidade infantil.

Mais a implicación política das mulleres en 1917 non xurdiu do nada. Rusia representaba unha dicotomía: ao lado da profunda miseria, opresión e



Vladimir Lenin e a súa esposa co sobriño de Lenin, Víctor e a filla dun traballador Vera en Gorki. Nadezhda Konstantínovna Krúpskaia (San Petersburgo, 1869-Moscova, 1939), máis coñecida como Nadia Krúpskaia, foi unha escritora, pedagoga e revolucionaria rusa, recoñecida figura do Partido Comunista da Unión Soviética. Foi unha das principais responsábeis da creación do sistema educativo soviético e pioneira do desenvolvemento das bibliotecas rusas.

tiranía a que estaba sometida a maioría do pobo, a economía rusa experimentara un boom nas décadas anteriores a 1905. Existían enormes fábricas que producían armas e téxtiles, as cidades en rápido crecemento estaban unidas polo ferrocarril e os investimentos e técnicas procedentes de Europa levaron a enormes aumentos na produción de ferro e petróleo.

Estas notábeis mudanzas económicas xeraron unha profunda transformación social nos anos anteriores á Primeira Guerra Mundial: as fábricas nas cidades atraían cada vez máis labregas, empurradas pola pobreza e animadas por patróns cuxo uso da mecanización xeraba máis postos de traballo non cualificados e cuxa preferencia por man de obra 'dócil' levou a un enorme aumento do número de mulleres empregadas na produción de liño, seda, algodón, cerámica e papel.

As mulleres estiveran implicadas nas folgas das fábricas de téxtil en 1896, nas protestas contra o alistamento con motivo da Guerra Ruso-Xaponesa, e moi especialmente na Revolución de 1905, durante a cal traballadoras non cualificadas das fábricas

de téxtiles, tabaco e caramelos, xunto con traballadoras domésticas e de lavandaría, fixeron folga e tentaron formar os seus propios sindicatos dentro do cadro da revolta masiva.

A Primeira Guerra Mundial tivo un impacto decisivo no incremento do peso económico e político das mulleres. A guerra destruíu familias e convulsionou a vida das mulleres. Ante a ausencia de millóns de homes, feridos ou mortos na fronte, as mulleres víronse obrigadas a traballaren a terra elas mesmas, converténdose en cabezas de familia e entrando a formar parte da forza de traballo nas cidades. En 1914, as mulleres representaban 26,6 % da forza de traballo, subindo a case a metade (43,4 %) en 1917. A integración das mulleres incrementou espectacularmente, mesmo nos sectores cualificados; en 1914 as mulleres tan só representaban 3 % da forza de traballo no sector do metal, mais en 1917 subira até 18 %.

Na situación de poder dual despois da Revolución de Febreiro, non cesaron as protestas das mulleres, mais tornáronse unha parte do proceso que viu o apoio dos traballadores pasar do goberno



Alexandra Mihailovna Kollontai (San Petersburgo, 1872-Moscova, 1952), foi unha socialista, revolucionaria e feminista rusa. Tras a toma do poder, foi elixida Comisaria do Povo para a Asistencia Pública. Foi unha das que máis traballou a prol dos dereitos e liberdades das mulleres, modificando aspectos das leis que facían a muller unha subordinada do home. Á muller rusa negábaselle o dereito ao voto e gañaba salarios inferiores traballando en peores condicións que os homes. A Revolución conseguiu pór as bases para a igualdade real entre homes e mulleres, liberalizando as relacións familiares e sexuais. Aprobouse o divorcio e o dereito ao aborto, e outorgábase ás mulleres beneficios sociais en forma de salarios de maternidade, gardarías e fogares para os nenos. Así mesmo, desenvolvéronse campañas de información para dar a coñecer ás mulleres os seus novos dereitos.

ao Soviet, e dentro do Soviet da dirección socialista moderada dos Menxeviques e dos Socialistas Revolucionarios aos Bolxeviques en setembro.

As expectativas dos homes e das mulleres traballadoras de que as súas vidas ían mellor coa caída do Tsar foron frustradas pola continuidade da guerra por parte do goberno e da dirección do Soviet. En maio, as protestas en contra da guerra obrigaron á disolución do primeiro Goberno Provisorio, e os dirixentes dos Menxeviques e dos Socialistas Revolucionarios formaron unha coalición xunto cos liberais, empeñados en continuaren coa guerra. A desilusión por parte das traballadoras e dos traballadores levou a novas folgas, máis unha vez lideradas por mulleres. Unhas corenta mil traballadoras de lavandaría, membros dun sindicato dirixido pola bolxevique Sofía Goncharskaia, fixeron folga, demandando un aumento salarial, unha xornada de 8 horas e mellorías das condicións laborais, xunto con mellor hixiene no traballo, prestacións de maternidade (era habitual que as traballadoras escondesen a gravidez até daren a luz no posto de traballo na propia fábrica) e a fin do acoso sexual.

As historiadoras Jane McDermid e Anna Hillyer describen a situación así:

Xunto con outras mulleres activistas do sindicato, Goncharskaia ía de lavandaría en lavandaría para convencer as mulleres a se uniren á folga. Enchían cubos de auga fría para apagar os fornos. Nunha lavandería, os propietarios atacaron Goncharskaia cunha barra de ferro e salvouna unha lavandeira que a agarrou polas costas.

En agosto, ante as tentativas do Xeneral Kornilov de esmagar a revolución, as mulleres sumáronse á defensa de Petrogrado, levantando barricadas e organizando asistencia médica. En outubro, as mulleres do Partido Bolxevique participaron na prestación de asistencia médica e en comunicacións esenciais entre as localidades, e algunhas delas tiñan como responsabilidade a coordinación do levantamento entre as diferentes partes de Petrogrado e tamén había mulleres dentro da Garda Vermella. McDermid e Hillyer describen a participación doutra muller bolxevique en outubro:



«Dispostas a respostar a calquera agresión». Cartaz de Valentina Kulagina. 1931

«Para a maioría das feministas liberais de clase alta (...) estes avances só se podían alcanzar se se mostraban fieis ao novo goberno e ao esforzo da guerra. Demostrar o seu patriotismo era esencial para poderen negociar»

A condutora de tranvía A.E. Rodionova escondeu 42 rifles e outras armas na súa estación cando o Goberno Provisorio tentou desarmar os traballadores tras os días de xullo. En outubro, foi responsábel de asegurar que os dous tranvías con metralletas saísen da estación para o asalto ao Palacio de Inverno. Tiña que asegurar que o servizo de tranvía funcionase durante a noite do 25 ao 26 de outubro para axudar na tomada do poder e para comprobar os postos da Garda Vermella por toda a cidade.

O transcurso da revolución ampliou a fenda entre as mulleres traballadoras, por un lado, para quen a guerra era a causa das súas penurias e cuxos chamamentos á paz se facían cada vez máis fortes ao longo do ano, e as feministas, do outro, que continuaban a apoiar o derramamento de sangue. Para a maioría das feministas liberais de clase alta que defendían a igualdade legal e educativa e as reformas sociais, estes avances só se podían alcanzar se se mostraban fieis ao novo goberno e ao esforzo da guerra. Demostrar o seu patriotismo era esencial para poderen negociar.

A Revolución de Febreiro levou a unha renovada campaña por parte das feministas para o sufraxio universal, un paso adiante importante que se conseguiu en xullo. Mais, pola maioría das mulleres, o dereito ao voto non mudou nada substancial nas súas vidas, pois seguían présas da escaseza e de longas xornadas laborais, loitando para manter as súas familias a flote. Escribiu Kollontai en 1908:

Por moi radicais que poidan parecer as demandas das feministas, non se debe perder de vista o feito

de que as feministas non son quen, debido á súa posición de clase, de loitaren para a profunda transformación da estrutura económica e social da sociedade actual, sen a cal non se pode alcanzar a plena liberación da muller.

Para a maioría das mulleres obreiras e labregas, a cuestión de opresión e igualdade non se colocaba en termos abstractos, mais derivaba de xeito concreto do proceso de loitaren para a melloría das súas vidas e a dos seus homes e crianzas. Aquelas que se tornaron abertamente políticas e máis seguras de si mesmas, a miúdo como membros do Partido Bolxevique, facíano como consecuencia da súa propia acción colectiva en contra da guerra e dos políticos, unha acción centrada na oposición á fame, a guerra e para a propiedade da terra. Robert Service afirma que:

O programa político dos Bolxeviques demostrou ser cada vez máis atraente para as masas traballadoras, os soldados e as labregas e os labregos a medida que o tumulto social e a ruína económica alcanzaban o seu auge a finais do outono. Se non fose por isto, non se tería producido a Revolución de Outubro.

Todo isto afectou tan fortemente as obreiras, as labregas e as esposas de soldados como os seus homólogos masculinos. Sen o apoio das masas das traballadoras e dos traballadores non cualificados de Petrogrado, a maioría delas mulleres, nunca tería triunfado a insurrección de outubro.

O apoio que se prestaba aos Bolxeviques non era cego, mais si o resultado do que Trotski



Inessa Armand, nada Elisabeth Inés Stéphane de Herbenville (París, 1874-Beslán, Rusia, 1920) foi unha escritora e revolucionaria francesa que viviu a maior parte da súa vida en Rusia. É moi coñecida a súa polémica epistolar con Lenin sobre aspectos da liberación feminina. Lenin non estaba de acordo cun panfleto en que propugnaba o amor libre e que finalmente non foi publicado por entender que se trataba dun concepto burgués.

describiu como «unha tomada cautelosa e dolorosa de consciencia» por parte de millóns de traballadoras e traballadores. En outubro, xa se tentara todo: foran traizoados polo Goberno Provisorio e os Menxeviques, as manifestacións trouxeron consigo represión e avances limitados que xa non satisfacían as súas arelas dunha vida mellor e, sobre todo, a tentativa de golpe de estado de Kornilov deixara as cousas claras: seguir adiante ou ser esmagados. Un traballador expresouno así:

Os Bolxeviques sempre dixeron: «Non somos nós quen vos convezamos, mais a propia vida». E agora os Bolxeviques triunfaron porque a vida demostrou que a súa táctica estaba acertada.

Hai que recoñecer que os Bolxeviques tomaron a cuestión das mulleres a serio. Aínda que do punto de vista actual as mulleres estaban gravemente infrarrepresentadas, o certo é que se fixeron serios esforzos para organizar e desenvolver as traballadoras. Mais, o feito de que os Bolxeviques fixesen

máis do que os outros partidos socialistas para teceren relacións coas traballadoras non foi necesariamente o resultado dun maior compromiso para cos dereitos das mulleres.

Tanto os Menxeviques como os Bolxeviques entendían a necesidade de contar coas mulleres como parte integral da clase traballadora, mais os Bolxeviques foron quen de integrar a loita para a igualdade entre homes e mulleres dentro dunha estratexia que partía da actividade de clase en contra do goberno e da guerra, mentres que os partidos implicados na continuidade da guerra e nos pactos cos privilexiados e os patróns pouco máis podían facer para alén de informaren sobre as folgas das mulleres e falaren de dereitos políticos, sen propoñeren ningunha solución concreta para paliar as presións materiais que pesaban sobre as mulleres.

Os Bolxeviques asumían cada vez máis a organización e a politización das mulleres, en parte, aprendendo dos inicios explosivos de febreiro, e en parte debido á tenacidade dos seus propios membros femininos.



Valentina Vladimirovna Tereshkova é unha ex-cosmonauta, enxeñeira e política rusa. Foi a primeira muller en viaxar ao espazo exterior a bordo do Vostok 6 en 1963, vinte anos antes que a primeira muller estadounidense (Sally Ride, 1983).

«Os Bolxeviques sempre dixeron: "Non somos nós quen vos convenzamos, mais a propia vida". E agora os Bolxeviques triunfaron porque a vida demostrou que a súa táctica estaba acertada»

Había tempo que mulleres dirixentes bolxeviques como Kollontai, Krupskaja, Armand, Konkordiia Samoilova ou Vera Slutskaia, entre outras, defendían que o Partido debería facer un esforzo especial para organizar as traballadoras e desenvolver a súa formación política. Loitaban para convencer os seus camaradas masculinos de que as mulleres non cualificadas desempeñaban un papel crucial, en vez de seren consideradas como unha traba pasiva, conservadora e 'atrasada' á revolución. O xornal bolxevique *Rabotnitsa* ('A Traballadora'), publicado por vez primeira en 1914 e lanzado de novo en maio de 1917, publicaba unha serie de artigos sobre a importancia das gardarías e a lexislación laboral que protexía o traballo das mulleres e destacou repetidamente a necesidade da igualdade para que os 'asuntos das mulleres' fosen defendidos por todos os traballadores e todas as traballadoras.

O papel que desempeñaron as obreiras en febreiro, xunto coa súa continuada importancia como parte integral da clase traballadora de Petrogrado, axudou a mudar a percepción entre moitos

homes bolxeviques que consideraban que centrarse nos asuntos das mulleres implicaba ceder terreo ao feminismo e que a revolución a habían de dirixir os traballadores (masculinos) máis cualificados e politicamente conscientes. Non foi unha loita fácil. Por exemplo, Kollontai ficou practicamente soa cando propuxo a creación dun departamento da muller dentro do Partido en abril, a pesar de gozar do apoio de Lenin cuxas Teses de abril tampouco foron recibidas con moito entusiasmo por parte da dirección bolxevique, do mesmo xeito que Kollontai era o único apoio con que contaba Lenin no Comité Central.

Nos meses seguintes, porén, ficou claro que tanto a postura de Lenin a respecto de levar a cabo a revolución a través do poder dos soviets como a convicción de Kollontai a respecto da importancia das traballadoras derivaban da dinámica da revolución e podían servir para a impulsar cara adiante. A partir deste momento, outros xornais bolxeviques á parte de *Rabotnitsa* tamén pasaron a argumentar que as actitudes sexistas arraigadas puñan en perigo a unidade de clase e

«Seis meses após a Revolución de Outubro, o casamento foi substituído polo rexistro civil e o divorcio tornouse dispoñíbel a petición de calquera dos cónxuxes. Estas medidas foron recollidas no Código da Familia, que tornou as mulleres iguais ante a lei»

o Partido afanouse en conseguir representación para as mulleres nos comités de fábrica, desafiando as actitudes entre aqueles homes que vían as mulleres traballadoras como unha ameaza, e falaba cos homes traballadores para convencelos de votar polas mulleres, especialmente en sectores onde as mulleres eran maioría, e para lles mostraren respecto como colegas, representantes e camaradas.

Seis meses após a Revolución de Outubro, o casamento foi substituído polo rexistro civil e o divorcio tornouse dispoñíbel a petición de calquera dos cónxuxes. Estas medidas foron recollidas no Código da Familia, que tornou as mulleres iguais ante a lei. O control relixioso foi abolido, pondo fin de golpe a séculos de represión institucionalizada; calquera dos cónxuxes podía obter o divorcio sen ter que alegar ningún motivo; as mulleres tiñan o dereito de dispoñer de diñeiro de seu e ningún cónxuxe tiña dereitos sobre os bens da/o outra/o. O concepto de ilexitimidade foi erradicado, e no caso de unha nai non saber a identidade do pai, todas as súas parellas sexuais anteriores pasaban a ser consideradas colectivamente responsábeis da crianza. En 1920, Rusia foi o primeiro país do mundo en legalizar o aborto a petición da muller.

A revolución de 1917 foi iniciada e guiada por mulleres e, ao longo do ano, moitas das antigas concepcións da muller como un ser inferior, como propiedade, pasiva, atrasada, conservadora, insegura e débil foron cuestionadas –se non derrotadas– polas accións e o compromiso político das mulleres.

Mais a Revolución rusa non aboliu a dominación masculina, nin liberou as mulleres, xa que as privacións catastróficas que trouxo consigo a Guerra Civil e as subseguintes distorsións do goberno soviético o tornaron imposíbel. As desigualdades permanecían. Poucas mulleres ocupaban postos de autoridade, poucas foron elixidas para os órganos administrativos e as ideas sexistas non ían desaparecer sen máis nas adversidades extremas que se seguiron após outubro.

Durante a revolución, as mulleres non participaban en pé de igualdade cos homes nin contribuían de xeito tan significativo nos altos niveis do proceso político. Mais, dentro dos límites da súa vida, desafiaban as expectativas e influíron sobre o curso da revolución. Como indican McDermid e Hillyer:

É verdade que a división do traballo entre as mulleres e os homes continuaba a existir, mais en vez de concluír que as mulleres non conseguiron acabar coa dominación masculina, deberíamos considerar como actuaron dentro da súa esfera tradicional e o que isto significou para o proceso revolucionario.

As mulleres formaban unha parte integral da revolución de 1917, facendo historia xunto cos homes; non eran espectadoras pasivas ou elementos apolíticos sen importancia, mais participantes valentes cuxo compromiso foi aínda máis significativo dado o rexeitamento da opresión arraigada que representaba. Ver a revolución a través dos ollos das mulleres proporciónanos unha lectura máis rica do que continua a ser o momento máis transformador da historia para a vida das mulleres. ●



Cartaz de Valentina Kulagina. 1930



MANUEL REI ROMEU

Filólogo e ensaísta

► Debuxo de Castelao inspirado no teatro ruso de *La Chauve-Souris* e recollido no seu *Diario 1921*

Castelao e a revolución soviética. Vanguardia política e vangarda artística: do povo á nación

Resumo

Desde unha consideración inicial aparentemente escéptica ou irónica, xa a comezos dos anos vinte Castelao pasa a unha progresiva identificación coa Revolución Soviética, nomeadamente a partir dun coñecemento dos clásicos da literatura rusa, da admiración polo Teatro de Arte e os pintores novos. A identificación co modelo de Estado plurinacional soviético acrecéntase na década dos trinta. Como nacionalista galego, acredita que a loita das nacións oprimidas e a do proletariado do mundo teñen un obxectivo común: acabar co dominio imperialista e instaurar unha sociedade nova. En boa medida, estas expectativas vanse ver referendadas na súa viaxe á URSS de 1938.

Palabras chave: Castelao, nación, Marx, Lenin, revolución, Galiza.

Abstract

Despite initially viewing the Soviet Revolution with scepticism and irony, by the 1930s Castelao's appreciation had grown, especially through his knowledge of the Classics of Russian literature, his admiration for the Art Theatre and the new painters. His identification with the Soviet plurinational State model increased throughout the 30s. As a Galizan nationalist, he upheld that the struggle of the oppressed nations and the workers of the World had a common goal, namely to end imperialist domination and build a new society. These expectations were largely fulfilled during his visit to the USSR in 1938.

Keywords: Castelao, nation, Marx, Lenin, revolution, Galiza.



Seguramente concordamos coa idea de que a Galiza de comezos do século xx, a dos tempos das Irmandades da Fala ou mesmo a dos anos trinta, cando naceu o Partido Galeguista, estaba falta máis que de calquera outra cousa, de dinámicas propias, de tensións creadoras, tanto no plano artístico e cultural como no político, que espertasen e privilexiasen a ollada sobre o propio, sobre o descoñecido ou ocultado, dándolle visibilidade na escena pública. No contexto decisivo da primeira grande crise do imperialismo mundial, co conseguente abrollar das nacións no contexto europeo após a primeira Guerra Mundial, este baleiro vén cubri-lo a xeración das Irmandades, entre os que figura Castelao desde un primeiro momento, ao debuxar e publicar na prensa as estampas do que será a Exposición e o álbum *Nós*, no seu papel de «xenial artista da raza», teórico, animador cultural e conferenciante, polo demais activísimo en todas estas facetas.

Por volta de outubro de 1921, con ocasión do IV aniversario da Revolución, Lenin revisaba no *Pravda* o contido democrático-burgués da revolución que dera paso á revolución socialista:

Quais eram as principais manifestações, sobrevivências e vestígios do regime de Servidão na Rússia em 1917? A monarquia, a estratificação social, as formas de propriedade e de usufruto da terra, a situação da mulher, a religião, a opressão das nacionalidades¹.

Se a seguir repararmos nas cuestións centrais do Programa Manifesto das Irmandades de 1918 ollaremos coincidencias de vulto. Naquel limiar dunha época nova na historia, Lenin consideraba a cuestión nacional pedra angular para a liberación da humanidade do xugo do capital e das guerras imperialistas. E alertaba de que aquela primeira vitoria «non é aínda a vitoria definitiva (...). Como se se pudesse esperar que um povo atrasado conseguisse triunfar sem desacertos e sem erros sobre as guerras imperialistas dos países mais poderosos e avançados do globo!»².

1 LENINE, Vladimir Ilich (1975): *Cultura e revolución cultural*. Lisboa: Ed. Serviços Sociais dos Trabalhadores da C.G.D.-Secção cultural, 117. Ao par, consideraba que se deran «passos gigantes-cos» porque «somos um país arruinado, atormentado e atrasado».

2 *Ibidem*, 121.



Castelao, interesado pola creación artística que se estaba a facer, dende moi cedo conecta esteticamente coa produción cultural en Rusia polo xeito de modernizar e beber nas entrañas populares da súa realidade específica para facerse universais e contemporáneas.

Castelao representa, dun modo exemplar, unha conxunción senlleira de vangardismo no artístico e de vangardismo no político, nun momento en que non era nada doado ceibarse de mimetismos, tanto nun plano como no outro. Deterémonos máis adiante nesta cuestión. Interésanos agora remarcar, como punto de partida, que tamén este Castelao que inicia a súa andadura no nacionalismo está especialmente preocupado por poñer de manifesto a opresión que sobre o povo galego exerce o sistema corrupto da Restauración: os abusos dos caciques dos partidos da quenda alternante; a presión fiscal dos organismos do Estado e a da Igrexa (os escravos do fisco); os desposuídos da terra que emigran para poderen mercar esa ferramenta de traballo (a terra) que lles dea sustento; as guerras imperialistas que levan os fillos das clases populares a unha morte segura... A ollada artística é unha ollada analítica que, ao cabo, o leva a albiscar povo e nación no seu devir histórico. É unha ollada materialista das relacións de produción, consciente ou inconsciente, mais fundamentalmente materialista, radical e humana, na liña do marxismo, pois o marxismo é ante todo un humanismo: «Ser radical é tomar as coisas pela raíz. Mas a raíz do homem é o próprio homem»³.

As Irmandades da Fala non podían deixar de contemplar con simpatía un acontecemento como a Grande –así lle chamaba Lenin– Revolución Soviética de outubro de 1917, que produciu un longo abalar nas consciencias e logros recoñecidos en todo o mundo nos planos político, social, económico e cultural.

Apoiándose no especialista Edward H. Carr, Francisco Rodríguez sostén que: «segue a ser certo que a revolución bolxevique produciu repercusións máis fondas e duradeiras en todo o mundo que calquera outro acontecemento dos tempos modernos»⁴. Loxicamente, para poder mudar o mundo e derrubar as relacións de dominación sobre as «nacións naturais», tal e como as chamaban algúns nacionalistas, tiñan que ser máis as coincidencias existentes que as diverxencias. Na liña do sinalado polo mencionado autor, esta visión fundamentalmente esperanzadora matízase cunha certa cautela, motivada pola sospeita dunha importación doutrinaria, abstracta, verbalista e baleira, das forzas que abandeiran o internacionalismo proletario, tal e como pode verse reflectido no voceiro das Irmandades, *A Nosa Terra*, a partir de 1918 cando menos.

Inicialmente, Castelao expresa as súas dúbidas dun xeito gráfico nun debuxo circunstancial destas datas que, curiosamente, non ficará incorporado ao álbum *Nós*: «E cando veña o bolxevismo por acó, virá falando galego?»⁵. Na imaxe podemos ver unha especie de ogro xigante que avanza cos puños pechos, cun grande coitelo atravesado nos cabeiros, colar con estrela de cinco puntas e gorro ruso, perante as multitudes en miniatura que foxen espavorecidas aos lados. Asemade, facendo alarde do humorismo que o caracteriza, pon de manifesto as contradicións que podían xurdir entre o proletariado e os pequenos produtores agrarios do país: «No mundo os obreiros queren as patacas baratas,

³ JAKUBOWSKY, F. (1976): *As superestruturas ideológicas na concepção materialista da história*. Porto: Editora Nova Crítica, 88.

⁴ MOURE, T. (coord.) (2016): *Bolxeviques. 1917-2017*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 117.

⁵ O debuxo publícase en *A Nosa Terra*, núm. 109, do 1 de xaneiro de 1920, so o título «REFLEIÇÕES, por Castelao».



Maxim Gorki (Alekséi Maksimovich Peshkov), nado en Nizhnii Novgorod o 28 de marzo de 1868 e finado en Moscova o 18 de xuño de 1936, foi un escritor ruso identificado co movemento revolucionario soviético. Na foto vémolos coa súa primeira muller, Yekaterina Pávlovna Peshkova (1887-1965), activista dos dereitos humanos que formou parte antes da Revolución de Outubro do Comité de Apoio aos prisioneiros políticos rusos.

Pouco tempo despois (case a mediados de 1921), Manuel Antonio rifaba en termos ben máis políticos co seu veciño e amigo rianxeiro Rafael Dieste, quen se desmarcaba do «nacionalismo lingoísta», facendo alarde dunha peculiar «maneira de ver a virtualidade galega: non aislada, senón como cooperadora da gran aventura española»⁹. As contradicións en canto a pensamento e actitudes comezan a perfilarse como irreconciliábeis, por moito que se quixesen suavizar con híbridos ou posturas intermedias de galego á española que acredita a un tempo na grande patria e na *patria chica*. Non se podían amparar as aberracións da política imperial española, empeñada en conservar os últimos reducidos coloniais, tal é o caso da guerra polo Riff con Marrocos, cargando con sacrificios inútiles as clases populares¹⁰. Os testemuños de Manuel Antonio ou doutros correligionarios seus como Lois Peña Novo, mostran como a guerra con Marrocos serviu de acicate da conciencia nacionalista entre os mozos galegos. Correlativamente, pouco despois, considerábase que o desastre da guerra de Marrocos marcaba a fin do Estado. Tamén Lenin poñía en destaque unha e outra vez o papel das revolucións para sacar o povo das guerras imperialistas.

Podería afirmarse, de nos deixarmos levar pola ironía de Castelao, que a súa admiración pola

os labregos queren a suba das patacas e hai homes que non viven das patacas»⁶.

Retomemos de novo a cuestión da relación entre vangarda política e vangarda artística a comezos dos anos vinte. Manuel Antonio, en nome da «mocidade intelectual» con inquedanzas artísticas, solicita información a Risco sobre a Arte Nova. Risco viña de publicar n' *A Nosa Terra* en febreiro de 1920 *U... ju juu... (Poema futurista)* e de disertar sobre Arte Nova na Coruña no Cursiño de conferencias nazionalistas na Exposición de Castelao⁷. Na resposta a Manuel Antonio, Risco é rotundo nas conclusións a respecto do carácter nacional que se debe imprimir á nosa arte e á nosa literatura, pois aí reside a súa orixinalidade e a súa novidade⁸.

6 Da conferencia «Humorismo. Dibuxo humorístico. Caricatura», recollida no núm. 115 (31 de marzo de 1920) de *A Nosa Terra*. Con algunhas variantes parte do texto desta conferencia inserírase en *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, publicado por Céliaga en Ferrol en 1922.

7 Núm. 114, 20 de marzo de 1920. Risco gaba o papel «ascensional» da cidade e considéraa «a Barcelona de Occidente».

8 «Moi ben que queiramos faguer cousas novas –sempre dentro do noso– pero cando as fagamos, non sexan como as fan en

Londres, nin en París, nin en ningures, senón como non as haxan feito aínda en ningunha parte do mundo», en *Manuel Antonio. Correspondencia*. Vigo: Editorial Galaxia, 1979, 77.

9 *Ibidem*, 98.

10 Así desabafaba Manuel Antonio nunha das súas cartas a Dieste: «A aventura española. Pero, falas de España? Coidado que es fúnebre?», 108; «(Cada vez que me lembro que es hespañolito)», 109; «Queres rexenerarte? Faite soldado de Abd-el-Krim ou fuxe», 129.

Anton Pavlovich Chekhov, que vemos nesta foto coa súa muller Olga Knipper, nado en Taganrog o 29 de xaneiro de 1860 e finado en Badenweiler (Alemaña) en xullo de 1904, foi un famoso escritor ruso, un dramaturgo e un mestre do conto moderno.



revolución bolxevique e polo xenio popular ruso, proveñen de meras intuicións desde a distancia. En realidade proveñen, en boa medida, de intuicións que se manifestan artisticamente. En 1921 realiza a viaxe de estudos artísticos por Francia, Bélxica e Alemaña, cunha pensión de 425 pesetas ao mes pola Xunta para a Ampliación de Estudos. Ao longo da súa estadía en París, durante o primeiro semestre, deixa constancia no seu *Diario 1921* das alegrías que recibe ao asistir ao espectáculo dos coros ucraínos e moi especialmente ás representacións do Teatro do Morcego (*Chave-Souris*), dirixido por Nikita Balieff¹¹. No mes de xuño, xa ao remate da súa estadía, asiste a unha exposición de artistas rusos e recibe unha das sorpresas máis agradábeis a xulgarmos polas sentidas gabanzas en que se espraia:

Por vellas leituras de novelas rusas e polo que un foi pescando nos xornaes eu vou a supoñer o que pasa en Rusia para eisplicar o arte ruso que tanto me deixou admirado. Parece que os intelectuaes rusos educados nas nacións cultas da Europa cando chegaban ó seu país atopaban un ambiente contrario á súa cultura –cousa que cicais sexa debido a que Rusia non é de Europa senón de Asia–. Dirixirse ó povo ruso, enorme na súa ñorancia como na súa forza, era perder o tempo e fíxose a revolución sanguinienta contra os de enriba. O povo ruso sigue sendo invencíbel, sigue sendo máis forte que a cultura dos intelectuaes

que o dirixen e polo trunfo do povo sobor da cultura estranxeira xurdirá unha civilización rusa. Os instintos profundos do povo trunfan polo illamento en que está dende que empezou a guerra europea; os que traballan no terreo da intelixencia ou do sentimento vense obrigados a confrontar as aspiracións permanentes do povo, os seus desexos fondos [...] O arte ruso é como a política: futurista de verdade. O trunfo do arte ruso será o trunfo do nacionalismo. Velahí polo que eu estou contento.¹²

Coincidindo case coa publicación do Manifesto *!Máis Alá!* de Cebreiro e M. Antonio, logo da mencionada viaxe por Europa, Castelao pasa a ser o principal informador de Manuel Antonio sobre o «espírito novo» na arte. A correspondencia entre ambos segue a mostrar un Castelao sumamente interesado –«obsesión», «namoro», chega

11 CASTELAO, D. (1977): *Diario 1921*. Vigo: Editorial Galaxia, 103-107, 128 e 199. Este Teatro de Arte inspira fondamente a Castelao, que proxecta a partir dese intre un modelo semellante para o teatro galego e que, en grande parte, se verá materializado na súa peza *Os vellos non deben de namorarse*.

12 Ao final da longa anotación vén unha listaxe de dez pintores, cada un acompañado dun breve comentario (León Bakst, Alexandre Benois, Eugène Chiriaeff, Nathalie Gontcharova, Alexandre Jacovleff, Nicolás Remisoff, Nicolás Roerich, Wassili Schoukhaieff, Soudeikine e Dimitry Stelletzky). *Ibidem*, 161-166.

«É a cuestión nacional a pedra en que seguen a bater, nos tempos que corren, moitos homes e mulleres adscritos ao chamado marxismo revolucionario. Porén, como sostíña Lenin, é a pedra angular dun verdadeiro internacionalismo»

a recoñecer— polo *espírito novo* da arte rusa, no que ten de humano e popular. No plano literario, móstrase admirador de Tolstoi (tamén como teorizador), Chekhov, Averchenko, Kuprin, Andreiev, Gorki...: «¿Ollaches as diferencias entre a literatura rusa co seu cheiro humano e a francesa, española, etc.?»¹³. O verdadeiramente vangardista, novo ou futurista tamén se expresa noutras artes como a música, a pintura e a danza, en que el recoñece un antes e un despois da Revolución: «denantes coñecemos o arte ruso inspirado nas miserias, era no tempo do zarismo e hoxe empezamos a coñecer o arte inspirado nas belezas»¹⁴. Se no plano artístico aquí está o modelo inspirador a seguir, no plano político ou sociolóxico éo Irlanda.

Nacionalismo e internacionalismo

Sen dúbida, foi a cuestión nacional a pedra en que tropezaron repetidas veces as organizacións obreiras de todo tipo e a mesma Internacional nos tempos de Marx e Engels e nos tempos de Lenin. É a cuestión nacional a pedra en que seguen a bater, nos tempos que corren, moitos homes e mulleres adscritos ao chamado marxismo revolucionario. Porén, como sostíña Lenin, é a pedra angular dun verdadeiro internacionalismo.

Se tivermos ocasión de rere *O retrato do colonizado* de Albert Memmi, axiña repararíamos como o seu autor considera a incompreensión do nacionalismo como un dos capítulos máis curiosos e pintorescos da esquerda contemporánea europea. Memmi alude expresivamente a este mal que

aquelou a esquerda: «inquietudanza», «desorientación» do «home de esquerdas» que non se decata do contido social inmediato da loita dos colonizados nacionalistas¹⁵. O propio Marx, nunha altura dada, era consciente de que o seu pensamento estaba a ser manipulado e deturpado, reducíndoo a un conxunto pechado, doutrinario e simplista, de dogmas-receitas¹⁶. Alertaba así, anticipadamente, sobre un andazo que se agudizaría co paso dos anos da man das lecturas dalgunhas organizacións de masas do internacionalismo dogmático e verbalista, que aínda hoxe seguen a acreditar que o internacionalismo significa que os obreiros non teñen patria, seguen a ler ás avesas o *Manifiesto Comunista* e seguen sen respectar o carácter aberto, inacabado, dialéctico, dinámico, do pensamento de Marx e Engels, que, en calquera caso, sempre debe ser interpretado *historicamente*¹⁷.

A cuestión é densa e daría para un longo monográfico. Abonde con mencionar que existe unha ampla produción crítica dos fundadores do marxismo sobre a problemática das nacións e o colonialismo, que se encarga de combater a rapina colonial dos estados capitalistas e de apoiar os movementos de liberación nacional dos povos oprimidos, así como de establecer as pautas sobre o papel da clase obreira na metrópole. Citemos, por máis analizados, os casos da India, China, Birmania,

13 Ibídem, 189.

14 Ibídem.

15 MEMMI, Albert (1974): *Retrato del colonizado, precedido del retrato del colonizador*. Madrid, Cuadernos para el Diálogo. Abonda con prestar atención aos capítulos «O nacionalismo e a esquerda» e «Imposibilidade do colonizador de esquerda».

16 GODELIER, Maurice (1975): *Teoría marxista de las sociedades precapitalistas*. Barcelona: Editorial Laia, 6.

17 Ibídem, 13.

«Marx acreditara cegamente durante tempo na posibilidade de derrubar o réxime irlandés desde a propia revolución da clase obreira inglesa; a revolución tutelada desde a nación opresora. Non vai tardar en producirse o xiro de cento oitenta graos»

Persia, Afganistán, Alxeria, Polonia e Irlanda¹⁸. Hai, pois, autocrítica e evolución no pensamento de Marx e Engels, como tamén as haberá no caso de Lenin. Tense considerado a loita de Marx na Internacional para esta promover a loita de liberación de Irlanda como unha das maiores contribucións ao movemento proletario do momento. El mesmo acreditara cegamente durante tempo na posibilidade de derrubar o réxime irlandés desde a propia revolución da clase obreira inglesa; a revolución tutelada desde a nación opresora. Non vai tardar en producirse o xiro de cento oitenta graos nesta consideración: «(...) la revolución en las colonias y en las metrópolis podía marchar paralelamente, mientras que antes de 1848 consideraban que la revolución en las metrópolis era la que tenía que liberar a las nacionalidades oprimidas»¹⁹. Pola súa parte, aludindo a estes textos totalmente ignorados por estudosos e políticos marxistas europeos, Lenin considerará a política de Marx e Engels sobre Irlanda «de inmensa importancia práctica», en todo

18 Engels, invitado a falar en 1847 en calidade de «demócrata alemán» na conmemoración da revolta polaca contra Prusia de 1830, fixo a seguinte observación: «Uma nação não pode ser livre e continuar ao mesmo tempo a oprimir outras nações». Anos máis tarde, en 1870, referíndose ao dominio británico sobre Irlanda, Marx sentenciou: «Um povo que oprime outro povo está a forjar as suas propias cadeias». E, unha vez máis, en *O Capital: «O Trabalho não pode emancipar-se numa pele branca enquanto for sugado à pele negra»*. En Karl Marx e Friedrich Engels (1978): *Sobre o colonialismo. Volume I*. Lisboa: Estampa, 10. Para unha análise máis diversificada en todo o que se refire ao desenvolvemento desigual, á apropiación do excedente económico e á dupla explotación do colonizado, pode verse Renate Zahar (1976): *Colonialismo e alienação. Contribuição para a teoria política de Frantz Fanon*. Lisboa: Edições Ulmeiro.

19 LEVRERO, Renato (1975): *Nación, metrópoli y colonias en Marx y Engels*. Barcelona: Editorial Anagrama, 29.

caso exemplar «del modo como debe comportarse el proletariado de las naciones que oprimen a otras respecto a los movimientos nacionales (...)»²⁰. Sobra insistir na importancia que, desde un primeiro momento o nacionalismo galego concedeu á loita de liberación de Irlanda como modelo a imitar.

A pedra angular no pensamento de Castelao

O ideario nacionalista de Castelao vai perfilándose ao longo dos anos trinta en paralelo á súa praxe política como membro do PC, no contexto aínda daquela primeira grande crise do capitalismo imperialista no mundo, como se sinalou ao comezo. É a reacción crítica lóxica que xorde dun povo periférico que quere existir, que aspira a ser libre. Non é, pois, ningunha abstracción; responde a unha necesidade obxectiva e é unha expresión ben definida, en diálogo constante con doutrinas das máis avanzadas como era o marxismo. Os trazos definitorios que expresan a concordancia do marxismo con este nacionalismo ben depurado, analítico e sumamente consciente, son os seguintes:

A definición de Galiza como nación de acordo coa formulación de Stalin: Unha comunidade estábel, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflectidos nunha comunidade de cultura²¹.

20 *Ibidem*, 30, cita 22.

21 Só a existencia de todos os signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación. A seguir, Castelao aplícaa ao caso galego: «¿Ten Galiza un idioma propio? ¿Ten territorio diferente? ¿Ten unha vida económica peculiar? ¿Ten hábitos psicolóxicos reflexados nunha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, polo tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito



Dando mostras dunha actitude libre de complexos, procura unha definición afastada de elementos problemáticos, de «ofuscacións filosóficas», unha definición que constate realidades desde un «enfoque materialista», malia a reconecer que «eu vivo en latitudes moi distantes do comunismo»²². Para os espíritos «liberais» que aínda hoxe se escandalizan por esta definición, cómpre advertirlles, en primeiro lugar, que Castelao fai aquí un «aceno intencionado», utiliza *a cuña da mesma madeira*, por se dirixir explicitamente, ante todo, aos galegos antifascistas que «aínda non o saben» ou que «aínda non o queren crer»²³, é dicir, nomeadamente, aos adeptos do marxismo revolucionario. Hai, daquela, unha intención deliberada, que non se pode pasar por alto. De calquera xeito, a Castelao o que lle preocupa son as consecuencias prácticas e xurídicas que de tal condición se derivan, non teorizar sobre a nación.

de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida». CASTELAO, D. (1944): *Sempre en Galiza*. Bos Aires: As Burgas, 40.

22 *Ibíd.*, 39.

23 *Ibíd.*

O conde Lev Nikolaevich Tolstoi, coñecido en occidente tamén como León ou Leo Tolstoi, nado en Yasnaya Polyana o 9 de setembro de 1828 e finado en Astápoovo o 20 de novembro de 1910, foi un escritor, filósofo, anarquista cristián, pacifista, reformador educativo e pensador moral ruso moi influente na literatura e na política do seu país.

A incorporación da nación á loita de clases, dando á mesma un incontrovertíbel e central contido de clase, en función da relevancia cuantitativa da clase operaria camponesa e vinculándoa á loita obreira. Analizando a morfoloxía social e económica da Estremadura, no contexto do desterro que lle impuxo Lerroux en 1935, non ten problema en reconecer: «Se eu fose natural deste país e sentise anxeios de axudar a reivindicalo, non me quedaría máis que un recurso: ser socialista»²⁴. Alí reproducése o esquema clásico da loita de clases: traballo asalariado (maioría social de xornaleiros pobres) fronte a capital (minoría de latifundiarios ricos). No caso galego, pola contra, houbo un acceso «democrático» moi sacrificado á repartición da terra e a maioría social está conformada por pequenos propietarios²⁵. A situación de miseria, a emigración, a proletarización que leva os labregos a se transformaren en obreiros industriais, malia a nación oprimida ser rica en materias primas e en abundante man de obra, é o resultado do subdesenvolvemento. Situámonos, deste xeito, na liña de Samir Amin, que fala de desenvolvemento desigual²⁶, seguindo Marx que

24 *Ibíd.*, 15.

25 «¿Ten Galiza unha vida económica propia? A esta pregunta é doado contestar afirmativamente. Pode decirse que Galiza é un país precapitalista, povoado por traballadores que viven dun mísero xornal, que eles mesmos sacan da terra ou do mar; sen industrias dabondo para absorber o excedente de poboación labrega e mariñeira; cun *paro forzoso* e cun *deficit* pecuniario constante, que se resolve pacificamente por meio da emigración. En fin; Galiza ten unha vida diferenciada dentro de Hespaña, cunha morfoloxía social i económica tan peculiares que, por plantear problemas minoritarios, queda sempre ao marxe da lei xeral do estado e das preocupacións xeraes que a loita de crases plantea no mundo capitalista». *Ibíd.*, 47.

26 AMIN, Samir (1986): *El desarrollo desigual*. Barcelona: Planeta.



Delegación do goberno da República que participa no 1.º de Maio en Moscova e na cal podemos ver Castelao quen tirará moitas conclusións da súa experiencia nesta viaxe á URSS que logo influirían na súa posición política xenuína. Foto publicada na revista *Crónica* o 19 de xuño de 1938.

aludía á *especialización desigual* ao caracterizar a relación de dependencia de Irlanda con Inglaterra. O desenvolvemento da metrópole fundaméntase no atraso da colonia. A obra de Marx está encamiñada a desenmascarar a falsa «naturalidade» e «fatalidade» dos procesos económicos e sociais propios do capitalismo e, nomeadamente, a desigual especialización do mercado capitalista mundial. Por iso, no caso galego, a liberación nacional implica unha «liberación social» que favorece os intereses das clases populares.

A defensa do dereito de autodeterminación na liña do Programa que guía a Revolución Bolxevique e como se contempla na Constitución da URSS (art. 16 e 17). A federación ou a independencia son as únicas posibles saídas para se concretar este dereito: «A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en Estado independente»²⁷. Digamos que este dereito era (e aínda hoxe o é) recoñecido e recollido nos programas das organizacións marxistas ou filomarxistas dun xeito nominal máis que real e efectivo. Á hora da verdade práctica, do entendemento, é neste punto onde xorden as maiores desavinzas, das que dan cumprida mostra autores como Ramón Villar Ponte e Castelao no *Sempre en Galiza*. Tomemos como mostra ilustrativa do primeiro a súa *Doctrina Nazionalista* ou as entregas d'*O sentimento nazionalista e o internazonalismo*, publicadas n'*A Nosa Terra* a comezos de 1929, onde se afirma ser «antre os proletarios e individuos que se din moi avanzados

ideoloxicamente, onde máis enrabexados enemigos atopa o nazionalismo e con el a súa secuela, o patriotismo lexítimo»²⁸.

Mesmo de cara a conseguir avances tácticos pola vía estatutaria, se encontraban coa incompreensión e a xordeira que o Estatuto de Galiza suscitaba²⁹.

Antiimperialismo e anticapitalismo

Isto é a consideración de que a opresión do proletariado e a das pequenas nacións son produto da expansión capitalista na súa fase de imperialismo; van parellos na súa conformación os Estados centralistas e imperialistas e o sistema capitalista. As palabras de orde que figuran no Programa do PG son nidias: «Antiimperialismo, federalismo internacional, pacifismo». A saída democrática do Estado español tiña que producirse polo recoñecemento da soberanía das nacións que o compoñen, nun modelo de estado plurinacional semellante ao soviético³⁰. A teima de Castelao é propoñer «un programa único de reivindicacións e unha liña táctica de defensa contra o centralismo que se agacha nas «esquerdas» republicáns», por canto

28 *A Nosa Terra*, núm. 255, 1 de marzo de 1929.

29 O redactor da nota «O internacionalismo e nós», baixo as siglas A.B.I., mostra a súa perplexidade ante a resposta dos deputados socialistas ao Concello de Compostela que fixera un chamamento a prol do Estatuto: «Non nos consideramos no caso de contribuír a crear o sentimento autonómico que, de existir ou surxir espontaneamente, merecerá, non sómentes o noso acatamento e respecto, senón unha contribución eficaz ao seu recoñecemento e viabilidade práctica nas Cortes Constituíntes». A esta reacción contraponse a da «ortodoxia marxista» recollida nun dos números de *Frente Rojo*: «Catalunya, Vasconia e Galicia necesitan coñecer a experiencia das *minorías nazionales* oprimidas na Rusia dos zares e a súa liberdade actual». *A Nosa Terra*, núm. 297, setembro de 1932.

30 *Ibidem*, 47 e 62.

27 *Ibidem*, 53.

«O povo incorporado á loita contra o Estado opresor é o que impulsa e define a marcha xeral da nación; nesa loita están obxectivamente interesadas todas as clases sociais que padecen a dominación»

«A liberdade das nacións afecta ao proletariado tanto ou máis que á burguesía»³¹.

O povo incorporado á loita contra o Estado opresor é o que impulsa e define a marcha xeral da nación; nesa loita están *obxectivamente interesadas* todas as clases sociais que padecen a dominación, sexan proletarios, pequenos propietarios da terra ou burgueses. Precisamente, a cuestión dos dereitos das nacións oprimidas é a que marca o afastamento progresivo ao longo da guerra do 36 cos republicanos españois, conducindo Castelao a un estado de ánimo de escepticismo en canto ao entendemento con eles. Non está disposto a aceptar unha nova colonización, un centralismo que se vende en nome de antifascismo. No respecto do dereito de autodeterminación, da concordia das patrias, nunha palabra, no sentido antiimperialismo, é onde xorden tamén as máis grandes afinidades con Lenin. Sobre esta interesante retesía, Mauricio Castro apela a unha contundente declaración do líder revolucionario de 1922: «Declaro a guerra ao chauvinismo gram-russo; nom umha guerra menor, mas umha guerra a vida ou morte»³².

A viaxe á URSS de 1938

Castelao integra a misión «intelectual e artística» promovida polo Ministerio de Negocios Estranxeiros que dirixía o socialista Álvarez del Bayo. Nunha extensa carta que dirixe a Rodolfo Prada a finais de maio dese ano, ofrécenos detallada conta

de todas as súas observacións sobre o terreo, nun percorrido de milleiros de quilómetros «desde o golfo de Finlandia ao mar Caspio»³³.

A xornada do Primeiro de Maio na Praza Roxa de Moscova é considerada un espectáculo «indescribable»:

Máis de dous millóns de almas desfilaron por diante de nós mostrándonos a súa ledicia de vivir. E a imponente máquina guerreira que defende as creacións soviéticas deunos a sensación de que é invencible. Esto deume algo de tristeza, porque aínda non desbotei de min o antimilitarismo que mamei.³⁴

Durante un mes, Castelao avalía *in situ* a máis grande experiencia revolucionaria da Humanidade nos planos político, social, económico e cultural, poñendo por diante o «acerto político» na «previa solución do problema nacional», «porque ao asentar a estrutura do Estado en realidades vivas e permanentes deixou consolidar o sistema económico e social avanzado»³⁵. A integración da diversidade lingüística no caso do Acerbaixán, a soberanía para rexer as súas creacións culturais e a administración da súa vida nacional, fanlle exclamar:

Eu non concibo como os hespañoles que visitan a URSS poden seguir despreciando o problema das nacionalidades e aínda intentan relegalo a segundo termo, como se non tivese importancia ou como se a súa solución permitira aplazamentos sen

³¹ *Ibidem*, 53.

³² Segundo o mencionado autor, Stalin acusa a postura de Lenin de «liberalismo nacional». En T. Moure (2016): *Bolcheviques 1917-2017*. Compostela: Através Editora, 41. Afondando na mesma cuestión, véxase RODRÍGUEZ, F. *Op. Cit.*, 111-113.

³³ CASTELAO, D. (2000): *Obra completa*, t. VI. Vigo: Galaxia, 281.

³⁴ *Ibidem*, páx. 282.

³⁵ *Ibidem*.

perxuício das concepcións económicas e sociais. Isto cando non negan a existencia do problema ou pretenden anulalo pola violencia. Neste aspecto eu creo que nós debemos aceptar para Hespaña unha solución idéntica á que dou a URSS e non conformarnos con outra.³⁶

Tamén saca impresións moi positivas da política educativa e da sanidade (alí foi examinado por un oculista da súa doenza ocular); da organización do lecer («casas de repouso», balnearios...); das infraestruturas e os transportes públicos: «O Metro de Moscú, con ser unha obra de carácter utilitario, é unha maravilla de arte»³⁷, até o punto de asegurar que ningún Estado capitalista acometería unha obra similar para utilidade e regalía do povo.

Canto ao plano artístico e político da súa misión, expón, con éxito rotundo, os seus álbums *Galicia mártir* e *Atila en Galicia* no Museo de Arte Occidental Moderna, un dos mellores museos do mundo por aquel entón: «Dende logo podo augurar que na URSS son o dibuxante revolucionario máis admirado e no Museo da revolución figuraba en lugar preferente cos dous álbums de guerra.»³⁸

A estas alturas, Castelao xa tiña en mente –mesmo fixera xestións ao respecto– acometer unha misión semellante na Arxentina, na colectividade de galegos emigrados, aínda que con máis contidos artísticos e políticos. Non sabía aínda que o desenlace adverso da guerra convertería a capital arxentina no seu desterro definitivo. ●

Bibliografía citada

- AMIN, Samir (1986): *El desarrollo desigual*. Barcelona: Planeta.
- CASTELAO, Daniel (1977): *Diario 1921*. Vigo: Galaxia.
- (2000): *Obra completa. Tomo VI*. Vigo: Galaxia.
- (1944): *Sempre en Galiza*. Bos Aires: As Burgas.
- GODELIER, Maurice (1975): *Teoría marxista de las sociedades precapitalistas*. Barcelona: Laia.
- JAKUBOWSKY, Franz (1976): *As superestruturas ideológicas na concepción materialista da historia*. Porto: Nova Crítica.
- LEVRERO, Renato (1975): *Nación, metrópoli y colonias en Marx y Engels*. Barcelona: Anagrama.
- LENINE, Vladimir Ilich (1975): *Cultura e revolución cultural*. Lisboa: Serviços Sociais dos Trabalhadores da C.G.D.-Secção cultural.
- MARX, Karl e ENGELS, Friedrich (1978): *Sobre o colonialismo. Volume I*. Lisboa: Estampa.
- MEMMI, Albert (1974): *Retrato del colonizado, precedido del retrato del colonizador*. Madrid: Cuadernos para el Diálogo.
- MOURE, Teresa (ed.) (2016): *Bolcheviques 1917-2017*. Compostela: Através Editora.
- (2016): *Bolcheviques. 1917-2017*. Vigo: Xerais.
- PÉREZ, Manuel Antonio (1979): *Correspondencia*. Vigo: Editorial Galaxia.
- ZAHAR, Renate (1976): *Colonialismo e alienação. Contribuição para a teoria política de Frantz Fanon*. Lisboa: Ulmeiro.

36 *Ibidem*, 283.

37 *Ibidem*, 284.

38 *Ibidem*, 286.



Programa de man de 1921 da obra teatral de *La Chauve-Souris* («Teatro do Morcego») de Moscova, dirixida por Nikita Baliéff. Ilustración de Serguéi Sudeikin



XOSÉ RAMÓN ERMIDA MEILÁN

Investigador

Ramón Suárez Picallo. Un precursor do marxismo galego

Resumo

Ramón Suárez Picallo é unha das figuras máis referenciais e ao tempo máis descoñecidas do nacionalismo galego da primeira metade do século xx. Achegámonos neste traballo a unha persoa iniciada politicamente nas filas do socialismo, militante comunista que non tarda en incorporarse á militancia nacionalista sen abxurar das súas posicións marxistas. A figura de Suárez Picallo permítenos unha aproximación á recepción e influencia da Revolución de Outubro nas Irmandades da Fala e no Partido Galeguista, ás relacións entre o marxismo e nacionalismo e aos intentos de sentar as bases dun marxismo non importado e pensado para a nosa realidade.

Palabras chave: nacionalismo, Revolución Soviética. Lenina, marxismo galego, Partido Galeguista, antiimperialismo.

Abstract

Ramón Suárez Picallo is one of the most outstanding and yet unknown figures of Galician nationalism in the first half of the twentieth century. This paper focuses on his political evolution from socialism to communist activism, later to adhere to nationalism without renouncing marxism. His figure allows us to approach the influence of the October Revolution on the Irmandades da Fala (a brotherhood of supporters of the Galician Language) and the Partido Galeguista (a Galician Nationalist party active in the first half of the twentieth century), the relationship between marxism and nationalism and the attempts to lay the foundations of a kind of non-imported marxism, able to take into account our specific circumstances.

Keywords: Nationalism, The Soviet Revolution, Lenin, Galician Marxism, Partido Galeguista, Anti-imperialism.



© Fondo Ramón Vilar Ponte. Parlamento de Galiza

A paixón militante

Ramón Suárez Picallo é unha das figuras cimeiras do nacionalismo galego no século xx. Nado en Sada en 1894, simultaneou desde neno a escola cos traballos no agro e no mar, emigrando a Arxentina con 18 anos, onde se incorpora á loita social e política, desenvolvéndose como vendedor ambulante, empregado de comercio, camareiro de barcos, xornalista e liberado sindical. Á volta de 1931 retorna a Galiza, enviado pola Federación de Sociedade Galegas, para dar continuidade ao traballo político iniciado en Arxentina, representando o nacionalismo durante dúas lexislaturas nas cortes do estado e onde comeza e remata os estudos de bacharelato e dereito. O 18 de Xullo de 1936 atopábase en Madrid, participando desde o primeiro momento na loita contra o fascismo, exiliándose en 1939, primeiro nos Estados Unidos e na República Dominicana e posteriormente en Chile, onde reside durante 16 anos, gañándose a vida como xornalista, morrendo finalmente en Arxentina no 1964.

A súa vida estará marcada polo compromiso político, social e cultural. Organizado no marxismo

▲ Recepción da Irmandade da Fala da Coruña a Suárez Picallo con motivo dunha viaxe a Galiza. De esquerda a dereita de diante para atrás: Xosé Crecente, Leandro Carré, Luís Somoza, Carlos Monasterio, Federico Rodríguez Chás, Ánxel Casal, Xulio Pita, Benito Rodríguez, Vitor Casas, Xulio Meléndrez, Antón Vilar Ponte, Ramón Suárez Picallo, Xerardo Faraldo, Francisco Abelaira, Antón Martínez, Benito Ferreiro e Federico Zamora. San Pedro de Nós (Oleiros), 29 de Agosto de 1926 (FOTO: ALFREDO SOMOZA)

arxentino desde 1915, fose na póla socialista ou comunista, incorporado ao nacionalismo á volta de 1922, fixo parte de diversas entidades patrióticas na emigración e na Galiza, destacando como dirixente orgánico e representante institucional do Partido Galeguista, e tamén no exilio, na súa condición de membro da Irmandade Galega e do Consello de Galiza. Activista no seo da colectividade emigrada, xogou un importante papel na conformación e orientación da Federación das Sociedades Galegas, destacado ao tempo como cadro

«A finais de xaneiro de 1924, o de Sada será un dos seis oradores que participan no enterro civil que organizan a Lenin en Bos Aires as organizacións operarias arxentinas»

sindical dentro do movemento obreiro arxentino, primeiro entre os traballadores do comercio, despois cos obreiros portuarios de Bos Aires, de cuxo sindicato foi secretario, e durante moitos anos na Federación Obrera Marítima, organización sindical dos traballadores do mar. A pluma do de Sada vai ficar ligada a cabeceiras operarias e marxistas, a xornais da colectividade emigrada, á prensa xeneralista, na súa condición de profesional do xornalismo e, por suposto, a medios nacionalistas, chegando a dirixir publicacións como *Céltiga*, *A Nosa Terra*, *Ser* ou *Nova Galiza*.

A vontade de servizo a Galiza, unha militancia a proba de lume e a lealdade ao proxecto nacionalista son os aspectos definitorios da executoria política de Ramón Suárez Picallo até a súa morte. Xosé Neira Vilas, amigo e persoa que tratou a fondo o de Sada nos seus últimos anos arxentinos, sinalou: «aínda que vencido pola vida sempre mantivo un sentimento de amor a Galiza»¹. Outro tanto se deduce da súa actividade como dirixente do Consello de Galiza, fose no seu labor ordinario, de axitación ou de expansión organizativa, fose no seu papel de custodio da alternativa patriótica ou de confrontación coa alternativa representada polo piñeirismo. Abondan nesta liña os escritos que nos chegaron da súa última época, do que é un bo exemplo o texto onde recolle as reflexións sobre a visita de Fernández del Riego a Bos Aires en 1954, defendendo o patrimonio político e ideolóxico do nacionalismo anterior a 1936, o Castelao político: «honramos su memoria como

líder y conductor político»² e a necesidade da loita política en contraposición ao «culturalismo» de Galaxia.

Un galego diante da Revolución Soviética

A Revolución Soviética será decisiva na conformación do corpo ideolóxico de Suárez Picallo. Militante socialista, era membro desde 1916 do colectivo editor do boletín *Adelante*, críticos coa dirección do seu partido, coa posición da II Internacional e da maioría dos partidos socialistas, por non identificar a «Grande Guerra» como unha guerra imperialista e defensores, pola contra, das propostas do grupo de Zimmerwald, orientado por Lenin desde Suíza. Adherido as teses da III Internacional, participa no Partido Socialista Internacional, por cuxas pranchas se presenta a concelleiro en Bos Aires en 1918, facendo parte en 1920 do núcleo fundacional do Partido Comunista Arxentino, canda recoñecidos dirixentes revolucionarios como Rodolfo Ghioldi, Victorio Codovila, secretario xeral do PCA e delegado do Komintern para América do Sur e o Estado Español ou Luís Emilio Recabarren, dirixente histórico do proletariado chileno.

O proceso de división do PCA acelera o abandono de Suárez Picallo deste partido, volvendo as filas do socialismo, pero cunha posición ideolóxica que bebía da experiencia rusa e do tronco doutrinal leninista. Só uns días antes da morte do revolucionario ruso, o de Sada atacaba nas páxinas de *El Correo de Galicia* as ditaduras de Mussolini e

¹ *Sermos Galiza* (2 de outubro de 2014).

² SUÁREZ PICALLO, R. (2008): «Sobre unha xunta do Consello de Galiza», en L. Pérez Leira: *Ramón Suárez Picallo, el primer diputado de la emigración*. Vigo: Ediciones de Grupo de Comunicación de Galicia no Mundo, 124.

Partido Socialista Internacional

ELECCIONES MUNICIPALES

6 DE OCTUBRE DE 1918

CAPITAL FEDERAL

CANDIDATOS A CONCEJALES

JUAN FERLINI	JOSE KAROTHY
JOSE F. PENELON	JULIAN DUCASSE
PEDRO D. ZIBECCHI	GRACIANO RECCA
ALDO CANTONI	A. PIUMA SCHNID
JOSE F. GROSSO	MIGUEL GRATACOS
ALBERTO PALCOS	RAMON SUAREZ
JACOBO R. RODRIGUEZ	RODOLFO J. CHIOLDI
FRANCISCO DOCAL	MIGUEL C. VALLE
ATILIO MEDAGLIA	CARLOS PASCALI
E. GONZALEZ MELLÉN	JOSE VILLALOBOS
M. LORENZO RARÓ	JOSE M. BRIZUELA
AMADEO ZEME	ALFREDO C. SAETTONE
LUIS MIRANDA	MANUEL DOMINGUEZ
JOSE ALONSO	CAYETANO ORIOLO
ARTURO BLANCO	JUAN CLERC

(BOLETA OFICIAL)

Primo de Rivera, defendendo, ao tempo, Lenin e o poder soviético: «la revolución bolchevique sacó a Rusia de un verdadero caos, volviéndola al verdadero cauce del progreso bajo la dirección de Lenin y de los obreros»³. A finais de xaneiro de 1924, o de Sada será un dos seis oradores que participan no enterro civil que organizan a Lenin en Bos Aires as organizacións operarias arxentinas, nunha intervención que, en palabras do seu amigo e compañeiro na redacción de *Céltiga*, Eliseo Pulpeiro:

(...) conmovía a un público inmenso que celebraba un funeral cívico a la muerte de Lenin. Su voz era suave, profética, sin enconos, sin denuetos y las gentes salían conmovidas y sollozando del entierro del severo revolucionario eslavo.⁴

Son moitas as testemuñas de Suárez Picallo sobre o impacto que lle provocou a Revolución

3 SUÁREZ PICALLO, R. (13 de xaneiro de 1924): «Tiranía y democracia», en *El Correo de Galicia*.

4 PULPEIRO VILLAMIL, E. (7 de novembro de 1964): «Ramón Suárez Picallo», en *Orientación Gallega*.

Papeleta electoral do Partido Socialista Internacional, organización adherida ás teses de Lenin e antecedente do Partido Comunista Arxentino, por cuxas siglas Ramón Suárez Picallo concorreu a concelleiro en Bos Aires

Soviética, pero ningunha tan clarificadora para súa evolución ideolóxica como a recollida nunha carta remitida a Casares Quiroga en 1933:

Inicié mi vida espiritual y política en el movimiento socialista y en los sindicatos obreros de los oficios con los que, en la emigración tuve que ganarme el pan, en un país que es mirador y antena vibrátil de todas las inquietudes políticas y sociales del mundo. Dividido aquel movimiento ante los problemas dela post-guerra, especialmente la Revolución Rusa y la resurrección de las pequeñas nacionalidades oprimidas o aletargadas, formé parte en las filas comunistas, rama desprendida del viejo tronco socialista, convencido de que terminaba el ciclo histórico del capitalismo y de su representación política, el Estado imperialista. La Revolución Rusa, primero haciendo una Federación de Repúblicas y luego una Unión de Repúblicas reivindicaba los viejos pueblos rusos ahogados por el zarismo.⁵

A recepción do proceso revolucionario de 1917 non vai diferir no de Sada, malia atoparse na altura en posicións políticas diferentes, a dunha parte significativa dos membros das Irmandades da Fala, ao coincidir nacionalismo e leninismo na concepción antiimperialista do mundo e na preocupación polas clases traballadoras. Ao tempo, a proposta e a práctica dos bolxeviques, favorecendo a independencia das antigas colonias rusas e apoiando as loitas de liberación nacional, sitúa en primeiro plano a cuestión das nacionalidades e a loita anticolonial

5 CASTRO PÉREZ, X. (1985): *O galeguismo na encrucillada da II República. Tomo II*. Ourense: Deputación de Ourense, 873-874.



Ramón Suárez Picallo na súa época de deputado nas cortes constituíntes da República española en 1931

fronte á axenda do marxismo abstracto e chauvinista da II Internacional. Un exemplo disto atopámo-lo en escritos de Arturo Noguerol, López Cuevillas, Xoán Vicente Viqueira, Ramón Vilar Ponte ou Xaime Quintanilla, convencido de que «a revolución rusa pon ante o mundo este novo problema libertador (liberdades colectivas ou das nacións naturais) nacións esquecidas no vivir do tsarismo, xorden ao resente ao novo día dunha nova liberdade»⁶.

A particular experiencia que lle tocou vivir a Suárez Picallo durante a Guerra Civil na súa condición de avogado defensor dos milicianos republicanos na fronte de Aragón, algúns dos cales serían executados seguindo ordes de mandos do exercito popular afiliados ao PCE, vai provocar un distanciamento do de Sada co comunismo. O seu andazo anticomunista desta tempo non librará figuras tan caras para el como Luis Seoane, Arturo Cuadrado ou Daniel Castelao, de que chega a firmar en carta a Eduardo Blanco Amor probabelmente en 1942: «Castelao, desde que foi a Rusia entregouse por enteiro. Aplebeyaron. En New York anduvo tolo para que eu o axudase a servir o PC. (...) Non reaccionou e está feito unha piltrafa comunista»⁷. Porén, pasados eses ardores iniciais, o de Sada retomará os seus amores primeiros, deixando constancia na prensa chilena dos avances en todas as ordes da URSS, do papel do Exército Vermello na derrota do fascismo de que foi un devoto cronista ou da súa solidariedade cos militantes comunistas perseguidos como o seu vello amigo Vitorio Codovila.

6 A NOSA TERRA (10 de xullo de 1918).

7 SUÁREZ PICALLO, R. (2016): *Querido Eduardo. Cartas de Suárez Picallo a Blanco Amor*. Santiago de Compostela: Chan de Pólvora Editora, 81.

Nacionalista á forza de marxista

A incorporación de Suárez Picallo ás filas nacionalistas xorde da necesidade dunha alternativa política que dese resposta aos problemas de Galicia, vinculados estruturalmente ao colonialismo, da experiencia vivida no marco da Federación de Sociedades Galegas, cunha clara confrontación cos socialistas españois, e do impacto da Revolución Soviética. A incapacidade do socialismo español á hora de dar solucións aos problemas do povo galego é determinante na posición do de Sada que após declararse marxista conclúe:

O partido socialista hespañol non pode resolver os problemas que afectan á vida de Galicia. ¿Qué foi logo? Incomprensión do noso ambiente, dos nosos problemas, da nosa psicoloxía. Cousa allea, importada, que quixo apricarse tal como naceu e viviu n'outros países, con problemas distintos e con distinta mentalidade. O socialismo hespañol, pol-a súa mentalidade de anteguerra, pol-o seu xunguimento á ideoloxía centralista, pol-o seu practicismo cego a iste rexurdir do idealismo impulsado pol-o sentimento, pol-o seu industrialismo –tipo «Trade Unions» inglesas– n'un país pouco industrializado, e pol-a súa indiferencia fronte aos problemas que van da periferia ao centro (...).⁸

A súa reflexión é análoga á realizada noutras realidades coloniais por outros militantes de orientación marxista, particularmente aqueles que facían parte consecuente das loitas de liberación nacional,

8 SUÁREZ PICALLO, R. (26 de xullo de 1928): «Política galega», en *Céltiga*.



Ramón Suárez Picallo intervindo na Ferradura de Santiago de Compostela no acto constitutivo de Galeuzca. Xullo de 1933

diante dun corpo doutrinal codificado que imposibilitaba unha acción transformadora. Asemade, esta análise recupera o fío da mellor tradición marxista, aquela do Marx e do Engels que entendían a loita nacional como a primeira nas colonias, ou do Lenin que se debrozou fronte ao problema nacional ou dos socialismos triunfantes no Terceiro Mundo. Son centos os documentos nunha dirección semellante, algúns coetáneos co de Sada como Julio Antonio Mella ou Juan Carlos Mariátegui para América, outros de xeracións posteriores como Frantz Fanon ou Aimé Césaire que, após denunciar o «asimilacionismo inveterado» e o «chovinismo inconsciente» do Partido Comunista Francés, renuncia á súa militancia afirmando: «que ninguna doutrina es válida sino repensada por nosotros, repensada para nosotros, convertida a nosotros».⁹

Unha análise ás achegas políticas e doutrinais de Suárez Picallo ao nacionalismo galego supera o obxectivo do noso estudo, polo que imos limitarnos a reflexionar sobre algúns dos aspectos reitores do seu pensamento, cuxa construción teórica é debedora das necesidades da acción política. A chave de bóveda de todo o seu edificio ideolóxico parte da caracterización de Galiza como nación e, en consecuencia, suxeito de dereitos políticos que requiren unha practica autodeterminista para a súa concreción práctica. Nesta orientación, a necesidade dun novo marco de relación de Galiza co Estado e co mundo é unha necesidade vital para mellorar as condicións de vida dos galegos e para situar o país no camiño do progreso social. Xa que

logo, a reivindicación da autonomía non pasa de ser unha operación táctica para un momento concreto, entendido sempre como un punto de partida que non enche as aspiracións políticas dos nacionalistas. Outro tanto acontece co referendo do 28 de Xuño de 1936, cuxa lembranza ten que estar vinculada á vontade de ser dos galegos e en ningún caso debe levar aparelada a defensa sometido a votación.

Os escritos que lle ten dedicado a esta cuestión, tomando como referencia o Manifesto Nacionalista de 1918 que sempre considerou como o texto doutrinal básico, manteñen un nexos común, pero adaptado ás diversas circunstancias táctica. Aínda así, ningún explícita de xeito tan claro a súa posición como o recollido nunha carta remitida a César Alvajar en 1958:

A España centralista-castellana, fracasou como Estado, como comunidade de povos, como comunidade xurídica. Ensaíou todas as modalidades de monarquía –cesarista, absolutista e semidemocrática– todos os xeitos de dictaduras civís e militares e tamén dúas Repúblicas.

¿Causas? Un Estado artificial superposto enriba dos povos ibéricos e as súas ricas variedades: Un Estado de arriba pra baixo do centropra periferia. Hai que declarar caduco todo eso e darlle volta a todo. Non se deben volver a ensaiar cousas xa fracasadas. Todo canto se faga pro futuro ha de ser sobor da base da plenitude das vellas nacionalidades, voluntariamente axuntadas por virtude da súa autodeterminación.¹⁰

9 CÉSAIRE, A. (2006): «Carta a Maurice Thorez», en *Discursos sobre el colonialismo*. Madrid: Akal, 82.

10 SÚAREZ PICALLO, R (2008): *Ramón Suárez Picallo. Escolma de textos en galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 169.



Visita de Francisco del Riego a Bos Aires. De esquerda a dereita: Antón Alonso Ríos, Francisco del Riego, Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, Carlos Abraira, Conles Tizado, Ramón Suárez Picallo e Manuel Martínez Lamelas. Bos Aires (Arxentina), xullo de 1954

O nacionalismo entendíao asociado a un proxecto social porque: «Queremos, además, que el nacionalismo luche, no sólo por la libertad política e histórica de Galicia, sino que también esa libertad se traduzca en libertad económica y justicia social para el pueblo gallego»¹¹, chegando mesmo a afirmar en 1936 co programa económico do Partido Galeguista bebía da Revolución Soviética¹². Consideraba que: «Nuestro nacionalismo es de avanzada y rebelde, inspirada en los principios democráticos de los últimos tiempos y en el pensamiento revolucionario de los hombres que hacen del problema de las nacionalidades oprimidas una cuestión de libertad»¹³. Ao tempo, proclamaba o carácter progresista do nacionalismo establecendo: «la diferencia fundamental que existe entre el «chauvinismo» o nacionalismo imperialista y el espíritu de libertad nacional –esencialmente avanzado, liberal y pacifista– que tiende a reivindicar el derecho de los pueblos a disponer de sí mismos»¹⁴.

O marxismo galego

O marxismo galego, na súa formulación teórica e na súa concreción organizativa, é unha creación recente. A súa aparición na década dos sesenta, nun proceso semellante ao vivido noutras realidades coloniais ao longo do planeta nese momento histórico, foi explicado graficamente por un dos

seus fundadores, Bautista Álvarez, ao afirmar: «Se os cubanos a carón de Marx colocaron a Martí, os galegos puxemos a Castelao»¹⁵. Evidentemente, o marxismo chegou a Galiza con anterioridade a esa data; mesmo nas filas do nacionalismo anterior ao golpe fascista de 1936 son numerosos os militantes que se declaran marxistas, como Xoán López Durá, Luís Seoane ou Xosé Velo. Porén, funciona como unha doutrina xeral, cun conxunto de proposicións fechadas e exportadas, carente de calquera análise de fondo sobre o noso país, sobre a súa formación social e, xa que logo, incapacitada para facer propostas que non foron pensadas para outras realidades. Así as cousas, e parafraseando a oportuna clasificación fixada por Arico para América Latina, nun sentido estrito debemos reservar a denominación de marxismo galego para aquel que xorde nos anos sesenta ao asumir o nacionalismo e referirnos ao anterior a esa data e aos continuadores desa tradición como marxismo en Galiza.

A orixinalidade teórica de Ramón Suárez Picallo atópase precisamente na vontade de construír unha vía nacional ao socialismo, asumindo o carácter indisociábel da loita nacional e social, tomando como nutrinte as tradicións e as realidades políticas do noso país e asumindo o marxismo non só como unha teoría universal, senón como unha ferramenta creadora que permita unha asunción específica e descolonizada da problemática nacional e internacional. O de Sada, ao par que critica

11 SÚAREZ PICALLO, R. (7 de novembro de 1926): «Nuestro nacionalismo», en *El Despertar Gallego*.

12 SÚAREZ PICALLO, R. (16 de novembro de 1937): «As posibilidades do noso estatuto despois da guerra», en *Nova Galiza*.

13 SÚAREZ PICALLO, R. (7 de novembro de 1926): «Nuestro nacionalismo», en *El Despertar Gallego*.

14 *Ibidem*.

15 ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ, B. (2013): «Discurso de apertura do XII Congreso da Unión do Povo Galego», en *Obras escollidas. Tomo II*. Santiago de Compostela: Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, 265.

«A orixinalidade teórica de Ramón Suárez Picallo atópase precisamente na vontade de construír unha vía nacional ao socialismo, asumindo o carácter indisociábel da loita nacional e social»

o socialismo español, en Galiza formula a necesidade «[d]un movemento socialista galego, neta- mente galego, d'acordo coa modalidade do noso espírito, dos nosos problemas agrarios, políticos i-económicos»¹⁶, defende unha lectura non dog- mática da nosa estrutura de clases: «En Galicia no existe un proletariado campesino ni una pequena burguesía, sino una clase campesina ahogada por el fisco»¹⁷, ou mesmo propón unha relectura da contradición capital/traballo, dando á terra esta última consideración.

Os eixos definatorios da nosa dependencia e correlato desta estrutura social lévao a apostar por estruturas organizativas de carácter frontista e pluriclasista: «ao lado do esforzo xornaleiro, necesi- tamos da axuda de algúns capitalistas xenero- sos –desgraciadamente estos cóntanse cos dedos d'unha man e aínda sobran dedos–¹⁸, fixando como obxectivo «o primeiro, o inmediato pra un verdadeiro galeguista ten de ser o reconquerimen- to pra Galicia da súa condición de povo ceibe»¹⁹. O descoñecemento da figura de Suárez Picallo por parte da xeración que lle tocou reconstruír o nacionalismo en pleno franquismo, a consecuen- cia do silencio imposto sobre a experiencia políti- ca anterior a 1936, non impediu que o novo nacio- nalismo rematase por recoñecer como precursor e actuar como continuador da obra do de Sada. ●

Bibliografía

- BERAMENDI, J. (2 de outubro de 2014): «Un pionei- ro da esquerda nacionalista», en *Sermos Galiza*.
- CORES TRASMONTE, B. (1983): *Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galleguismo y movilización de masas en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- DAVIS, H. B. (1972): *Nacionalismo y socialismo*. Barcelona: Ediciones Península.
- KOHAN, N. (2002): *Ni calco ni copia. El marxismo latinoamericano*. La Habana: Ediciones Casa de las Américas.
- LENINE, V. I. (1981): *Obras Escolhidas. Tomo I*. Lis- boa: Edições Progreso-Edições Avante.
- PÉREZ LEIRA, L. (2008): *Ramón Suárez Picallo, el primer diputado de la emigración*. Vigo: Edi- ciones de Grupo de Comunicación de Galicia no Mundo.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (2016): «A revolución bolxevique e as Irmandades da Fala», en T. Moure Pereiro: *Bolxeviques 1917-2017*. Vigo: Xerais, 109-129.
- SUÁREZ PICALLO, R. (2008): *Ramón Suárez Picallo. Escolma de textos en galego*. Santiago de Com- postela: Consello da Cultura Galega.
- VILLARES, R. et al. (2009): *Ramón Suárez Picallo. A voz esquecida do galleguismo*. A Coruña: Comisión Irmáns Suárez Picallo e Deputación da Coruña.

16 SÚAREZ PICALLO, R. (26 de xullo de 1928): «Política galega», en *Céltiga*.

17 PITA, E. (14 de outubro de 1932): «Semblanzas de emigración. Ramón Suárez Picallo», en *El Pueblo Gallego*.

18 SÚAREZ PICALLO, R. (26 de xullo de 1928): «Política galega», en *Céltiga*.

19 Ibídem.



BELÉN CASTELLANOS RODRÍGUEZ

Doutora en Filosofía

Entrevista a Belén Castellanos: Catro preguntas sobre autodeterminación, leninismo e revolución

Resumo

Análise das dificultades coas que esquerda española se enfrenta ao dereito de autodeterminación na actualidade, como o leninismo nos pode axudar a pensar o presente, que tipo de interacción ou incompatibilidade pode haber nas diferentes loitas actuais e, concretamente, a liberación nacional e o socialismo no momento presente.

Palabras chave: Lenin, capitalismo, nación, loita.

Belén Castellanos Rodríguez. Doutora en Filosofía cunha tese sobre a idea de Inconsciente e desexo en Gilles Deleuze e a psicanálise que nos achega aos discursos filosóficos da antigüidade grega. Premio extraordinario de Doutoramento. Investiga en varios proxectos da uned e da UCM. Numerosas publicacións en revistas internacionais de filosofía e ciencias sociais. Interese especial en correntes filosóficas contemporáneas: Heidegger, postestructuralismo, Bataille... que recuperan o pensamento ontolóxico dos inicios da Filosofía.

Abstract

An analysis of the current difficulties encountered by the Spanish left when faced with the right to self-determination, discussing how Leninism can help understand the present, the kind of interaction and incompatibility that may arise regarding different struggles today and specifically addressing the issue of national liberation and Socialism at the current time.

Keywords: Lenin, capitalism, nation, fight.

Belén Castellanos Rodríguez holds a PhD in Philosophy with a dissertation on the concept of the subconscious and desire in Gilles Deleuze and psychoanalysis, involving the philosophical discourses of Ancient Greece. Outstanding doctorate award. She participates in several research projects run by the Spanish Distance Learning University (UNED) and the Complutense University in Madrid. She has published widely in international journals in the fields of philosophy and social sciences. She has a special interest in contemporary philosophical currents, e.g. Heidegger, poststructuralism, Bataille, etc. which return the ontological thought of the early days of Philosophy.



O imaxinario da identidade española fronte ao dereito de autodeterminación e o recoñecemento da realidade plurinacional

(AUGUSTO FERRER-DALMAU: QUIJOTADA CARLISTA)

«A implantación do bloque socialista e o marco da Guerra Fría deron lugar a un proceso (...) en que a identificación e simpatías nacionais (ou estatais) traducían opcións políticas reais, sexa americanista ou europeísta, sexa prosoviético ou prochinés»

1. Porque lle custa tanto á esquerda española actual aceptar o dereito de autodeterminación?

Desde os anos 60 e até principios dos 90, non só a militancia comunista, senón unha boa parte da sociedade abandonara calquera tipo de fetichismo vinculado, como o españolista, ao orgullo patrio. Deixabamos atrás a cultura de posguerra e as exaltacións nacionais que insuflaran ánimos durante a Segunda Guerra Mundial e a Guerra Civil española. Se a construción burguesa dos Estados-nación reificaba a consciencia de clase en consciencias nacionais interclasistas e os conflitos socioeconómicos en identidades territoriais, a implantación do bloque socialista e o marco da Guerra Fría deron lugar a un proceso contrario, en que a identificación e simpatías nacionais (ou estatais) traducían opcións políticas reais, sexa americanista ou europeísta, sexa prosoviético ou prochinés. Non importaba tanto cal era o territorio, nin se nacésemos nel ou non: importaba como era o territorio, como se administraba; importaba se era capitalista ou se era socialista. Durante eses tempos, a cousa estaba

máis clara: a esquerda abandeirábase con foudes e martelos ou co A do anarquismo, e a dereita coas bandeiras nacionais. Os movementos independentistas e de liberación nacional que lograban politizar e xerar contrapoder; inscribíanse en proxectos revolucionarios anticapitalistas. Con todo, coa caída do Muro e o derrubamento da Unión Soviética, os imperios capitalistas tiveron que buscar novos inimigos. Os dispositivos ideolóxicos burgueses souberon reciclar o espírito internacionalista en cosmopolitismo multinacional e globalizante, flexibilizábanse as fronteiras aos fluxos de capital e exterminábanse por completo as culturas que Lévi-Strauss comezara a chorar en *Tristes trópicos*. Entón, creouse o inimigo fundamental e primeiro perigo a bater: o fanatismo, sendo fanatismo todo modo de pensamento político que atentase ou cuestionase as unidas democracias estatais burguesas. Desde ese momento, a condena do terrorismo converteuse no mínimo común para coar un discurso político. Creouse unha nova homoxeneización social, a da unidade contra o terrorismo, a da «heroización» dos corpos de seguridade, a da



Segregación: un home afroamericano bebe dun arrefriador de auga «de cor» en Oklahoma City, en xullo de 1939

popularización de reis, princesas e terratenentes, a do disfrace deportivo do Estado (selección de fútbol, atletas mediáticos...). Estamos no clímax deste fenómeno e parece que defender a supervivencia dos servizos públicos, promover o deporte e até ler o *Quixote* pasa por defender a unidade de España e o orgullo de ser español, coma se máis que escritores, deportistas, médicos, enfermeiras, profesores, administrativos, mecánicos ou músicos, fósemos españois. Os episodios negros do imperio español e a actual realidade de corrupción, mafia, pobreza e violencia son asumidos. Baixo este panorama, todo o que soa a autodeterminación, soa a terrorismo... e ningunha forza política pode sobrevivir sen desmarcarse, se non, condenalo.

2. En que medida podemos prescindir de Lenin para pensar desde a esquerda?

Podemos prescindir de Lenin sempre que queiramos da política unha utopía irrealizábel en que refuxiarnos e reconfortarnos. Con isto, non quero dicir que a obra de Lenin teña que ser subscrita punto por punto para configurar un pensamento anticapitalista. Manter vivo o seu legado é manter viva a pregunta 'Que facer?'. Esquecemos a importancia e o carácter imprescindíbel desta pregunta cada vez que poñemos ideais, representacións e discursos por encima da realidade concreta: relacións materiais de produción, vidas en xogo, sufrimento, necesidade de recoñecemento e expresión, de dereito a existir autenticamente... O berro de xustiza ha de vir apoiado por unha reflexión esforzada sobre que facer: que facer agora, tal e como están as cousas, tal e como son as correlacións de forzas, tal e como se define este

país que chamamos España na súa política exterior, nos seus convenios, nas súas lexislacións económicas, na súa pertenza a organizacións como a UE e a OTAN, no uso das súas forzas militares, tal e como nos prové ou priva de dereitos sociais e civís... Paréceme que Lenin, ademais de sobrevivir como icona da revolución, simboliza, sobre todo, o esforzo por desenmascarar as construcións ideolóxicas estatal-capitalistas nun panorama en que o capitalismo comezou a súa esquizofrenia discursiva, a súa capacidade para dar a volta aos slogans: xustifícanse invasións con proclamas feministas ou atentados ecolóxicos e verdadeiros xenocidios con non sei que propósito de progreso. Para saír da caverna hoxe, necesitamos o espírito leninista, a análise concreta da realidade concreta, o estudo dos efectos de cada nova lei sobre a vida real, e só desde aí saber onde están, en cada caso, os nosos e por parte de que axentes vai ser aproveitábel a nosa postura en cada asunto.

3. O feminismo e outras novas loitas actuais poden substituír a loita contra o capitalismo?

Un verdadeiro feminismo, un verdadeiro ecoloxismo ou un verdadeiro animalismo, constitúense como lugares desde os que devir revolucionario. Ser feminista é ser consciente de como o capitalismo fai das nosas vidas como mulleres vidas inhabitábeis, de como os códigos de xénero cobren toda unha rede de traballo mergullado que o sistema non só explota, senón que nin tan sequera reconece, de como as estruturas de parentesco subscritas ou deseñadas polo liberalismo nos converten en bens alienábeis, en maquinaria



Judith Butler (Cleveland, Ohio, 1956), intelectual e destacada pensadora feminista estadounidense

de produción, na propiedade privada doutro. Nin a muller, nin os valores asociados a este xénero (coidados, afecto, amor, cooperación, delicadeza, asunción da vulnerabilidade...) poden subsistir no capitalismo. Non se pode ser muller no capitalismo, nin temos outra opción, por certo. Ser animalista ou ser ecoloxista é ser consciente do valor da natureza, do sentido das vidas e os seres, que non se esgota na súa utilidade, e de que non hai capitalismo sen sufrimento e crueldade. Creo que cada comunista, ou cada anarquista, chega a selo a partir dun malestar propio. Ás veces, ese malestar é a pobreza, pero outras veces ese malestar é a tiranía da familia ou o desprezo das institucións. Neste punto, gustaríame lembrar Gianni Vattimo, cando, nunha entrevista, dicía que el se fixo comunista porque era gai. Non tendo a mala fortuna de vivir a falta de recursos económicos dun modo desgarrador ou perentorio, experimentara, con todo, o tratamento que o capitalismo dispensa aos que non van funcionar como pezas na reprodución de man de obra, na produción de afectos e de modos de subxectivación vantaxosos para a capacidade

capitalista de negociación. Calquera persoa que non se poña en risco de ser chantaxeada polo sistema a través da responsabilidade paterna ou que esvaeza o rol de xénero ameazando, entón, o esquema de dominación no ámbito sexo-afectivo ou que non recree as ambicións familiares das que o capitalismo saca fonda rendibilidade, pagará un prezo importante (soidade, estigmatización, indefensión...). Neste mesmo sentido, Judith Butler ten un texto chave, *O marxismo e o meramente cultural*, en que explica como o xénero, a raza ou a orientación son formas diversas de vivir a clase, de ser proletariado.

4. Que compatibilidade hai entre as loitas de liberación nacional e polo socialismo?

Non se podería dicir que as loitas nacionais foron asuntos menores. Máis ben poderíase dicir que as loitas nacionais se consideraban loitas propias da burguesía e dos seus intereses. Con todo, a revolución soviética, por exemplo, non deu as costas á cuestión nacional, senón que exhibiu unha importante sensibilidade e esforzos intelectuais e

«Podemos prescindir de Lenin sempre que queiramos da política unha utopía irrealizábel en que refuxiarnos e reconfortarnos (...) Manter vivo o seu legado é manter viva a pregunta 'Que facer?'»



Simone de Beauvoir, Jean Paul Sartre e Fidel Castro, A Habana (Cuba), marzo de 1960

Gianni Vattimo (Turín, 1936) é un filósofo italiano e activista político, identificado coa hermenéutica, a posmodernidade e outros sincretismos. É unha figura significativa do denominado pensamento feble.



políticos para resolver cal sería o mellor postura da clase obreira ante este tipo de conflitos. Aquí é onde atopamos algunhas das máis interesantes achegas de Lenin, polo seu atino e actualidade. Basicamente afirmaba que a clase obreira tería que ser neutral, pero ser neutral consistiría en apoiar o dereito de autodeterminación e favorecer o desenvolvemento da nación oprimida. Eu realmente non entendín até hai ben pouco o que se quería dicir con «nación oprimida». A maior parte da xente escandalízase cando unha di que Catalunya é unha nación oprimida, por exemplo. Non entenden como Catalunya, rica en recursos e en relacións financeiras, pode ser «oprimida». Pois o caso é que si. Cando se fala de nación oprimida, dise oprimida despois de que nación, do mesmo xeito que existe unha opresión machista ou heteropatriarcal, que sufoca de varias maneiras o benestar, a libre expresión e o dereito para ter un proxecto de felicidade propio, de mulleres, membros da comunidade LGTBI, independentemente de que estas persoas contén ou non cunha capacidade adquisitiva digna. Simplemente son xéneros ou nacións oprimidas porque non poden ser o que son. Unha nación é oprimida en relación a outra que a opri-me. A opresión consiste en recoñecerlle a unha o dereito á forma Estado e a outra non. Por varias razóns, a construción do socialismo require a previa liberación nacional e, dado que o capitalismo é imperialista, a liberación nacional pode mesmo converterse nun modo de resistencia ante o capitalismo na súa fase globalizada e monopolística. Así, cando o goberno de Venezuela nacionaliza o Banco Santander ou o de Cristina Kichner Repsol, acometen unha acción de tipo socialista e tamén

de liberación nacional. O proxecto soviético pasou pola liberación nacional dos territorios anexionados a Rusia para logo reunirse con algúns deles nunha república federal ou para manter excelentes relacións con outras que, como Finlandia, quedaron fóra. Iugoslavia foi un extraordinario exemplo de convivencia pacífica de culturas desde o respecto ás nacións, á súa identidade cultural, ás súas linguas, relixións, etc. Uníronse si, pero uníronse nun proxecto socialista en que unha nación non absorbía, nin dominaba por encima das outras. Habería que lembrar tamén que a forma Estado é unha forma de convivencia e administración provisional para calquera comunista que o sexa. A unidade de decisión política na URSS non eran os Estados membros, nin o Estado central, senón que eran os Soviets, do mesmo xeito que en Cuba son os CDRs, comunidades pequenas nas cales a participación e a delegación política poden ser reais. A respecto do feminismo ou loita da muller, non esquezamos que a URSS foi o primeiro país en que foi legal e efectivo o divorcio, o dereito ao aborto, a despenalización da homosexualidade, etc. Hoxe, Cuba é un país pioneiro en avances médicos destinados á reasignación de sexo, que se ofrece ademais de maneira gratuíta. Creo que son avances importantes. Ben é certo que, con todo, a URSS e demais países do bloque socialista se estancaron en certos asuntos simbólicos, na medida en que, por exemplo, non chegou a abolirse o matrimonio. Aínda que non tivese ningunha transcendencia, nin consecuencia, pois chegaron a non ser sequer rexistrados, o ritual e a súa supervivencia representativa bloquearon, en certo xeito, as posibilidades de novas formas de vida afectiva. ●



RONALDO CARMONA

Cientista social, Mestre e doutorando em Geografia Humana, é pesquisador da Universidade de São Paulo e da Fundação Maurício Grabois

► Hoje em Latinamérica está asumida a necessidade de partir da propia experiencia histórica e intelectual para pensar o marxismo.

Marxismo e Questão Nacional: uma visão latino-americana

Artigo para a revista *Terra e Tempo*, concluído em 11/09/2017

Resumo

O artigo a seguir argumenta, inicialmente, sobre a crise da globalização e a crescente afirmação de saídas nacionais no contexto da crise do capitalismo. Aponta, como o *mal estar*, especialmente dos trabalhadores, com a globalização vai resultando em consequências políticas de vulto na conjuntura atual. A seguir, pontua visões presentes nos fundadores do marxismo – o próprio Marx e Lenin – a respeito da valorização das singularidades nacionais no curso da luta revolucionária. Argumenta que as experiências exitosas de construção do socialismo têm a questão nacional em seu vértice. Por fim, resgata o cerne da polêmica do peruano Mariátegui com a direção sul-americana da III Internacional; observa traços da experiência dos comunistas no Brasil e pontua tendências históricas e hodiernas da revolução cubana, que exemplificam traços da manifestação da questão nacional na tradição marxista latino-americana.

Palavras-chave: marxismo, Nação, nacionalismo, América Latina.

Abstract

This article opens with an analysis of the crisis of globalisation and the growing trend towards national solutions within the context of the Capitalist crisis, showing how discontent with globalisation, notably on the part of the workers, has major political consequences in the current situation. The article then goes on to present the views of the founders of Marxism (namely, Marx himself and Lenin) regarding the need to take into account national differences during the revolutionary struggle. The author argues that successful experiences regarding the construction of Socialism are underpinned by the national question. Finally, it discusses the disagreement between the Peruvian Mariátegui and the South-American leadership of the III International, highlighting features of the experience of the communists in Brazil and historical and current trends within the Cuban Revolution which illustrate the way the national question is expressed in the Marxist-Leninist tradition in Latin America.

Keywords: Marxism, Nation, nationalism, Latin America.



O problema nacional no marxismo é tema teórico e político *clássico*, que perpassa sua trajetória e relaciona-se não apenas com a luta pelo poder político das forças revolucionárias, mas também aos desafios da construção do socialismo. Tema clássico, é ao mesmo tempo tema absolutamente contemporâneo, tendo em vista as características da época presente.

O mundo de nossos dias assiste a um reposicionamento da centralidade da questão nacional. A fase contemporânea da globalização, a rigor, que se inicia com a decisão unilateral dos Estados Unidos, em 1971, de pôr fim do padrão monetário acordado em *Bretton Woods*, tomou folego após o fim da contenda da guerra fria com a vitória do bloco ocidental liberal. Ao longo destas quase cinco décadas, junto com a hipertrofia da financeirização, o deslocamento produtivo foi outra marca, gerando efeitos dramáticos nas antigas regiões industriais dos países centrais. Mais recentemente, a partir da crise de 2007, e a acentuação da queda da renda, desemprego e precarização, combinada com a incapacidade da retomada do dinamismo nas economias centrais,

o *mal estar da globalização* passou a se manifestar fortemente no centro do sistema.

Ao mesmo tempo, na «periferia», velhos e novos atores do sistema internacional foram emergindo num movimento que, objetivamente, foi mudando o quadro de forças no mundo. O mais representativo desse fenômeno é a China, que no PIB medido em *paridade de poder de compra* já é a principal economia global. Na América Latina, foram quase duas décadas de governos de orientação patriótica, desenvolvimentista e voltados às maiorias trabalhadoras. Apenar de trucado no principal país (Brasil), governos com estas características seguem resistindo, como é o caso da Venezuela.

Este mal estar com a globalização começa a produzir fortes efeitos políticos no centro e na «periferia» do sistema, naquilo que alguns já alinham de movimento de *desglobalização*. Nos Estados Unidos e em países da União Europeia cresce o prestígio entre as massas populares e trabalhadoras de forças, que retórica ou efetivamente se apresentam como dissonante da orientação liberal até então hegemônica. Ideias como a proteção da



Mao Zedong, segundo pola esquerda, en 1935, durante a «Longa marcha». Nado o 26 de decembro de 1893 e morto o 9 de setembro de 1976, foi o máximo dirixente do Partido Comunista da China (PCC) e da República Popular da China. Baixo o seu liderado, o Partido Comunista fíxose co poder na China continental en 1949, cando se proclamou a nova República Popular.

economias nacionais, a reindustrialización e o cetismo com o libre comércio cada vez mais passam a ir se impondo. Os países em desenvolvimento, sobretudo os grandes – que podemos simbolizar nos BRICS – passam a utilizar-se cada vez mais de modelos de desenvolvimento com acentuadas tendências autárquicas, com maior ativismo estatal na regulação e na indução do desenvolvimento e na utilização de mecanismos de capitalismo de Estado.

Diante destes novos fenómenos da situação internacional, as forças de esquerda reagem de modo diverso. A social-democracia clássica, europeia e norte-americana, desmoralizada com sua adesão ao neoliberalismo desde os anos 1990, naufraga. Noutro extremo, forças dogmáticas, que seguem interpretando o marxismo como uma bíblia, têm dificuldades de ter maior relevância na luta real. Há ainda certa esquerda «identitária», que há anos vem num movimento de sobreposição da luta nacional e de classe por bandeiras de agrupamentos de subjetividades, que atomizados em suas lutas, ainda que por vezes justas, são cooperáveis e estimuladas pelo *sistema*.

É nesse cenário novo, complexo, de um mundo em transição, cada vez mais instável, que as forças marxistas se deparam ao chegarmos ao centenário da grande epopeia do proletariado com a Revolução Soviética de 1917.

Nesta contribuição, além desta breve introdução, nos propomos a revisitar o problema teórico da assimilação da *questão nacional* pelo marxismo, para em seguida observar esta questão na América Latina a partir de suas principais experiências.

A nacionalização do marxismo: breves considerações teóricas

O debate sobre a questão nacional esteve presente e foi objeto importante de preocupação em Marx, Engels e Lênin, os quais, entretanto, desviados por prioridades *epistemológicas* relativas ao estabelecimento de fundamentos ontológicos da teoria, produziram apenas assistematicamente a respeito do nacionalismo.

Havia condições para generalizar uma teoria marxista sobre a questão nacional quando do surgimento da teoria? Parece-nos que não; tratava-se,

«Ideias como a proteção da economias nacionais, a reindustrialização e o ceticismo com o livre comércio cada vez mais passam a ir se impondo»

num primeiro momento, de afirmar grandes postulados e princípios universais da teoria revolucionária, tais como o problema da emancipação revolucionária de classe, da afirmação teórica e metodológica do materialismo dialético e histórico como seu fundamento e de uma crítica consistente e histórica ao capitalismo – atualíssima, como se percebe hoje, inclusive fora das fileiras do próprio marxismo.

Marx quase nada avançou no que seria a nova sociedade; não se dedicou a qualquer exercício de *futureologia*. Como diz Eric Hobsbawm: «grande parte dos debates marxistas posteriores são específicos do século xx e não se encontram em Karl Marx, em particular a disputa sobre como poderia ou deveria ser na realidade uma economia socialista.»¹ O mesmo podemos dizer a respeito da questão nacional relacionada a transição ao socialismo – tema que a luta pelo poder político, e após a conquista deste, na edificação nacional do socialismo, trataram de impor centralidade.

Não obstante, Karl Marx considerava como essencial a singularidade das formações econômico-sociais. Diz ele que:

(...) eventos notavelmente análogos, mas que ocorrem em meios históricos diferentes conduz a resultados totalmente distintos. Estudando separadamente cada uma destas formas de evolução e então as comparando, se pode encontrar facilmente a chave destes fenômenos, mas nunca se chegará a isto mediante a chave mestra universal de uma teoria histórico-filosófica geral, cuja suprema virtude consiste em ser supra-histórica. [*Crítica ao Programa de Gotha*]

¹ *Como cambiar el mundo*. Editora Critica, 2011.

Em Lênin, nos parece que há, pelo menos, duas grandes contribuições ao debate sobre a questão nacional do ponto de vista do marxismo:

a) No duro debate com Rosa Luxemburgo, «à esquerda», e com Otto Bauer, «à direita», sendo a primeira acentuadamente *economicista*, e o segundo permeado por uma visão *culturalista*. Enfrentando esta polêmica teórica chave para o desenvolvimento do marxismo, Lênin desenvolve o conceito de *autodeterminação dos povos*, na qual reconhece o *direito* das nacionalidades à independência nacional. Tal conceito também inspirou e mesmo deflagrou o movimento anticolonialista e de libertação nacional que marcou o século xx e que se desenvolve a partir da Revolução de Outubro de 1917.

b) Outra grande contribuição de Lênin à questão nacional leninista se dá no desenvolvimento da *teoria do imperialismo*, em especial a partir do conceito de *desenvolvimento desigual do capitalismo*; em algo que é absolutamente atual para o debate da questão nacional nos nossos dias.

No embate com a posição esquerdista-dogmática e *cosmopolita radical* de Rosa Luxemburgo e Trotsky, Lênin formula e valoriza, no clássico *Esquerdismo, a doença infantil do comunismo*, a centralidade da questão nacional para a luta revolucionária. Para ele:

(...) o que importa agora é que os comunistas de cada país tenham em conta, com plena consciência, as particularidades concretas que adquirem esta luta e deve adquirir inevitavelmente em cada país, *segundo as características originais de cada economia, de sua política, de sua cultura, de sua composição nacional*.

José Carlos Mariátegui La Chira
(Moquegua, 14 de xuño de 1894-Lima,
16 de abril de 1930) foi un escritor,
periodista e pensador político peruano.



O marxismo sempre teve que se defrontar com uma visão dogmática e ortodoxa – uma deformação de «juventude» no marxismo – que busca apresentar contradição e mesmo oposição entre questão nacional e de classe. Visão tosca, primária, de essência antimarxista, vê a nação como uma espécie de «comitê de assuntos da burguesia»; manter distância é prudente para não «contaminar» a «pureza» da classe. Na mesma chave, encontra-se uma deformação do conceito de *internacionalismo proletário*, representada por sua radicalização apátrida, que o transforma num cosmopolitismo extremo, que frequentemente se choca com a realidade do proletariado possuir um «chão nacional».

Nossa tese é que, confrontados com a luta pelo poder político e com crescente prestígio entre as massas, o marxismo, diante de uma luta que é objetivamente nacional, crescentemente se aproximou do nacionalismo. Ou ainda, em outras palavras, fundiu seus grandes princípios universalistas com a formação econômico-social concreta, no contexto de seu desenvolvimento.

Afinal, a teoria responde a práxis: não é abstração idealista nem diletante; diante da realidade, a teoria universal do proletariado *se nacionaliza*, se aproxima do *chão nacional* onde ocorre o curso concreto da luta pelo poder político da classe.

Assim, as primeiras formulações mais sistemáticas aparecem quando os marxistas se defrontam com a luta pelo poder político em escala nacional. É assim, no ambiente do *mosaico de nacionalidades* do Império austro-húngaro – e do crescimento da influência do Partido social-democrata – que aparecem as teorias de Otto Bauer. É ainda no Império czarista que surgem as primeiras indicações de

Lênin a respeito do tema – teoria da autodeterminação dos povos – e logo depois, uma conhecida obra de referência de Stalin.

A abordagem «não-europeia» aparece quando a luta pelo socialismo transborda à periferia do sistema e quando a dimensão nacional da luta anti-imperialista se apresenta com maior nitidez. Assim, surgem então importantes contribuições a partir de Mao Zedong, Ho Chi Minh, José Carlos Mariátegui e, mais tarde, independentistas africanos, como Amílcar Cabral e Frantz Fanon.

Hoje, os países socialistas põem em primeiro plano seus próprios interesses nacionais, combinados com iniciativas internacionalistas que, à rigor, estão em consonância com estes interesses nacionais. Não se trata de qualquer egoísmo chauvinista, mas de responder aos desafios da construção socialista que é objetivamente nacional.

Ademais, vale registrar que as experiências de construção do socialismo incorporou o nacionalismo como fator de emulação nacional na conquistas de grandes objetivos nacionais ligados ao progresso econômico e social.

Ho Chi Minh, nado o 19 de maio de 1890 e morto o 2 de setembro de 1969, foi un político e revolucionario vietnamita, e presidente (1954-1969) de Vietnam do Norte.

«A experiencia cubana é una comprobación empírica que as experiencias exitosas de construción do socialismo – isto é, as que resistiram a *debacle* de 1989/1991 – são aquelas que lograram incorporar aspiracións nacionais profundas da Nação e da nacionalidade»



Tendo em vista o até aqui exposto, concluímos que, no curso do desenvolvemento da teoría marxista, na medida em que ganha prestígio entre as massas, há una aproximación crescente, una relación de convergencia entre socialismo e cuestión nacional.

Manifestacións da *nacionalización do marxismo* em três experiencias latino-americanas

A contenda teórica entre o peruano José Carlos Mariátegui e a visión dogmática e eurocêntrica do Bureau Sul-americano da III Internacional é una referencia histórica e teórica da mais elevada relevancia no debate marxista sobre a cuestión nacional.

Profícuo intelectual, autor de estudo da formación económica e social peruana que até hoje é a principal interpretación a respeito desta formación social – *Siete Ensayos de Interpretación de la Realidad Peruana* (1928) – Mariátegui argumentou junto à III Internacional a especificidade da forza motriz da revolución em seu país que, por um lado, possuía diminuta clase operaria fabril

e, por outro lado, una massa indígena proletarizada, fortemente impactada por visións colectivistas propias de una especie de *comunismo primitivo andino*.

A lectura oficial do Comintern, entretanto, considerava que o conxunto dos países latino-americanos se enquadra nunha condición de países semicoloniais, em dependencia do capital imperialista. Non havendo distincións nacionais, habería una táctica e una estrategia común a todos os países e partidos. Assim, fixava-se ao maior dos equívocos na luta transformadora que é a uniformización das formas de luta e de suas bandeiras.

No Brasil, antes mesmo dos *Siete ensayos*, em 1926, um dos fundadores do Partido Comunista do Brasil, Otávio Brandão, buscara una interpretación propia da realidade nacional ao publicar *Agrarismo e industrialismo*, com o subtítulo de «ensaio marxista-leninista sobre a revolta de São Paulo e a guerra de clases no Brasil – 1924».

No Brasil, aliás, podemos encontrar una segunda manifestación de nacionalización do marxismo, relacionada ao debate clásico da ciencias



Presidentes de Venezuela (Hugo Chávez), Argentina (Néstor Kirchner), e Brasil (Lula da Silva), que, apesar das suas diferenças, encarnaram uma maneira de tentar realizar transformações sociais que arrincaram da prioridade de defesa da soberania dos seus respectivos países.

sociais brasileiras acerca das singularidades de sua formação social. Dentre a tríade clássica de interpretação do Brasil e de seu povo, está a obra *Formação do Brasil Contemporâneo*, de 1942, escrita por Caio Prado Júnior, importante intelectual marxista.

A relação dos comunistas brasileiros com a questão nacional certamente, em termos históricos, oscilou conforme as vicissitudes nacionais e do próprio movimento comunista internacional. Ao longo do prolongado período nacional-desenvolvimentista no Brasil, sempre que os comunistas perfilarão aliança com a corrente trabalhista, a causa nacional avançou, como foi o caso do segundo governo de Getúlio Vargas (1951-1954). Da mesma forma, as razões da divisão dos comunistas brasileiros no início dos anos 1960 não se deveu, ao contrário do que comumente se apresenta, apenas por reflexos das divisões ideológicas no movimento comunista internacional; suas razões internas tiveram relação com o abandono do Programa partidário de 1954 e da própria aliança nacional-popular.

O programa do PCdoB atual, aprovado no Congresso de 2009, tem como centro a proposta de Novo Projeto Nacional de Desenvolvimento (NPND), cuja consecução, argumenta-se, vai: «dando clareza à centralidade da questão nacional como exigência da luta de classes na contemporaneidade, dialeticamente relacionada à luta pelo socialismo», consubstanciada na ideia-força «Nação forte, Rumo socialista». Noutras palavras, a luta pelo socialismo passa pela afirmação da Nação e de suas potencialidades e vice-versa, numa simbiose entre Nação e marxismo.

Por fim, a experiência cubana é uma comprovação empírica que as experiências exitosas de construção do socialismo – isto é, as que resistiram a *debacle* de 1989/1991 – são aquelas que lograram incorporar aspirações nacionais profundas da Nação e da nacionalidade e nas quais o próprio Partido Comunista logrou conformar-se no Partido da Nação e da unidade nacional. É o que se observa em Cuba, mas também na China, no Vietnã, na Coreia e no Laos, cada qual com suas profundas particularidades nacionais.

Em estudo sobre a Revolução Cubana², argumentamos que a Revolução de 1959 foi, na verdade, a terceira tentativa, esta exitosa, de libertação do jugo colonial – as anteriores foram a insurreição revolucionária *mambí*, de 1868-1878, liderada por Céspedes e Maceo e o desembarque de 1895, de Máximo Gómez e José Martí, ambas derrotadas.

Hoje, no curso das políticas de aperfeiçoamento no socialismo em Cuba, a *questão nacional cubana* continua sendo a manutenção do socialismo como pressuposto à própria manutenção da autonomia, independência e dignidade nacional.

Em síntese, nosso argumento é que o problema nacional se entrelaça profundamente com a luta pelo socialismo. Compreender esta questão, em meio às reflexões dos legados da experiência da Revolução de 1917, tendo em vista deflagrar uma nova luta pelo socialismo, em meio a uma complexa situação internacional, está na ordem do dia. ●

2 Refiro-me a «50 anos da Revolução Cubana: fatores do êxito, legados à nova luta pelo socialismo» publicado em *Cuba: 50 anos de Revolução* (Ed. Anita Garibaldi / Fundação Maurício Grabois, 2009).



Cartaz da Xornada Internacional de Solidariedade con América Latina. Deseño de Asela Pérez. 1970



XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

Filósofo

Leninismo e movementos de liberación nacional da segunda metade do século XX

Resumo

Após a IIª Guerra Mundial, o colonialismo faise insostíbel desde o punto de vista teórico e xeopolítico. Con todo, as metrópoles manterán unha resistencia encarnizada a abandonar estas posesións. Novas potencias emerxentes que non posuían esas conquistas territoriais como é o caso dos EUA van tratar de substituílo por un neocolonialismo máis eficiente que supoña unha maior extracción e espolio dos recursos, tentando aforrar os custes da ocupación. Os movementos de liberación nacional do mundo precisaban dunha teoría que lexitimase as súas demandas (dereito de autodeterminación), propuxese unha fórmula organizativa axeitada para enfrontar unha acción revolucionaria (conquistar a independencia) e un programa económico que puxese os medios de produción do país ao servizo do propio povo (o socialismo).

Palabras chave: colonialismo, neocolonialismo, imperialismo, marxismo-leninismo, comunismo, nacionalismo, liberación.

Abstract

Following the Second World War, colonialism had become untenable both in theory and geopolitical practice. Nevertheless, the metropolises fiercely resisted letting go of their possessions. Newly-emerging powers without such territorial conquests such as the USA sought to make up for this shortcoming by resorting to a more efficient neo-colonialism involving an ever greater extraction and plunder of the resources in a bid to reduce the costs of occupation. The national liberation movements around the World needed a theory to underpin their demands (the right to self-determination), providing to an organisational model suited to revolutionary action (conquering independence) and an economic programme where the country's means of production served the people itself (socialism).

Keywords: Colonialism, neo-colonialism, imperialism, Marxism-Leninism, Communism, nationalism, liberation.



Desde o cumio dos Andes até as selvas de Mozambique, desde as ribeiras do Mekong até os desertos do Sáhara, unha nova pantasma recorre o mundo: o leninismo. Mais que necesidade, había de engadir apelido a un ideario emancipador que xa tiña un século de antigüidade amosando o seu potencial de mobilización?

No limiar do Manifesto, Marx e Engels remitíanse á asustadiza «vella Europa» polas veas da cal percorre o espectro do pesadelo dos poderosos que, xa daquela, simplificaron co alcume de «comunismo».

E así foi entendido polo marxismo ortodoxo desde que este se institucionalizou como tal. Era neste continente onde se xogaba a batalla principal para o avance da humanidade cara a unha sociedade máis xusta que superase a explotación de clase. E todos os demais povos quedaban fóra de xogo. Mesmo se chegou a illar teoricamente a confrontación burguesía-proletariado como se esta se dese no baleiro, sen máis condicionantes que unhas relacións de produción que mecanicamente ían conducir pola propia lóxica das súas contradicións ao socialismo.

A redor desta visión eurocéntrica, foise construindo unha ideoloxía de progreso que poñía as súas esperanzas nunha concepción acumulativa das conquistas sociais que ía por si soa mudar as cousas no centro e logo, desde aquí, xa se estenderían á periferia pola bondade das potencias occidentais que, ao mudaren de signo político, ían facilitar o benestar do resto dos povos do mundo. Esta ideoloxía de progreso que puidera estar sustentada nunha certa lectura do marxismo e mesmo de Hegel (os povos sen historia), no fondo conectaba coa ilustración burguesa e co kantismo, segundo o cal o ser humano camiña cara á súa liberdade a medida que se abstrae das peculiaridades específicas e dos condicionamentos materiais que nos diferencian e confrontan. Un iluminismo que sacará o «home» da súa minoría de idade tamén contribúe a fixar a gradación en que se estratificará estes e, mesmo contrariamente ás súas intencións, cales son aqueles povos ou culturas (razas) adultas e cales deberían ser tratadas como nenos «ou mesmo eliminadas se for preciso» para lograr a paz perpetua.



Iósif Stalin (Xeorxia, 1878-Moscova, 1953), Secretario Xeral do Comité Central do Partido Comunista da Unión Soviética entre 1922 e 1952 e Presidente do Consello de Ministros da Unión Soviética entre 1941 e 1953. En 1913 escribe *O Marxismo e a cuestión nacional*.

En calquera caso, chegada a Primeira Guerra Mundial, a socialdemocracia europea, ao recrear o marxismo ao seu xeito, rematou chocando co feito de que dos seus presupostos se deducía necesariamente o imperialismo, mais topaba coa contradición de que, habendo varios imperios, había que decidir cal era o correcto. E, loxicamente, cada Partido Socialista chegou á conclusión de que o máis axeitado era o do seu país. E así morreu a Internacional, e así naceu o leninismo.

Si, chegou Lenin e plantouse e non se deixou arrastrar pola engrenaxe que empurraba os partidos de clase a alentaren os traballadores de cada Estado a matarse entre si nas trincheiras. Non só por ir contra as predicións (como se a praxe fose cousa de pitonisas) é polo que ten importancia o triunfo da Revolución Rusa, senón, sobre todo, porque se demostrou que se podía disparar contra os reloxos e parar a lóxica que excluía os excluídos, os que a historia botara debaixo da alfombra, e reclamar a palabra para os silenciados para ese futuro ideal en que a xente se entenda falando en pé de igualdade.

Quizais o atractivo do leninismo non estivese na letra dos seus textos, senón na música das súas accións. Para moitos, a vitoria do socialismo real era abondo para dar por bo esta identificación con este autor, mais para outros o fundamental vai ser a sintonía co Lenin das derrotas. Así, cando, na segunda volta das guerras imperialistas mundiais á URSS, consegue que o fascismo fose vencido, hai un comunismo europeo occidental oficial que, do mesmo xeito que se apunta nun primeiro momento ao stalinismo por ter este líder gañado a guerra

«Si, chegou Lenin e plantouse e non se deixou arrastrar pola engrenaxe que empurraba os partidos de clase a alentaren os traballadores de cada Estado a matarse entre si nas trincheiras»



A derrota do imperialismo nazi pretendía dar paso a un mundo onde cada povo fose dono de si mesmo. A fotografía foi tomada por Ivan Shagin en Berlín en maio de 1945. A imaxe mostra os soldados do 1.º Batallón do 756.º Rexemento da 150.ª División de Infantaría (Comandante-Heroe da Unión Soviética Stepan Neustroev), que asaltaba o Reichstag.

É moi interesante a fotografía pois amosa un arsenal completo, incluíndo os dous modelos soviéticos de armas pequenas e o trofeo alemán. Moi distinguíbel (de esquerda a dereita): PPS-43, Walter P.38, Mauser K-96, TT, PPSH-41, Parabellum P-08.

quente, tamén se refuxia no antiestalinismo coas primeiras derrotas da Guerra Fría. Mais isto é oportunismo, en terminoloxía do propio Lenin e que sería de aplicación para os «barullentos renovadores» de todos os tempos que disfrazaron as traizóns e renuncias co argumento do anovamento cando, como dicía Lenin, non propoñen nada novo senón: «máis que repregarse, recollendo fragmentos de teorías atrasadas». E a iso nos referiamos cando falamos dos que se identifican con Lenin só cando gaña. Mais para o caso que nos ocupa, o fundamental é o seu posicionamento que estes neocomunistas oficiais tiveron de apoio á perpetuación do colonialismo dos seus países, aínda que fose desde posicións críticas e, nalgúns casos, simplemente a través da apoloxía indirecta, isto é, atacando os movementos de liberación nacional. Véxase o caso do PCF a respecto de Indochina e Alxeria.

Non se podía pedir aos PCS europeos que eles aplicaran os métodos de loita do chamado terceiro mundo. Ao contrario, o propio Lenin esixía que pensasen por si propios e partisen da súa realidade nacional para trataren de transformala (eleccións,

sindicalismo, gobernos de coalición, parlamentos...). Que non se confiasen en que unha determinada acción que provocara un efecto concreto en Petrogrado ía servir para lograr o mesmo en Turín. Non é máis revolucionaria unha bomba que un voto polo simple acto en si. O que é revolucionario ou non é o sentido, as consecuencias, as repercusións que ese acto ten e, desde logo, sería revolucionario que os PCS do centro tivesen unha posición clara, aínda que só fose unha simple declaración pública, en contra do neocolonialismo e a favor dos movementos de liberación nacional dos povos asoballados polos seus Estados.

Mais que toparon en Lenin os movementos de liberación nacional de mediados do século XX para botar man del? Que necesidade tiñan de recorrer a este autor para emancipar os seus respectivos povos? Sobre todo cando os leninistas oficiais das metrópoles non estaban polo labor e mesmo eran contrarios, salvo honrosas excepcións, ás súas ansias de liberdade inmediata.

O leninismo era o que máis se lle axeitaba para dar cobertura doutrinal ao que trataban de facer:

4000

VIET NAM, TUMBA DEL IMPERIALISMO

VIET NAM, TOMB OF IMPERIALISM

VIET NAM, TOMB OF IMPERIALISM

فياتنام: مقبرة الإمبريالية



- ◀ Cartaz do deseñador cubano Alfredo Rostgaard de 1972 no que fai referencia aos bombardeos indiscriminados americanos e ao derribo do avión 4000 en 1970 polas forzas patrióticas vietnamitas, augurando unha futura derrota estadounidense

liberar un povo. Non falamos só no acento que este autor poñía no imperialismo (fase superior do capitalismo) e a idea que se barallaba a este respecto de como este precisaba ser combatido para evitar que, a través dese espolio e saqueo da periferia, se subornase a clase obreira no centro co fin de impedir que asumise o seu papel histórico de sepultreiro do capitalismo. Hai que ter en conta que no comunismo, e na esquerda en xeral, era moi habitual «priorizar» e usar a conveniencia da «contradición principal» para descualificar calquera demanda que non fose a súa propia e mesmo considerar contraproducente cando non «reaccionario» calquera movemento que non se subordinase aos seus parámetros de loita de clases pura. Moito máis se alporizan estes cando perciben que nos povos oprimidos os marxista-leninistas de alí andan en tratos coas súas burguesías nacionais para sumar forzas para loitar pola súa independencia.

Certamente esta concepción de poñer por diante o combate contra o colonialismo lexitimaba universalmente as súas accións, mais o fundamental para os movementos de liberación nacional era a pertinencia para autocomprender a súa praxe partindo da súa experiencia histórica particular. Non convencer os progres da metrópole. E ademais, o leninismo non só lles empurra a pensar desde si («análise concreto da situación concreta»), senón, sobre todo, lles sinala un obxectivo dese pensamento axeitado co seu programa liberador. A revolución será o fin, ao servizo do cal se artella todo o aparello teórico que se vai construír desde as propias bases que lle dá as chamadas «condicións obxectivas» e «subxectivas», que é tanto como dicir as características nacionais propias de cada

país. Unha revolución que, por outra banda, era o único xeito de mudar o status que tiña o povo oprimido para facer valer o seu recoñecemento como suxeito colectivo interlocutor para falar por si mesmo á hora de establecer o tipo de relacións que lle convén cos demais povos do mundo.

O leninismo era, ante todo, a teoría que xustificaba a revolución. E a liberación nacional só se podía lograr a través da revolución, posto que, a pesar de toda a retórica descolonizadora de posguerra, o certo é que ningún Estado estaba disposto a soltar de xeito pacífico, xeneroso e desinteresado os territorios que tiña baixo o seu dominio. A revolución é entendida, pois, como a superación dunhas regras de xogo segundo as cales a banca sempre gaña; unhas regras que, mesmo sendo iguais para todos, non teñen en conta as razóns históricas polas que uns parten en inferioridade de condicións fronte aos demais. Unhas regras que, por moi universal que se presenten (os dereitos humanos, por exemplo), só teñen competencia os poderosos de definir quen son os seus titulares e a quen se lle suspenden. En definitiva, a revolución supón rachar coas

«A revolución será o fin, ao servizo do cal se artella todo o aparello teórico que se vai construír desde as propias bases que lle dá as chamadas "condicións obxectivas" e "subxectivas", que é tanto como dicir as características nacionais propias de cada país»



As tropas soviéticas marchan pola cidade de Schneidemühl, febreiro de 1945. Ao fondo, unha sede do Deutsche Bank. É un símbolo do que estaba a acontecer. Este banco foi fundamental como soporte financeiro do proxecto nazi. Non foi até 1999 que recoñeceu mesmo a súa implicación en Auschwitz.

convencións e consensos establecidos, mais non para substituílos pola arbitrariedade ou a ausencia de normas xerais. Ao contrario, a revolución, no sentido leninista, é precisamente para combater a desigualdade, a irracionalidade, o unilateralismo, e tratar de estender aos excluídos os dereitos que posúen en exclusividade unha minoría poderosa.

Falábamos antes de que as tácticas postas en prácticas en Rusia para lograr o triunfo da revolución non eran exportábeis aos complexos Estados occidentais. A pesar diso, o triunfo da aplicación desas metodoloxías leninistas en Rusia levaron, nalgúns casos, os Partidos Comunistas da Europa do primeiro terzo, e mesmo Partidos Socialistas e organizacións anarquistas, a copialas con nefastas consecuencias. Agora ben, nos países do terceiro mundo, até que punto non contaban con características semellantes á da Rusia do 17?

Pode que o asalto ao Cuartel do Moncada non é equiparábel á toma do Pazo de Inverno, pero, desde logo, teñen máis en común como táctica que co «cercar o parlamento» tan de moda na actualidade. A gradación entre o simbólico e o real, entre a acción de cara á galería e a realización concreta, como en todas as praxes revolucionarias, cómpre analizalas no seu propio contexto. Iso non quere dicir que non se poida aprender nada do que fagan os demais e, nese sentido, quizais aportase máis o Lenin histórico aos movementos do terceiro mundo.

Falamos da desastrosa consecuencia de reproducir mecanicamente noutros países desenvolvidos nos anos 20 das accións que tiveron éxito na Revolución Rusa. O peor é que aqueles que as levaron a cabo foron os mesmos que logo renegaron delas, imprimindo a esta deserción unha carga

compensatoria que os exima de responsabilidades polo que fixeran e, sobre todo, unha filosofía que non ten nada que ver co Lenin das derrotas de que falábamos. Do mesmo xeito que eran stalinistas cando isto estaba de moda e eliminaban disidentes a destra e sinistra, agora facíanse anti-stalinistas porque era o que se levaba e o que máis vendía, sobre todo a partir do informe secreto do 56. Cal era o problema dos ex? Pois como se di nestes casos: baleiraban a auga sucia de bañar ao meniño xunto coa crianza.

Cómpre lembrar que foi a Stalin a quen Lenin encargou a elaboración do apartado da súa doutrina que ten a ver co dereito de autodeterminación. Algo que non pasou desapercibido a todos os nacionalistas do mundo (Castelao incluído) e que atoparon nestes postulados o seu soporte para fundamentaren a lexitimidade das súas demandas partindo do recoñecemento de dereitos inherentes a todos os povos.

Nos anos 50 e 60, todos os progresistas das potencias coloniais puxéronse a idear fórmulas de como mellorar o tratamento dos territorios por eles sometidos, mesmo artellando propostas

«A revolución, no sentido leninista, é precisamente para combater a desigualdade, a irracionalidade, o unilateralismo, e tratar de estender aos excluídos os dereitos que posúen en exclusividade unha minoría poderosa»




Ernesto Guevara, coñecido como Che Guevara ou Che, nado en Rosario (provincia de Santa Fe, Arxentina) o 14 de xuño de 1928 e asasinado en La Higuera (Bolivia) o 9 de outubro de 1967, foi un médico, político e revolucionario ademais dun dos líderes da guerrilla na Revolución Cubana, e despois participou nos primeiros anos do novo réxime, en particular sendo ministro de industria. En 1965, tras denunciar a explotación do terceiro mundo, desapareceu da vida política de Cuba coa intención de espallar a revolución. En primeiro lugar na República do Congo, sen éxito, despois en Bolivia onde foi capturado e executado de forma clandestina polo Exército Boliviano coa colaboración da CIA estadounidense. Esta foto de Alberto Korda do Che en 1960 converteríase na icona dos movementos de liberación nacional de todo o planeta.

de autonomía ou incluso independencia formal; algúns até fixaban uns pasos e tempos que había que conceder ás colonias para ir soltando a correa. Canta bondade e altruísmo! O dereito de autodeterminación xa era indiscutíbel. O discutíbel era quen tería dereito a exercelo.

Segundo o concepto de nación «voluntarista», considerado máis «democrático», era evidente que ningún pobo de Asia ou África manifestara o seu desexo de ser nación. De feito, estes estados coloniais xa foron deseñados para tratar de impedir que tomasen consciencia de nación. En que cabeza cabe «dicían os marxistas académicos franceses» que Alxeria é unha nación? Pois, estas cousas cabían na cabeza de Stalin, que é tanto como dicir, na concepción da cuestión nacional no leninismo, e que efectivamente fixaba en trazos obxectivos comúns o ser nación, e claro que os Alxerinos os tiñan, sobre todo a ocupación francesa, trazos que desde logo eran ben diferentes dos franceses en que se pretendían subsumir. Aínda que non quixesen ser nación, non lles quedaba outra, e como tal tiñan dereito á súa autodeterminación.

E así, os Movementos de Liberación Nacional (MLN) deixaron de pedir permiso aos leninistas autorizados e colleron directamente deste autor moito do que os seus seguidores europeístas foran desbotando até reducir este pensamento a can morto. O pensar por si propios que lles esixía Lenin foi entendido por moitos eurocentristas como simplemente desprezar o escrito por Lenin e polo leninismo en que habería que incluír as achegas referidas de Stalin. En cambio, os MLN entenderon axeitadamente que do que se trataba era da necesidade de sumar a Lenin teoría propia, engadir autores locais, encher as insuficiencias e adaptar as fórmulas que estaban deseñadas para outros terreos ben diferentes. Así, topamos que á beira de Lenin aparecía, por exemplo, un Martí. O caso é que sen teoría non podían entender e compartir a práctica que estaban a facer. É posíbel que efectivamente fose primeiro a acción e despois a reflexión, mais sen esa análise a seguinte acción podería reducirse a paus de cego se non se pensa axeitadamente. A iso nos referíamos co Lenin das derrotas. Ao esforzo de teorizar o *Que facer?* non se responde simplemente con seguir o



Mohamed Ahmed Ben Bella (Maghnia, 1916-Alxer, 2012) sobreviviu a dous atentados en 1956. As autoridades militares francesas préndeno tras secuestrar o avión en que viaxaba. Foi posto en liberdade en 1962, ano da independencia alxeriana e elixido presidente en 1963, encamiñando o país cara a unha economía socialista pero rompendo coa Unión Soviética, procurando unha vía alxeriana ao socialismo e que influíu fortemente nos movementos de liberación nacional da década do sesenta e setenta.

que está de moda neste momento. No centro poderán permitirse o luxo de mudar de suxeito político cada temporada. No centro mesmo poderán especializarse en microopresións e limitarse a cultivar o seu paraíso en pequenos invernadoiros urbanos. Mais na periferia, o que precisaban era alguén que lles dixese que tiñan que aprender dos erros, que debían recoller as ensinanzas de todas as experiencias que lles puidesen achegar ideas para poñer en práctica, que precisarían organizarse mellor e formarse máis, pero que non podían claudicar nunca e,

«Na periferia, o que precisaban era alguén que lles dixese que tiñan que aprender dos erros, que precisarían organizarse mellor e formarse máis, pero que non podían claudicar nunca e, xa que logo, a nación perdedora non debe resignarse a desaparecer da historia»

xa que logo, a nación perdedora non debe resignarse a desaparecer da historia. Loitar e fracasar, loitar e fracasar... e así nun ciclo constante até conseguir a vitoria. Resulta familiar a quen lembra aquilo que dicía Castelao de que Galiza loitará pola súa liberdade até conseguila. Nunca dixó, mesmo logo da desfeita do 36, que a liberación do país fracasara, polo que mellor era dedicarse a outra cousa.

O Lenin das derrotas ía despertar por aquel entón de mediados do século xx por todo o planeta os que se deran por vencidos. Non só as colonias conquistadas que agora tentaban expulsar o invasor, mesmo os Estados formalmente independentes que seguían sendo intervidos por potencias estranxeiras, e finalmente tamén prendería no seo dos Estados centrais nos cales tamén había nacións oprimidas. O leninismo imponíase fronte aos conformistas, aos que daban por bo o resultado adverso da historia, os que consideraban que non se podía rectificar o pasado. E así o leninismo alimentou aqueles MLN, e así os centralistas que rexistraran a súa patente pouco a pouco foron abandonando o leninismo até que xa renunciaban a el completamente. ●



Cartaz do Día do Guerrilleiro Heroico, realizado polo artista cubano Olivio Martínez en 1973



NÉSTOR REGO CANDAMIL

Secretario Xeral da Unión do Povo Galego

1964, a faísca que acendeu a chama da nosa liberdade

A Bautista Álvarez, cofundador da UPG. Sempre na nosa memoria

Resumo

A vinculación teórico-práctica de patriotismo e marxismo na Galiza non se produciría até 1964. A fundación nese ano da Unión do Povo Galego (UPG) comporta non apenas a recuperación do nacionalismo organizado con vontade de actuación política mais tamén a aparición dunha forza que, recollendo o mellor da tradición política nacionalista anterior –particularmente do Castelao do Sempre en Galiza–, incorpora o marxismo como ferramenta de análise da realidade galega e como guía para a acción. A UPG asume como tarefa primordial incorporar a clase traballadora e o conxunto das camadas populares galegas á causa da liberación nacional da Galiza. A implicación nas folgas obreiras de 1972 contribuirán para a definitiva asunción do marxismo-leninismo e a conformación como partido comunista patriótico.

Palabras chave: UPG, Galiza, nacionalismo, marxismo, leninismo, Castelao, soberanía.

Abstract

*The theoretical and practical link between patriotism and Marxism did not arise in Galiza until 1964. The founding of the Galizan People's Union (UPG) in that year not only ushered in the resurgence of organised nationalism clearly geared to political action, but also the emergence of an organisation which combined the best of the previous nationalist political tradition, especially that led by Castelao as described in his work *Forever in Galiza*, with Marxism as a tool for analysing the situation in Galiza and as a guide for action. The UPG took up the primordial task of rallying the Galizan working classes as a whole to the cause of Galizan national liberation. Its involvement in the strikes in 1972 contributed to its definitive acceptance of Marxism-Leninism and its composition as a Patriotic Communist Party.*

Keywords: Galizan People's Union (UPG), Galiza, Nationalism, Marxism, Leninism, Castelao, Sovereignty.



«Da faísca xurdirá a chama», rezaba o lema do xornal clandestino que Lenin fundara en 1900, *Iskra* (A faísca). Como voceiro dos marxistas revolucionarios rusos, *Iskra* mantívose pouco máis de dous anos sob a dirección leninista, mais nese tempo foi fundamental o seu papel como «organizador colectivo» –en expresión do propio Lenin–, na expansión do POSDR e na súa orientación revolucionaria establecida pola maioría («bolxevique»). E apenas 17 anos após a fundación do *Iskra*, a faísca tiña acendido con tal forza a chama que permitiu a primeira revolución socialista vitoriosa do mundo, a Revolución de Outubro.

A vitoria revolucionaria na Rusia zarista abalou os reximes políticos occidentais e as consciencias dos traballadores e traballadoras en todo o mundo e, sob o seu impulso fortaleceuse o movemento operario e revolucionario por toda a parte. Faltou, no entanto, –e apesar da lúcida posición de Lenin ao respecto– ser capaz de valorizar adecuadamente, para aproveitar as sinerxias, a potencialidade revolucionaria do outro grande movemento que na altura percorría Europa e o mundo,

▲ Cabeceira da manifestación do Día da Patria Galega. Santiago de Compostela, 1978

De esquerda a dereita: Fernando Pérez, Pilar Allegue, Saleta Goi, Manuela Fraguela, Lois Diéguez, Bautista Álvarez, Margarita Ledo, Pedro Luaces, Francisco García Montes e Francisco Rodríguez

o das nacións oprimidas que loitaban pola súa liberdade. É verdade que grazas ao impulso inicial leninista ao respecto dos dereitos das nacións, a III Internacional virá a recoñecer Galiza como nación. Con todo, ese feito nunca implicou por parte da Internacional –quer dicir, do partido español que facía parte dela– moito máis do que o recoñecemento formal, nunca pasou a barreira da auto-organización nin moito menos do traballo práctico en prol do exercicio do dereito de autodeterminación.



Nelson Mandela e Fidel Castro, militantes nacionalistas e comunistas, nunha visita do primeiro a Cuba após 27 anos na cadea. A Habana (Cuba), 1991

Na Galiza, por tanto, a loita pola emancipación nacional e a loita de clases de orientación marxista seguiron durante moito tempo traxectorias paralelas, con encontros puntuais, colaborando cando foi preciso, mais sen chegaren a se producir verdadeiras sinerxias e menos aínda un labor de síntese e integración. Non será até os anos 60 ou –por sermos máis exactos– até comezos da década de 70 que esa síntese se irá producir da man da UPG.

Na altura de 1964, a chama que con moito esforzo acendera o movemento patriótico –do Provincialismo ás Irmandades; do Partido Galeguista ao Castelao do exilio e do *Sempre en Galiza*– estaba practicamente extinta após a deserción do piñeirismo. A fundación da Unión do Povo Galego nese ano foi a faísca necesaria que reavivou o movemento nacionalista. E fíxoo ademais coa consistencia dunha ferramenta ideolóxica e de análise que daría unha nova perspectiva á loita pola liberdade do povo galego. Non só representou a recuperación do nacionalismo organizado con vontade de actuación política mais tamén a conxunción por vez primeira de forma coherente na historia da Galiza de patriotismo

e marxismo, ou o que é o mesmo: a aparición de nacionalismo popular, de matriz anti-imperialista e orientado indubidabelmente para a conquista da soberanía nacional a camiño do socialismo.

Cando en 1977 decorre o I Congreso da UPG, despois de 13 anos de existencia e actividade política moi intensa –mais apenas tres ou catro após a consolidación da orientación marxista-leninista–, o Partido entende que é o momento de deixar establecida a «teoría organizativa» e de sistematizar a alternativa política que representa. Mais tamén de reflexionar sobre a propia historia para que as ensinanzas que de aí se puideren tirar sobre o proceso de maduración e fortalecemento orgánico, ideolóxico e político do Partido puidesen resultar esclarecedoras.

Pois ben, seguindo o fío desa reflexión crítica sobre a propia conformación e traxectoria da UPG e das Teses dese Primeiro Congreso, poderemos entender mellor o proceso de converxencia de nacionalismo e marxismo. De facto, salientase precisamente que o primeiro grande traballo foi procurar as conexións do nacionalismo popular e a súa xustificación desde unha perspectiva marxista.

Faixa pendurada pola UPG na Alameda de Compostela o 25 de xullo de 1968 para celebrar o primeiro Día da Patria Galega após o golpe de estado fascista de 1936



«Nunha palabra, como vencellar Castelao con Marx e Lenin»¹. Non por acaso se buscou esta conexión e tamén non resultou fácil. A necesidade inicial de cubrir o amplo campo que representa o baleiro político e organizativo deixado pola desaparición do Partido Galeguista axuda a entender as contradicións iniciais e a tensión vivida entre a concepción como frente nacionalista ou como partido revolucionario. A decantación progresiva como organización marxista-leninista será demorada e estará en relación directa coa irrupción da clase obreira galega como forza combativa no final da década de 60 e comezo da de 70 e coa implicación nas loitas operarias e nas folgas de 1972 en Ferrol e Vigo.

Como consecuencia directa das folgas do 72 (...) perfilase máis claramente a política obreira do noso partido e defínense as liñas teóricas do problema nacional dende unha perspectiva marxista-leninista. Queremos lembrar a tarefa incansable do noso compañeiro MONCHO REBOIRAS para dotar ao noso partido de política obreira e sindical (...) A definición de Galicia como unha colonia e a xustificación deste prantexamento dará unha dimensión nova do problema nacional, reforzando a práctica revolucionaria e anti-imperialista do noso partido.²

O proceso de asentamento político e ideolóxico como partido marxista-leninista teríase producido realmente de forma definitiva nos dous anos posteriores ás grandes mobilizacións obreiras de 1972,

¹ UPG. *Primeiro Congreso (1977)*. Santiago de Compostela: Edicións Terra e Tempo, 6.

² Op. cit., 7.

que son tamén anos de medre organizativo, de crecente influencia no mundo operario e de conformación dos primeiros xermolos do sindicalismo nacionalista. Non foi, como a propia UPG admite, un proceso fácil nin exento de contradicións, mais o resultado acabaría marcando non apenas o Partido senón toda unha concepción da Galiza e do nacionalismo.

Pesie a total-as contradicións iniciais, a lucidez do proxecto, froito da presión dunha realidade histórica ineludíbel, a vontade sincera de se poñer ao servizo das masas e baixo a súa inspiración, en suma, a congruencia da UPG coa realidade histórica do noso tempo, tal e como se reflexa na realidade galega, explican o desenvolvemento do noso partido e os seus éxitos na progresiva implantación proletaria e incidencia popular. A UPG siñifica o análise científico e a intervención social sistemática na nosa realidade que ningún partido marxista estatal tiña feito; siñifica, ademais, a restauración da liña político-orgaizativa do nacionalismo popular, precisando a súa teoría e a súa praxis desde a perspectiva de que a liberación nacional e a loita de clases non están dissociadas na etapa do capitalismo imperialista.³

Con todo, e a pesar de que –como reconece auto-criticamente–, no proceso de asentamento como partido comunista tivese pasado por etapas de certo «doutrinarismo», a UPG nunca empregou o marxismo-leninismo de forma dogmática. Entendeuno sempre como un instrumento de análise política e de guía para a acción. Foi a análise da realidade

³ Op. cit., 19.

«(...) polo momento en que nace e a evidente matriz nacionalista (...) a UPG séntese sen dúbida máis próxima dos movementos de liberación nacional do terceiro mundo que son xa resultado da síntese entre socialismo e nacionalismo anti-imperialista»

► Cartaz en conmemoración do décimo aniversario da Revolución Cubana. Deseño de Félix René Mederos. 1969

galega desde unha perspectiva marxista que permitiu, como dixemos, unha nova orientación ao nacionalismo galego. Hai que partir de que a UPG como organización política é filla do seu tempo, e a década de 60 é a da eclosión dos movementos anti-imperialistas e de liberación nacional por toda a parte. Porén, e dando por sentado o lóxico influxo que poderían ter exercido, é verdade que a UPG nace da mesma pulsión patriótica que alimentara o despertar da Galiza como nación, nun longo percurso que arranca a mediados do século XIX e que se consolida entre os anos 1916 e 1936 coas Irmandades da Fala e o Partido Galeguista. No entanto, sen renegar desa heranza política, analízase de maneira crítica, particularmente pola súa concepción da nación «como un fenómeno ‘natural’, físico, non como un fenómeno histórico, de clase»⁴ e en consecuencia, por manter unha posición idealista e ambigua que dificultaba incorporar ao proxecto nacional as clases traballadoras galegas.

Aínda así, a UPG valoriza o facto de existir no Partido Galeguista unha corrente «popular e de esquerdas (línea que representaría Castelao) que tentou concretizar o problema nacional nas clases traballadoras e intuía deica qué punto era importante a participación da clase obreira no movemento nacionalista»⁵. Porén, analiza que unha das grandes dificultades estivo en que o Partido Galeguista non tivo nunca unha base de masas, facto que facilitaría a dicotomía na Galiza dos anos trinta entre o «obreirismo españolista»⁶, con forte implantación

no mundo do traballo e o «culturalismo pequenoburgués da corrente galeguista»⁷. O Partido conclúe que só será posíbel superar esa dicotomía cun nacionalismo popular, imbricado na clase obreira e nas clases populares galegas. «É a síntese que vai encetar a UPG»⁸.

Como partido comunista, a UPG séntese parte do movemento revolucionario internacional, da ampla corrente transformadora mundial que arranca co triunfo da Revolución de Outubro. Mais, tamén aquí, cunha visión non dogmática que expresamente evitou sempre un posicionamento de confesionalidade en relación coas diferentes correntes asociadas aos estados socialistas existentes. Aliás, polo momento en que nace e a evidente matriz nacionalista, desde o recoñecemento do papel transformador e revolucionario que continuaba a xogar a Unión Soviética e o bloque socialista europeo, a UPG séntese sen dúbida máis próxima dos movementos de liberación nacional do terceiro mundo que son xa resultado da síntese entre socialismo e nacionalismo anti-imperialista:

O proletariado e todas as clases populares galegas non están sóios nesta loita. Dende que no ano 1917 a revolución soviética permitiu crear o Primeiro Estado socialista, a ampliación do campo socialista coñeceu un constante progreso, ao que veñen engadirse as loitas de liberación nacional dos países asoballados (xa trunfantes en moitos casos e, noutros, camiño do trunfo), este é o grande campo anti-imperialista.⁹

4 Op. cit., 17.


5 Op. cit., 18.

6 Op. cit., 18.

7 Op. cit., 18.

8 Op. cit., 18.

9 Op. cit., 29.



Patrice Lumumba, dirixente nacionalista de orientación marxista, pai da independencia do Congo, asasinado polo colonialismo belga en 1961



Cabe lembrar que apenas 5 anos antes da fundación da UPG viña de triunfar a revolución cubana que, para alén dunha revolta popular pola liberdade e a democracia –despois orientada ao socialismo–, constituíu tamén un movemento patriótico e anti-imperialista que buscaba restaurar a asegurar a soberanía nacional dunha Cuba sometida por completo ao dominio norteamericano. Esa dupla vertente marcou, con certeza, moitos movementos populares e forzas revolucionarias na América Latina, mais influíu igualmente nas loitas pola liberdade noutras partes do mundo. Sen dúbida, tamén nun nacionalismo galego que na altura precisaba de se reorganizar e fortalecer para a loita contra a ditadura franquista e pola propia soberanía.

Á revolución cubana seguiron outros movementos de liberación na África e na Ásia. Practicamente todos eles nutriron a loita anti-imperialista coa teoría marxista, cando non marxista-leninista, e cunha práctica revolucionaria. Particularmente impactante polo cariz patriótico e anticolonial e, ao mesmo tempo, polo forte simbolismo anti-imperialista que chegou a alcanzar no contexto internacional, foi a loita do povo vietnamita, dirixida por Ho Chi Minh e o Partido Comunista do Vietnam. O rexurdimento nacionalista, que tiña raíces profundas na traxectoria de loita patriótica anterior á guerra, achou nesas experiencias revolucionarias materia de inspiración que casaba ben coa propia tradición ao mesmo tempo que incorporaba novas ferramentas de análise e acción política nunha perspectiva patriótica e anti-colonial.

Desde este punto de vista, como Partido comunista patriótico, a UPG é filla da segunda grande vaga revolucionaria que arranca co triunfo da

revolución chinesa en 1949 e que ten en Cuba, Indochina ou as independencias africanas as súas referencias máis directas. Con todo, se nunca foi confesional de ningún estado socialista, tamén non se deixou arrastrar por ningunha clase de mimetismo en relación aos movementos de liberación do terceiro mundo. Na análise da realidade galega non esqueceu nunca que se trataba dun modelo colonial específico e, en consecuencia, impulsou no continente europeo as alianzas con nacións que do punto de vista social e político puideren resultar máis homologábeis. Dese impulso xurdiu, por exemplo, a primeira «Declaración sobre o colonialismo en Europa Occidental» e a Carta de Brest, asinadas conxuntamente coa UDB bretoa e o Movemento Republicano Irlandés, (Sinn Fein/IRA) e á que posteriormente adherirían outras nacións sen estado de Europa.

Precisamente, o grande contributo teórico-práctico da UPG foi a análise –por primeira vez directamente relacionada coa praxe política– da Galiza como unha nación colonizada, entendendo que as relacións específicas de dependencia

O grande contributo da UPG foi a análise da Galiza como unha nación colonizada, entendendo que as relacións específicas de dependencia determinan que a formación económico-social galega cumpre a función de subministradora de forza de traballo, enerxía, materias primas sen transformar, e capital»

Declaración da V Asemblea da Carta de Brest celebrada en Mur, Bretaña o 17 e 18 de abril de 1976

A Carta de Brest foi un organismo promovido por diversas organizacións nacionalistas europeas –entre elas a UPG– que nace en abril de 1974. Tiña como obxectivo a autodeterminación das nacións sen estado de Europa e a súa constitución en réximes socialistas.

determinan que a formación económico-social galega, «ao servizo do modo de produción capitalista do Estado Español e en xeneral, ao servizo das formacións sociais imperialistas europeas, industrializadas e cun capitalismo monopolista desenvolvido»¹⁰, cumpre a función de subministradora de forza de traballo, enerxía, materias primas sen transformar, e capital.

Precisamente, unha situación que se caracteriza a nivel económico polo subdesenvolvemento, pola dependencia, pola desarticulación da súa economía cara ao exterior, por non ter un proceso autoxenerado; a nivel social por non ter unha clase dominante autóctona; a nivel político por non autogobernarse e non ter independencia política; a nivel cultural por ter a súa língoa e cultura nacionais sin normalizar, asoballadas, é unha situación colonial. Polo tanto, nos aspectos fundamentais o noso país é unha colonia, aínda que algúns dos seus rasgos non señan os mesmos que os das situacións coloniais típicas (os mesmo dereitos políticos xeralizados, continuidade xeográfica, proximidade cultural e histórica, etc.).¹¹

Esta análise tamén determinará, aliás, as formas de loita e moi particularmente a proposta de articular unha alianza de clases para a liberación nacional, que acabaría frutificando politicamente na articulación dunha fronte patriótica: Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG) en 1975; Bloque Nacionalista Galego (BNG) en 1982:

¹⁰ Op. cit., 20.

¹¹ Op. cit., 28.



A UPG sabe que a comunidade de intereses do proletariado galego cos labregos e mariñeiros i, en xeral, con tódalas camadas populares galegas, vai alén dunha alianza coiuntural, porque o feito da común explotación de tódalas camadas populares galegas identificaas na súa loita fronte ao enemigo común e principal: o imperialismo español. Por todo isto, a UPG considera a revolución nacional-popular como a primeira etapa da revolución socialista en Galicia.¹²

A consolidación do frentismo, particularmente a partir da fundación do BNG, posibilitou unha importante expansión e asentamento do nacionalismo na sociedade galega. Aquela pequena faísca que aparece en 1964 está na orixe dun nacionalismo popular que xa ten conseguido que a chama da nosa liberdade brille agora coa forza suficiente como para poder albiscar no horizonte do noso País o obxectivo da nosa independencia, dunha Galiza libre e socialista. ●

¹² Op. cit., 29.



Cartaz editado pola UPG en 1978. Ilustración de Xulio Gaioso Neira



2ª EDICIÓN
28 / 29 / 30
outubro
2017

Xeados, foie, marmeladas, cervexas, viños, queixos, licores, galletas, carnes,
salsas e aderezos, tortas e doces, conservas, angulas...

Produtos selectos para unha feira do sabor. Valo perder?

ETIQUETA NEGRA

GOURMET GALEGO E INNOVACIÓN INSPIRADORA

Showcookings · Demostracións · Degustacións · Presentacións

Unha experiencia gastronómica para degustar Galicia

RECINTO FEIRAL DE PONTEVEDRA DE 11:00 A 20:30 H

www.etiquetanegragourmet.com / info@etiquetanegragourmet.com
facebook: [etiquetanegrafeiragourmet](https://www.facebook.com/etiquetanegrafeiragourmet) / instagram: [etiquetanegragourmet](https://www.instagram.com/etiquetanegragourmet)

Promove:



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



Patrocinador principal:

Mahou
★★★★★

Patrocinadores:

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

SALNES

Colaboran:

Tawi | Gadis | CIFP Carlos Oroza |
Martínez Blanco Vestuario Profesional |
Froiz | Gráficas Anduriña



Bautista Álvarez

OBRAS ESCOLLIDAS



Na memoria de
Bautista Álvarez



Cadro de Perfecto Estévez (1955-2010)
23 de outubro de 1977
Técnica mixta
94 x 68 cm
Fondo artístico da
Unión do Povo Galego

CONTRA A INDIFERENZA

Non se sabe do río desde a ponte;
hai que entrarlle nas augas
e sentirse de pronto arremuiñado
polo curso incesante,
que con dente xeado morde os ósos
e as entrañas axita.
Quen se abstén de loitar e fica lonxe,
quen non toma partido,
aos humanos veraos como insectos,
ao gran Sol como un cirio
e como un vagalume ao plenilunio.
Pouco sabe de nada,
que saber é vivir profundamente,
e vivir, arriscarse.

Millán Picouto

O poema dos lustros
Ourense, 1984



Na memoria de
Bautista Álvarez

